Os obxectivos non conseguidos son non poder realizar as audicións en vivo, e en particular a segunda que se suspendeu pola pandemia o mesmo día en que actuaban. Outro obxectivo que non progreso o seu o duo de violín e gui-tarra debido a que este último alumno deixou de asistir xa no primeiro trimestre. O departamento puido recolocar á violinista noutro grupo e con outro profesor.

Leonardo Blanco:

A referida situación de pandemia motivada polo Covid-19 impediu que se cumpriran unha parte importante dos obxectivos do curso, en concreto, a realización de dous concertos programados para os días 22 e 29 de abril no Auditorio "David Russell" do CMUS Profesional de Vigo e no Auditorio "Martín Códax" do CMUS Superior de Vigo, respectivamente. Foi unha mágoa non poder levar a cabo estes concertos que supoñen un dos obxectivos principais desta materia: a interpretación da orquestra en público. Unha vez suspendidas as clases e, vendo que non tiñamos expectativa de reanudación inminente das mesmas, propuxen un traballo de repaso das obras traballadas así como un traballo de



investigación voluntario relacionado co repertorio estu-diado. Decir que dos 35 alumnos da materia, algúns deles realizaron envíos de extractos en vídeo nal-gúns casos, de traballo de investigación, noutros, ou en algún caso de ambos. No meu informe de seguimento de alumnado de maio fixen referencia á teledo-cencia no marco do traballo orquestral. Decir que esta situación dificulta moito o desenrolo desta materia, sen perxuízo de métodos de traballo ou seguimento virtuais que poden paliar, en parte, a im-posibilidade de levar a cabo a clase ou o concerto en directo.

Sara Peral:

No terceiro trimestre, a situación de excepción vivida pola crise do Coronavi-rus e o seu consecuente confinamento fixeron necesario adaptar a docencia á nova situación para impartir as clases a distancia. No caso da materia de Conxunto, malia as innumerables ferramentas dixitais e tecnolóxicas dis-ponibles, foi moi difícil desenvolver o traballo de conxunto propiamente dito. Permittedo continuar facendo un profundo traballo no repertorio de xeito indivi-dual, traballar con gra-vacións das partes musicais do compañeiro de conxun-to e, mesmo, realizar gra-vacións editadas para superpoñer os vídeos de cada componentes do conxunto simultaneamente. Pero o traballo de comunica-ción xestual, comunicación musi-cal e, en definitiva, de interpretación grupal non foi posible de levar a cabo neste último trimestre. Afortunadamente, si o foi nos anteriores, polo que eses obxec-tivos están alcanzados pese ás cir-cunstancias adversas acontecidas.

Elvira Rodríguez:

Algúns/has alumnos/as non estableceron contacto conmigo en ningún mo-mento do período non presencial (tampouco os seus titores ou titoras no con-servatorio) e polo tanto non chegaron a acadar todos os obxectivos do curso pois lles que-dou unha parte da materia sen traballar (ou a lo menos sen de-mostrar que a traballaron)

Outros decidiron que non tiñan obriga de traballar para a miña materia e así mo



comunicaron pois sabían que aínda así ían aprobar e con iso lles chega-ba, e igual que os do grupo anterior tampouco acadaron os obxectivos com-pletos

Pero aínda así, gracias ás directrices marcadas pola política educativa estes dous grupos antes citados aprobarán a materia no caso de ter os dous trimes-tres anteriores aprobados.

Debo destacar o caso concreto de dous alumnos: María Ramos Balboa non asis-tiu a clase durante todo o curso por estar cursando estudos universitarios en Madrid, me comunicou que deixa a materia para setembro. Roberto Mariño Cé-sar é un caso diferente, neste caso descoñezo as razón polas que dende de-cembro non asiste a clase e aínda que si fixo a proba de perda de avalia-ción non acadou a nota positiva pois a súa proba foi moi deficiente.

6.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Xose Luís Miguélez:

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro e xes-tión da crise sanitaria a nivel académico e organizativo, colaboración entre departa-mentos e co equipo directivo para a organización de actividades, bo ambiente de traballo.

Susana Blanco:

Mellor funcionamento das gardas. Moi boa xestión da organización das reunións do departamento de conxunto.

Iago Lariño:

O documento do seguemento do alumnado e o uso do correo electrónico/centros net para a comunicación tanto co centro coma cos profesores e alumnado. Por extensión, a organización xeral do centro.

Berta Fresco:



A organización xeral é moi boa

Andrea Álvarez:

A organización e planificación.

Boa comunicación.

Oscar Davila:

As audicións trimestrais durante tres semanas.

Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tem-pos.

A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo no periodo de confinamento pola enfermidade do Covid-19.

Proxecto “soa dende a casa”, desenvolto no terceiro trimestre que permite ao alumnado e ao profesorado facer unha homenaxe as persoas que traballan contra a pandemia e ás que a sufriron.

Óscar Abel Sánchez:

Gran capacidade de traballo e diálogo entre compañeiros, equipo directivo e persoal do conservatorio.

Excelente atención e axuda para calquera necesidade.

Felipe Agell:

Moi bó ambiente e cordialidade entre os compañeiros. Cabe destacar a labor impecable da directiva do centro.

Jesús Pardal:

Organización e xestión xeral do centro moi boas.

Boa planificación das audicións trimestrais.



Seguimento da programación a nivel departamental boa.

Oscar Rodríguez:

Boa planificación por parte da dirección do funcionamento do curso académico e boa información nesta etapa que vivimos.

Milagros Gómez:

Organización dos espazos, actividades e concertos. Comunicación co profesorado.

David Arroyos:

A organización da docencia da materia de conxunto nunha franxa horaria pechada dende o inicio do curso e organización das audicións de conxunto no mesmo horario das clases.

Saúl Chapela:

Boa organización do calendario e achega dunha axenda do profesorado.

Jose Manuel Fernández:

A organización e planificación das actividades desde o inicio ata o final de curso, docentes e non docentes, reunións, audicións, etc.

Leonardo Blanco:

Persoal de administración e servizos.

Ángel Montes:

A organización.

O bo ambiente de traballo.

Sara Peral:

Valórase moi positivamente a organización do centro a tódolos niveis: planificación do calencario escolar, organización das audicións e actividades. No relativo á miña materia de Conxunto de Piano, a boa organización do conservatorio



e do departamento permitiron, no meu caso, poder realizar as diferentes audi-
cións trimestrais (este ano no primeiro e segundo trimestre), así como tamén a
participación dun dos meus conxuntos en actividades de centro, como foi o caso
do Concerto de Nadal.

Descatar tamén positivamente a forma en que o equipo directivo mantén infor-
mado en todo momento ó profesorado de todas as cuestións relacionadas co
centro e a actividade lectiva. É unha constante e unha característica do equipo
directivo que merece mención.

Elvira Rodríguez:

O equipo directivo do centro nos foi informando puntualmente de todas as deci-
sións que foron tomando seguindo as normativas que ían chegando da xunta co
que sempre en todo momento estivemos informados e tranquilos de que os pa-
sos que dábamos como traballadores eran correctos con respecto á normativa
(polo menos no meu caso o sentín así). Aínda que as normas oficiais que ían
chegando non eran de todo claras e moitas veces utilizaban termos interpreta-
bles de distintos xeitos o feito de que a directiva do centro asumira a responsa-
bilidade de interpretar eses textos facilitou a nosa laboura.

Tamén se nos permitiu un alto grao de liberdade á hora de contactar co noso
alumnado e levar a cabo as nosas obrigas como profesores.

Esta liberdade permitiu, a lo menos no meu caso, o desenvolvemento do en-xeño
para poder acadar os obxectivos nunha materia tan problemática (neste aspecto
claro está) como é o coro, pois como todo o mundo sabe unha materia de coro
so ten sentido cando se traballa en grupo.

Aínda así atopei o xeito de que o alumnado que o desexase (case todos) pui-
dese cantar con algo parecido a un coro as cancións que estaban a traballar,
mediante gravacións das voces en grupos de tres para que cada alumno ou
alumna cantara acompañado das restantes voces.



Experiencia que resultou bastante positiva, aportándome información que en circunstancias normais non sempre é doado conseguir.

6.3.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Xose Luís Miguélez:

Ante a caída, nos últimos anos, do número de alumnos, sería bo abrir accesos a cursos intermedios dos estudos profesionais, tanto en gaita como en acordeón, polo menos nos dous cursos seguintes.

O departamento, e en concreto acordeón, pide afinar o acordeón pequeno de botóns Pigini. Asimesmo recomenda vender o acordeón de teclas pequeno, xa que non se lle dá uso. Co diñeiro de ese acordeón poderíase mercar outro tipo máster 58B, 58 notas man dereita, 120 Baixos esquerda, 4 voces, 2 en Cassotto, 15 manuales, 6-8 Mentoneras e 15 registros manuais.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves. A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

Pilar Simeó:

As clases levaronse con normalidade agás no terceiro trimestre por mor do covid. Aínda con dificultades o alumnado mostrou interese e esforzo no seu traballo, e tamén valorando o labor de todo o profesorado, por iso desde aquí mostrar o meu agradecemento.

Susana Blanco:

Máis espazos para as audicións do departamento de conxunto. Hai franxas horarias nas que hai que apretar moito os tempos e o estrés que conleva a xestión do espazo fai que se estea máis pendente de cumprir os tempos que de atender



ben á propia audición dos alumnos. Máis actividades de forma-ción para o profesorado, sobre todo no que se refire ás Tics.

Iago Lariño:

Colocar unha reforzo na parede da aula para evitar que o golpeo inevitable ao colocar os atrás contra esa parede siga estropeándoa. Colocar tamén, se fose posible, unha pequena pizarra no posto do director para poder empregarla durante a clase xa que polo elevado alumnado da aula a pizarra con rodas ten que estar situada nunha das paredes laterais.

Esta situación na que nos encontramos penso que pode ser unha boa oportunidade para realizar un protocolo de uso de aula e material para evitar as aglomeracións na entrada e na saída da aula e ademais deixe claro o xeito e o sitio onde gardar tanto as cadeiras como os atrás.

Berta Fresco:

Especial covid: A situación de confinamento atenta de pleno coa asignatura de Música de Cámara, polo que foi completamente imposible levar a cabo clases propias da asignatura. Para compensar iso, pedín aos alumnos gravacións da obra a tocar, e eu avalieina. Humildemente non coñezo outra alternativa

Oscar Davila:

Formación do profesorado en grabacións de audio e video.

Formación do profesorado en clases online (Webex)

Felipe Agell:

Mais posibilidade de facer actividades fora do centro, convenios co concello, auditorios, museos..

Jesús Pardal:

Tentar que os alumnos cando toquen nas audicións programadas polo centro, non teñan antes ou despois un exame dalgunha materia, se tocar en público



pode supoñer tensión maior será polos exames, e se teñen medo escé-nico pode ser terrible. Un dos obxectivos específicos das ensinanzas de música é actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Oscar Rodríguez:

Propoño a creación dunha estantería como a do auditorio para a colocación dos atriles nas aulas para as diferentes orquestras do centro e, se é posible, móbil.

Milagros Gómez:

No tocante á asignatura de CORO sería desexable, agora máis que nunca, ter un espazo máis amplo onde poder facer as clases, xa que se trata dun grupo moi numeroso e é moi difícil poder facer un ensaio axeitado debido á falta de espazo físico. Sería perfecto ter un aula máis grande, luminosa, ben ventilada, con colchonetas, con espazo para facer exercicios de respiración no chan, con espellos para o alumnado e piano/teclado de fronte ós alumnos, e por suposto, baixar a ratio dos grupos de Coro para poder facer un traballo máis individualizado do que se fai habitualmente.

Saúl Chapela:

Revisión do repertorio orientativo de música de cámara, consultando ó profesorado de cada especialidade implicada, para asegurar que se adapta á dificultade de cada curso.

Jose Manuel Fernández:

Na miña opinión a dirección do centro debe xestionar que haxan en activo polo menos dous profesores de viola si se quere chegar a ter grupos de cámara y as dúas orquestras co seu persoal equilibrado.

Leonardo Blanco:

Farei referencia a dúas cuestións: a primeira, a infraestrutura do aparcamento é insuficiente en relación ao persoal do centro nas franxas de tarde, que supón moita incomodidade á hora de chegar ao centro, e a necesidade de interrompir



clases frecuentemente por ter que mover os vehículos...compre articular medidas que axuden a mellorar o caos que se rexistra en determinados momentos nesta zona da infraestrutura. Por outra banda, compre darlle un novo pulo ao centro a nivel artístico, e situar aos alumnos e alumnas como os auténticos protagonistas do centro.

Ángel Montes:

Adquisición de instrumentos de pequena percusión.

Dispoñer dun saxo barítono máis para non ter conflito coa Banda E.

Sara Peral:

O confinamento puxo sobre a mesa diferentes formas de traballar e de impartir docencia, así como fixo xurdir outros tipos de actividades. Podería ser interesante, nunha futura volta á normalidade, a instauración de algunhas TICs na realidade docente diaria mediante o uso de ferramentas e recursos dixitais ou manter algunhas das actividades que resultaron positivas, como, por exemplo a realización de gravacións de interpretacións por parte de alumnado e profesorado para compartir a música noutros canles distintos dos concertos presenciais e en vivo.

Elvira Rodríguez:

Hai un par de cuestións que me gustaría resaltar:

Quero destacar negativamente a falta de interese ou preocupación (e polo tanto a negligencia laboral) dos titores do meu alumnado de coro pois en ningún momento preguntaron ou informaron sobre as anotacións no seguimento, sobre todo nos casos nos que eu, como profesora tamén dese alumnado, debería ter algunha clase de explicación porque as cousas non ían ben.

Por último me gustaría resaltar o comportamento da maioría do alumnado, aínda a pesares da inmensa carga de traballo a que se viron sometidos por parte da maioría do seu profesorado (refírome especialmente á ensinanza ordinaria,



ESO, bacharelato, universidade). A gran maioría do alumnado respostou positivamente á miña proposta de traballo. Tamén debo sinalar que en moi poucos casos tiveron problemas de comunicación co alumnado. Tres ou catro alumnos que non se puxeron en contacto conmigo en ningún momento e un que me comunicou que non quería adicar tempo ás miña materias (concretamente conmigo dúas).

6.3.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Xose Luís Miguélez:

Celebración de dúas audicións e unha audición de aula de grao profesional de gaita e dúas audición de aula de grao elemental de gaita. Asimesmo, de-bido á crise sanitaria organizábase unha audición virtual onde cada estudantes de grao profesional envía un video que aloxamos nunha carpeta online para que todos teñan acceso á visualización das gravacións dos compañeiros. En todas as audicións inclúense agrupacións de conxunto.

Colaboración co departamento de dinamización da lingüa galega nas distintas actividades organizadas no curso 2018-19, que finalmente non foron levadas a cabo pola suspensión da actividade lectiva, a excepción do concerto do magosto, onde participan grupos de conxunto do departamento.

Os estudantes de acordeón organizaron dúas audicións de conxunto ao lon-go do curso.

Participación na actividade "O CMusProfesional soa desde casa"

Pilar Simeó:

Lamentamos non poder ter levado a cabo o proxecto no bico un cantar coa participación do coro.

Iago Lariño:



Realización dun intercambio co CMUS de Santiago de Compostela que non se puido chegar a realizar pola suspensión da actividade lectiva presencial.

Andrea Álvarez:

Participación nas audicións do 1º e 2º trimestre.

Oscar Davila:

Participación da Banda de Jazz no proxecto “soa dende a casa” cun video da peza Night train de Forrest, arr. Higgins

Edita Shulman:

Participación en Concierto de Nadal 18.12.2019

Audición realizada 6.02. 2020

Oscar Rodríguez:

No departamento realizáronse un total de tres (3) audicións dentro do plan de audicións do curso, un por trimestre. En xeral os alumnos/as desta especialidade participaron en as audicións propostas polo conservatorio e as actividades extraescolares propostas polo centro, agás as do terceiro trimestre que se suspenderon polo mencionado CV-19, sendo substituídas por gravacións de vídeo individuais para a súa posterior edición.

Milagros Gómez:

Concerto de Nadal na igrexa de San Antonio da Florida, xunto co Coro Infantil, o Coro II e o Coro Miñooca ma non toppo. Día 18 de decembro de 2019, 20:15h.

Tiñamos programado un concerto xunto co Coro Infantil dentro das actividades da semana das Letras Galegas, con repertorio íntegramente galego por parte de ambas agrupacións. Non se puido levar a cabo por razóns obvias.

Leonardo Blanco:



Tal e como se comentou, a Orquestra B fixo un concerto público o día 21 de decembro, e os dous previstos para os días 22 e 29 de abril, foron cancela-dos.

Ángel Montes:

Concerto de Música de cine e televisión no auditorio David Russell o 23 de xa-neiro de 2020.

Sara Peral:

Durante o curso 2019-2020 o alumnado dos moeus conxuntos de piano fixo di-versas audicións.

No primeiro trimestre, un conxunto participou nunha das audicións do depar-tamento e ambos conxuntos participaron na miña audición de aula. O con-xunto de 4º tamén participou no Concerto de Nadal do conservatorio.

No segundo trimestre, o conxunto de 4º fixo a audición simultanea á súa de ins-trumento. A audición do conxunto de 1º foi suspendida.

No terceiro trimestre, coa situación de excepción e o confinamento, fixemos unha audición dixital mediante a elaboración dun vídeo coas gravacións de todo o meu alumnado. As gravacións dos conxuntos foron editadas a simul-taneadas.

Ademáis, o conxunto de 4º enviou un deses vídeos editados para superpoñer as interpretacións á actividade do conservatorio "O CMUS soa dende casa".

Mª José Arestín:

Realizacei unha audición con todos os meus alumnos de Conxunto no Audi-torio o día 21 de Febreiro.



6.4 Departamento de Corda

6.4.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

139 alumnos

-Alumnado por materia

Violín: 16+14+15+16+19

Viola: 18+

Violoncello: 14+ 11+ 4

Contrabaixo: 12

6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

José Manuel Fernández:

Os meus alumnos de violín realizaron un curso na súa maioría de moi bo a excelente, un dos mellores cursos en rendemento que lembro. Creo que o contacto directo e bastante constante con gravacións e vídeo chamadas en case todos produciu un efecto moi positivo en esforzo e tempo de dedicación. Curiosamente na corentena puiden rendibilizar moito máis o tempo deles e o rendemento foi sobresaliente.

Leonardo Blanco:

Debido a esta situación excepcional que estamos a vivir, foi posible acadar unha parte dos obxectivos propostos. En primeiro lugar, un bo clima de traballo con todos/as alumnos/as dentro do traballo académico do día a día na aula. Conseguiuse acadar un certo nivel técnico tendo en conta o curso e as características do alumnado, a través do traballo dos diferentes contidos técnicos ou artísticos



en función de cada curso. A partir do 13 de marzo, utilizouse a teledocencia como método de seguimento a través de diferentes plataformas e aplicacións. O envío de vídeos, através de WeTransfer, GoogleDrive, OneDrive ou WhatsApp foi dun volumen considerable e foi complementado con contacto telefónico frecuente, grupos de WhatsApp, correos electrónicos, vídeo chamadas por WhatsApp ou Facetime ou por vídeo conferencia a través de Cisco Webex Meetings. Todo isto serviu para paliar en parte a situación motivada pola suspensión das aulas e para motivar ao alumnado á hora de estudar e non perder o contacto co instrumento.

Marcos Escobar:

Todos.

Edita Shulman:

15 alumnos con notas positivas.

I trimestre: Obxectivos acadados según Programación Didáctica

II Trimestre: Obxectivos acadados según Programación Didáctica

Mykolas Pocius:

Os que figuran na programación.

Belén Ferreiro:

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, durante este curso académico acadáronse aqueles obxectivos pertencentes ao 1º e 2º trimestre, con algunhas excepcións.

Fernando Arenas:

Os propostos na programación ata o mes de marzo. Despois debido o confinamento polo coronavirus, cumpríronse en menor medida pola dificultade de ensinanza a través das plataformas dixitais.

M^a Isabel Figueroa:



En xeral, os reflectidos na programación. Dada a circunstancia actual de crise sanitaria, o ritmo habitual das aulas presenciais veuse interrompido pola necesidade de habilitar outras canles para o desenvolvemento da actividade lectiva, totalmente dependente de recursos tecnolóxicos, como foron:

O uso de gravacións (e posteriores correccións pola miña parte) con todo o alumnado, videoconferencias con algúns alumnos e alumnas (método que resultou nalgúns casos imposible pola irregularidade de calidade do sinal, e que fixo imposible a súa realización con todo o alumnado), chamadas telefónicas (para orientación e aclaración de dúbidas) e correo electrónico (para orientación, aclaración de dúbidas e envío de materiais)

Ademáis do anteriormente exposto, foi necesario traballar sobre outro obxectivo sobrevido pola situación, como foi o feito de manter a motivación e a adherencia á actividade, para o que foron realizadas diversas propostas didácticas a través dun grupo de whatsapp co alumnado (ver “Actividades extraordinarias e complementarias”)

Susana Blanco:

A pesares da cancelación das clases presenciais a mediados de marzo, con moito esforzo por parte dos alumnos, acadáronse todos os obxectivos para o curso. O traballo de xeito telemático e a implicación tanto dos alumnos como das familias permitiu minimizar as consecuencias desta excepcionalidade.

Oscar Rodríguez:

Os expostos na programación. Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento independentemente da nova dirección que o curso tomou no terceiro trimestre debido á pandemia por CV-19 desde o 13 de marzo completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo en algúns casos.



-Obxectivos non acadados

José Manuel Fernández:

Dúas alumnas non funcionaron ben, xa vén de atrás. En ambos os casos fáltalles esforzo e tempo de dedicación ao instrumento. creo ten un baixo nivel, que pon en cuestión que non fan todo o necesario e o seu nivel é baixo e mesmo nun caso é insuficiente.

Leonardo Blanco:

A situación de suspensión das clases, motivada pola pandemia do Covid-19, supuxo que non se cumpriran boa parte dos obxectivos fundamentais na formación dun instrumentista, en concreto o debido control en directo da evolución técnico-artística coa debida regularidade, os ensaios coa pianista acompañante ou a interpretación en público das obras traballadas. A audición prevista para o 18 de marzo foi suspendida así como a data alternativa de abril concertada coa vicedirección tampouco foi posible levala a cabo. É moi difícil substituír virtualmente as clases presenciáis coas debidas garantías, xa que, a día de hoxe, a tecnoloxía precisa de melloras que poidan optimizar estes procesos a nivel de continuidade do son e da imaxe. Este foi un dos motivos polos que utilicei, preferentemente, o seguimento a través de vídeos con comentarios a posteriori.

Marcos Escobar:

Ningún.

Edita Shulman:

III Trimestre non todos os Obxectivos acadados debido a interrupción das clases por Covid-19

Ningún Obxectivo acadado durante todo o curso con un alumno de 3ºGE (repetidor) por acudir ás clases só formalmente, sen preparación ninguna.

Belén Ferreiro:

En xeral, os obxectivos previstos inicialmente para o 3º trimestre. O feito de ter



que dar clases dun xeito non presencial dificultou enormemente a introdución de novos aspectos técnicos e musicais nos últimos dous meses. Estes obxectivos serán traballados no inicio do vindeiro curso.

Fernando Arenas:

Os alumnos do primer curso do grao elemental, non poideron profundizar nos contenidos do primer curso, pero chegando aos contenidos mínimos da programación, debido as dificultades orixinadas polas plataformas dixitais e non poder realizar as audicións finais de segundo e o tercer trimestre.

M^a Isabel Figueroa:

Durante os dous primeiros trimestres, non foron detectados obxectivos non acadados fóra do habitual dentro das casuísticas particulares de cada alumno.

A final do 2^o trimestre e co gallo da crise sanitaria e o confinamento nas casas, cómpre destacar que moitos aspectos relativos á corrección postural, calidade de son e de afinación que foron moito máis difíciles de valorar, corrixir e comentar, dadas as circunstancias.

Por outra banda o traballo de memorización do repertorio foi realizado con normalidade durante os dous primeiros trimestres, pero durante o confinamento foi máis difícil promover o estudio de memoria, nin eu presionei para que o fixeran, xa que a maioría deles estivo sobrecargado de traballo do colexio ou instituto e eu non quería engadir máis presión.

O alumno Pablo Ledo de 6^o GP foi o que tivo un rendemento máis irregular durante o curso. Sendo un alumno moi musical e motivado, arrastra certos problemas de tensión física e coordinación que ás veces impiden un fraseo natural e un control do son axeitado. Ademáis, coincidiulle estar cursando 2^o de Bacharelato, coa correspondente carga lectiva engadida e á presión das probas de Selectividade. Aínda así, acadou os contidos mínimos da asignatura na convocatoria ordinaria.



O resto das alumnas presentou unha seriedade no estudio e unha eficacia no rendemento de bo a moi bo, tendo as conta as circunstancias.

Por último, en relación ás clases colectivas no departamento, debo referir que este ano, no que eu tiña a posibilidade de organizar unha colectiva de GE e outra de GP, non fun quen de facelo. O feito de ter a posibilidade de tocar na orquestra de GE é máis atractiva para a meirande parte do alumnado de elemental que está disposto a vir unha hora máis á semana ao conservatorio. Co alumnado de GP pasa algo parecido, pero por motivos diferentes: este perfil de alumno está sobrecargado de deberes e tarefas e non está disposto a asumir unha hora lectiva a maiores todas as semanas (aínda que sí son partidarios de ter esa posibilidade para traballar algúns dúos ou facer algún grupo pequeno de violoncellos, pero de forma puntual no curso). Dadas as circunstancias, adiquei esas dúas horas semanais á facer aulas de reforzo para quen o pedise ou necesitase, e tamén para incidir no traballo de algún aspecto específico que non dera tempo a traballar na aula semanal individual (escalas, golpes de arco) ou traballar repertorio con dous cellos (sonatas barrocas, algún estudio, etc.)

Susana Blanco:

Realizar as audicións finais de xeito presencial.

Oscar Rodríguez:

Só un alumno de 1GE non completou os obxectivos do terceiro trimestre, xa arrastrou dificultades coa aprendizaxe durante o curso, o que se agravou aínda máis coa situación provocada pola suspensión das clases e, aínda que foi controlada constantemente polos medios empregados (aula virtual), non cumpriu os obxectivos para este curso en su totalidade.

6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

José Manuel Fernández:

A organización e planificación das actividades desde o inicio ata o final de curso,



docentes e non docentes, reunións, audicións, etc.

Leonardo Blanco:

Persoal de administración e servizos.

Marcos Escobar:

Moi boa organización en xeral, en particular quero destacar o impecable desenvolvemento desta extraña e complexa situación de confinamento por parte da directiva.

Belén Ferreiro:

A anticipación coa que se informa de todas as cuestións académicas.

Fernando Arenas:

A organización en xeral

M^a Isabel Figueroa:

Os relacionados coa flexibilidade e o apoio ao profesorado na realización das actividades durante os dos primeiros trimestres (que se desenvolveron con normalidade), pero tamén dende o confinamento, dado que as instrucións da Consellería chegaron sempre máis tarde do que necesitabamos. Ademáis, destacar a eficacia no seguimento do alumnado e o proceso de avaliación.

Oscar Rodríguez:

Boa planificación do curso académico por parte do equipo directivo e moi boa información neste período de confinamento debido ao CV19.

6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

José Manuel Fernández:

Na miña opinión a dirección do centro debe xestionar que haxan en activo polo menos dous profesores de viola si se quere chegar a ter grupos de cámara y as dúas orquestras co seu persoal equilibrado.



Conviría reflexionar con tranquilidade e en aras de atopar un mellor equilibrio nas normas dos profesores pianistas acompañantes. Entendendo, que aínda que son moi necesarias, creo que deben ter tamén contemplar a lóxica e flexibilidade cando a obras de acompañamento son sinxelas, ó formen parte do repertorio habitual. Esta flexibilidade é necesaria sobre todo cando se trata de alumnos dos cursos iniciais de grado elemental

Leonardo Blanco:

Farei referencia a dúas cuestións: a primeira, a infraestrutura do aparcamento é insuficiente en relación ao persoal do centro nas franxas de tarde, que supón moita incomodidade á hora de chegar ao centro, e a necesidade de interrompir clases frecuentemente por ter que mover os vehículos...compre articular medidas que axuden a mellorar o caos que se rexistra en determinados momentos nesta zona da infraestrutura. Por outra banda, compre darlle un novo pulo ao centro a nivel artístico, e situar aos alumnos e alumnas como os auténticos protagonistas do centro.

Marcos Escobar:

Secundo totalmente as propostas de ampliación do centro propostas na Memoria de Renovación da dirección. Asimesmo me gustaría que se estudiara a posibilidade de xeralizar o teletraballo de modo parcial nas asignaturas que o permitan. En certos aspectos pode axudar non só á conciliación da vida persoal do profesorado, senón á propia organización dos espazos do centro, aliviando par de da sobrecarga horaria de certas franxas e días.

Edita Shulman:

Ter máis marxen para horarios das audicións oficiais.

Belén Ferreiro:

Na aula C3 hai unha viola de 13'' á que non se lle da ningún uso, xa que normalmente o alumnado dispón do seu propio instrumento. Hai que ter en conta



que durante os primeiros anos as alumnas cambian de instrumento cada ano, según van medrando. Penso que sería unha boa idea plantexarse a opción de poder prestar o instrumento durante un curso académico. O feito de que esté no armario ano tras ano só serve para que se deteriore, e para moitas familias o aforro que supón prescindir de cambiar a viola durante un curso sería moi positivo. Por iso agradecería que se valorase a posibilidade de incluír esta viola para préstamo externo.

Fernando Arenas:

Seguir mantendo a orquestra infantil que iniciou a seu camiño no presente curso.

Manter ou incrementar o presuposto para o departamento para o mantemento de instrumentos e arcos.

Dadas as actuais circunstancias por o covid 19, sería interesante instruír ao profesorado e dotar o centro dos medios necesarios para impartir docencia por medios telemáticos.

M^a Isabel Figueroa:

Dada a situación que vimos de vivir, vexo vital a necesidade de formación en teledocencia e uso de plataformas e ferramentas necesarias en caso de hipotéticos confinamentos de cara ao vindeiro curso (e seguintes).

Asimesmo, creo necesario revisar e implementar a dotación de aula con máis sillas cortadas para o alumnado de GE (xa que foron desaparecendo pouco a pouco e supoño que estarán distribuídas entre diferentes aulas o no backstage do auditorio) e correas para o chan.

É necesario máis material bibliográfico como métodos e partituras para ter na aula. Hai bastante material na biblioteca, pero nas clases moitos de nós empregamos os materiais da nosa propiedade. Coa premura do confinamento quedei sen os meus propios materiais na casa, e tiveron que conseguir material en pdf en internet ou a través de colegas doutros centros, ademais de ser outras editoriais



e ter que revisar arcos e dixitacións (un traballo que xa teño feito para as clases).

A afinación do piano da aula A1 debe ser máis frecuente, porque cara ó final do trimestre a afinación é demasiado irregular como para que se poda ter o piano como un referente para a afinación.

Os horarios de audición ás 15'00 horas da tarde non son axeitados para a maior parte do alumnado, porque son incompatibles cos seus horarios de instituto ou horarios familiares.

Por último, un ano máis, solicito revisar o procedemento de empréstimo dos instrumentos e valorar algún sistema que permita que os violoncellos pequenos do centro se podan emprestar, (de forma regulada e controlada) ao alumnado en caso de reparación do seu, encerdado do arco ou cambio de tamaño de instrumento. Entendo os problemas que pode traer o tema dos seguros, pero a día de hoxe, cando un alumno leva o instrumento ao luthier, depende de que este lle empreste outro instrumento, ou ten que vir a estudar ó conservatorio, o que non sempre é posible. Deste xeito se lle daría un servizo ao alumnado nesta situación e os instrumentos do centro estarían en uso e por tanto non quedarían xordos.

Susana Blanco:

Mellor funcionamento das gardas.

Máis espazos para as audicións do departamento de corda. Máis actividades de formación para o profesorado, sobre todo no que se refire ás Tics.

Oscar Rodríguez:

1-) Propoño retomar as audicións de G.E:

Xa que é difícil de organizar sen afectar as clase grupais, que non se fagan audicións por departamento como GP senón por curso académico, mesturando o diferentes instrumentos xa que pode ser máis divertido e interesante para os estudantes de G.E.



2-) Propoño dado o bo resultado pedagóxico que tivo as clases de colectiva orquestra de corda co alumnos de 2GE, 3GE o 4GE, seguir con esta idea pra garantir o desenvolvemento e o bo funcionamento do alumnado de corda friccio-nada.

3-) Debido ao uso constante do material da clase (instrumentos, arcos, etc) , necesítase a reparacións de un arco modelo frances 3/4 o a compra de un no caso de non ter arranxo, pra o uso na clase, reparación dun forro de contraabaixo por roturas debido ao seu uso constante (préstamo), e a compra doutro para un baixo de ¾, para a súa correcta protección e unha resina marca NYMAN.

5-) Propoño a creación na plataforma Centros-net, un espazo onde o profesor poida rexistrar o que se fala nas titorías cos pais.

6-) Propoño a recuperación dos días de portas abertas que se facían antes (Os profesores implicados esperaban nunha aula asignada para mostrar ao público o seu instrumento, sen necesidade de interromper a clase de ningún alumno) creo que é máis eficaz no caso de os instrumentos como o contraabaixo.

6.4.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

José Manuel Fernández:

Propoño que se desenvolva un plan de que os nosos propios alumnos sexan promotores do interese polo estudo dos instrumentos e da música en xeral.

Si involucrámonos no noso departamento e faio o centro como institución, poderíamos chegar a través dos nosos alumnos ás aulas de moitos colexios de Vigo

É inconcibible que nunha cidade de máis de 280 mil habitantes, cada curso para as probas de acceso a 1 G.E.habitualmente apenas se presenten menos de 20 aspirantes ás mesmas.

Leonardo Blanco:

Neste curso 2019-2020, dende o departamento de corda do CMUS Profesional



de Vigo, fomos quen de por en marcha a Orquestra Infantil do centro, unha actividade extraescolar que supuxo un fito moi importante e estratéxico polo que pode supor de cara a formación dos nosos estudantes de instrumentos de corda. A presentación deste conxunto tivo lugar o día 21 de decembro de 2019, baixo a dirección de Óscar Rodríguez Calvo, e coa colaboración de Fernando Arenas Villarroel e de min mesmo. A suspensión das aulas supuxo que non se puidese levar a cabo un concerto fora do centro e, grazas á iniciativa de Óscar Rodríguez Calvo, fíxose, durante o mes de maio, un montaxe de vídeo dunha das pezas traballadas durante o curso. Quero agradecer dende aquí a Óscar o seu traballo de edición deste fermoso recordo, enviado ao centro para a súa publicación, así como ao alumnado e ás súas familias, por prestarse a colaborar na grabación dos vídeos con claqueta.

Marcos Escobar:

Fixemos 4 audicións, 3 no auditorio e 1 de aula, para escalas e estudos.

Edita Shulman:

I Trimestre 12.12. 2019 Audición GP, 13.12. 2019 Audición GE.

Participación de todo alumnado.

II Trimestre 13.03.2020 Audición GP.

Participación de 2 alumnos en Concierto de Entroido

Belén Ferreiro:

Audicións realizadas

6 de novembro: audición técnica na aula B11

19 de decembro: Auditorio

5 de febreiro: audición técnica na aula B11

Audicións canceladas:

12 e 16 de marzo



Fernando Arenas:

A posta en marcha da orquestra infantil supuso para o departamento unha renovación de ilusión e interese por parte de todo os profesores e moito mais pola parte dos alumnos de grao elemental coa actuación dun concerto no trimer trimestre e la elaboración dun montaxe feito por de Oscar Rodríguez, director da orquestra, no tercer trimestre pola causa do coronavirus e o confinamento.

M^a Isabel Figueroa:

Durante os dous primeiros trimestres foron organizadas as correspondentes audicións do alumnado de GE e GP, no que participou a meirande parte do alumnado (incluso algunha alumna participou en máis dunha audición por trimestre).

Ademais, durante o primeiro trimestre, e debido a realización do TFM do Máster de Psicoloxía para Músicos da UNED que estaba a cursar, solicitei a autorización para realizar unha proposta didáctica con todo o alumnado que teño adscrito, que se desenvolveu en catro clases colectivas cun grupo de alumnos (grupo experimental), tendo o resto consideración de grupo control. A finalidade desta actividade era promover o estudo e motivar ao alumnado a traballar aspectos técnicos do instrumento que normalmente o alumnado de Grao Profesional ten preguiza de traballa (escalas, arpejos, dobres cordas e golpes de arco); e obter datos para valorar si este tipo de actividades incrementan a motivación cotidiana do alumnado. Os resultados do estudio foron plasmados en dito traballo, o que posibilitou a obtención do título de Máster.

A partir do confinamento, creei o grupo de whatsapp “Celloncasa”, para organizar outras propostas didácticas de participación voluntaria sen especificación de nivel, que posibilitaron a interacción do alumnado comigo, pero tamén ata certo punto entre eles, o que se relaciona cos contidos transversais e aplicación das TIC’s. Foi improvisado e non planificado dende o inicio de curso, e a idea foi facelo durante os 15 días que duraba o confinamento inicial, pero despois fun aumentando ata o inicio da Fase I de desescalada, o que conformou un total 40



actividades (que creo que pode ser implementado de cara a vindeiros cursos nas clases colectivas, ou noutro tipo de actividades de grupo). A participación e realización das mesmas foi moi positiva aínda que irregular, con alumnado que non participou practicamente nada ata alumnado que participou a diario. Considero que foi unha boa maneira de posibilitar o achegamento a outros contidos musicais que non temos tempo para ver nas clases habituais, pero non por iso menos didácticos ou recomendables.

Para finalizar, nestas últimas semanas do 3º trimestre e a falta de audicións presenciais no conservatorio, o alumnado foi enviando gravacións finais, con consideración de “audicións na casa”.

Oscar Rodríguez:

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2019-20, un por trimestre. Primeiro trimestre (na aula), segundo trimestre no auditorio do centro (un de GP e outro de GE), no terceiro trimestre (un de GE no auditorio do centro e outro con gravacións de vídeo enviadas polos estudantes debido a a suspensión das clases pola referida pandemia). En xeral todo os alumnos de esta especialidade (contrabaixo), participaron nas audicións do conservatorio, así como algúns actividades extraescolares propostas polo centro, agás as do terceiro trimestre que se suspenderon polo mencionado CV-19, sendo substituídas por gravacións de vídeo individuais para a súa posterior edición.



6.5 Departamento de Corda Pulsada

6.5.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

45 alumnos

-Alumnado por materia

Guitarra: 45

Conxunto: 11

R.T.A.: 5

6.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é , como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos meramente técnicos que condúzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiran hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten a esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

Seguimos a realizar as audicións na aula ó final de cada trimestre. Con estas audicións queremos que os alumnos reforcen a interpretación en público e que os profesores teñamos unha visión máis completa de todo o alumnado do departamento.

-Obxectivos acadados

Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos



elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable, sobre todo considerando a situación extraordinaria derivada do COVID-19 que nos obrigou a realizar a docencia de maneira telemática desde as nosas casas durante todo o terceiro trimestre. Gustaríame suliñar o traballo feito por a gran maioría dos alumnos que a pesares da pouca experiencia que todos tiñamos na “teledocencia”, eles e nós, fixeron o esforzo de seguir en contacto e practicando de maneira constante.

-Obxectivos non acadados

En algúns casos, poucos, algún do terceiro trimestre.

6.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización do centro en xeral: Calendarios de principio e fin de curso, audicións , actividades...etc.

6.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Gustaríanos ter Wifi nas aulas de guitarra, o sinal que chega non é suficiente e cando queremos utilizar internet para as clases temos que facelo cos nosos datos.

Observamos que en xeral, ós alumnos de primeiro que teñen 7 ou 8 anos cando empeza o curso lles costa seguir unha hora de clase. Cánsanse enseguida e non aguantan moito tempo concentrados. Por iso pensamos que, se podemos, o ano que ven imos intentar organizar clases de dous alumnos da seguinte maneira: cada alumno elixe o seu horario e despois vemos se poden vir xuntos ás dúas clases, é dicir, veñen á súa e á do compañeiro. Para isto temos que contar coa colaboración dos pais, así que xa veremos. Isto xa o fixemos fai bastantes anos neste centro e funcionou moi ben porque ademais do eido académico reforzaba moito a súa interacción con outros alumnos de guitarra, aspecto que nos parece moi importante e motivador para eles. Durante este curso non foi posible.



Seguimos pendentes da posibilidade de barnizar a guitarra da aula C1.

6.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Neste curso realizamos 3 audicións de alumnos, unha mixta de GE e GP no primeiro trimestre e no segundo unha de GP e outra de GE dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro. No terceiro trimestre non se puideron realizar por estar no estado de alarma e non ter clases presenciais.

Realizamos so dúas audicións de aula no primeiro e segundo trimestres, nas que participou todo o alumnado.

Os alumnos participaron tamén en varios dos concertos que organizou o equipo de actividades: Concerto de Nadal, Concerto nun asilo e Concerto de Entroido.



6.6 Departamento de Linguaxe Musical

6.6.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

O alumnado deste departamento distribúese do seguinte xeito incluíndo as ampliacións de matrícula: 378 alumnos de Linguaxe Musical (71 alumnos de 1ºGE, 65 alumnos de 2ºGE, 68 alumnos de 3ºGE, 51 alumnos de 4ºGE, 59 alumnos de 1ºGP e 64 alumnos de 2ºGP), 255 alumnos de Educación Vocal e Auditiva (71 alumnos de 1ºGE, 65 alumnos de 2ºGE, 68 alumnos de 3ºGE e 52 alumnos de 4ºGE), 20 alumnos de RTA, 7 alumnos de RTA Bilingüe, 16 alumnos de Piano Complementario, 15 alumnos de It.Pedagogía e 15 alumnos da Optativa Música Moderna.

-Alumnado por materia

Linguaxe Musical

Begoña Coello Mó:

1º curso GE 26 alumnos

3º curso GE 30 alumnos

4º curso GE 15 alumnos

Rosa Mª Gayoso Vázquez:

1ºGP

Alumnos	Aprobados	Suspensos/NP
13	11	2

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre): o número de aprobados e suspensos non os inclúo, xa que a nota do 1º trimestre ten únicamente valor informativo

1ºGE: 21 alumnos. Ningunha renuncia.



2ºGE: 23 alumnos (2 procedentes de ampliación de matrícula de 1º a 2º de GE).

Ningunha renuncia.

4º GE: 4 alumnos. Ningunha renuncia.

Total: 48 alumnos. Ningunha renuncia nin pérdida de avaliación continua.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):

1º Curso G.E. : 20 Alumnos. Aprobados: 19. Suspensos: 1.(NP)

2º Curso G.E. : 21 Alumnos. Aprobados: 21. Suspensos: 0.

4º Curso G:E : 4 Alumnos. Aprobados: 4. Suspensos: 0.

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 24 alumnos (21 aprobados, 2 suspensos, 1 suspenso de PAC que non se presentou). 1 ampliación a 2ºGE.

2ºGE: 15 alumnos, 2 de ampliación de 1ºGE (todos aprobados).

3ºGE: 13 alumnos (12 aprobados, 1 suspenso). 1 ampliación a 4ºGE.

4ºGE: 9 alumnos (7 aprobados, 2 suspensos de PAC que non se presentaron).

Cecilia Martínez Iglesias:

2º GE (D): 14 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 14 aprobados; 0 suspensos.

3º GE (A): 12 alumnas/os dos cales suspende 1, sendo así un 91,66% de aprobadas/os. 11 aprobados; 1 suspenso.

1º GP (A): 16 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 16 aprobados.

1º GP (B): 19 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. Neste grupo houbo unha renuncia de matrícula no terceiro trimestre. 18 aprobados e unha renuncia.

2º GP (E): 14 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. Neste grupo houbo uha ampliación a 3º GP no mes de decembro, e tamén chegou unha alumna de ampliación que viña de 1º GP no mes de Xaneiro. 14 aprobados.



2º GP (F): 12 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. Neste grupo houbo un alumno de PAC, pero aprobou a materia sen problema. Tamén hubo unha ampliación á 3º curso de GP no mes de decembro. 12 aprobados.

Gloria Rodríguez Gil:

Linguaxe Musical (Grao Elemental):

13 alumnos/as de 3º: todos/as superaron as materias e con boas notas, salvo unha alumna que deixou de vir a clases xa en decembro e non se presentou ao exame de perda de avaliación continúa.

23 alumnos/as de 4º: todos/as superaron as materias e a meirande parte con moi boas notas.

CLASES DURANTE O CONFINAMIENTO:

Os días 11 e 12 de Marzo impartín clases de xeito normal, o 13 de Marzo cumprín o meu horario no centro pero so impartín 1 clase de RTA, xa que se fixera oficial a suspensión das clases pola pandemia do COVID19, ese mesmo día contactei con todo o meu alumnado para indagar de qué xeito sería máis cómodo para eles e elas seguir recibindo clases dende súas casas. Así pois, a partir do luns 16 de Marzo, as clases foron impartidas do seguinte xeito:

Para Linguaxe Musical formei un grupo de whatsApp por clase (3ºB, 4ºB e 4ºC), e seguimos co noso horario oficial, procedín do seguinte xeito: 1º en 15´ debían GRABAR e mandarme 2 AUDIOS coas tarefas marcadas na clase anterior; 2º en 30´ debían completar e mandarme unha foto por privado coa solución do AUDIO CON DITADO, mentres eu escoitaba 1 a 1 os audios coas tarefas que corruxía individualmente, chamando por tf a quen precisara aclaracións ou simplemente para que cantara conmigo se co audio non era capaz; 3º en 20´ debían completar a ficha de EAV coa axuda dun AUDIO CON DISTINTOS EXERCICIOS AUDITIVOS; 4º en 15´ respondían a PREGUNTAS TEÓRICAS que facía no grupo mentres corruxía os ditados e mandaba as correccións de xeito individual;



5º nos 10´ restantes marcaba as tarefas e enviaba AUDIOS EXPLICATIVOS co estudo pormenorizado da lección en un, e co quentamento vocal e acompañamento noutro.

Ademais 1 vez por semana lles enviaba por correo electrónico, enlaces para practicar entoación, ditados ou teoría, ademais de pdf con fichas para cubrir con exercicios auditivos ou teóricos. A asistencia foi do 100 por 100.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

38 alumnos de 2º GP

Diego Rodríguez Vieites:

24 alumnos de Linguaxe Musical

Aprobados: 21

Suspensos: 3

Anulación de matrícula: 0

Educación Auditiva e Vocal:

Begoña Coello Mó:

1º curso GE 26 alumnos

3º curso GE 30 alumnos

4º curso GE 15 alumnos

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre): o número de aprobados e suspensos non os inclúo, xa que a nota do 1º trimestre ten únicamente valor informativo

1ºGE: 21 alumnos.

2ºGE: 23 alumnos (2 procedentes de ampliación de matrícula de 1º a 2º de GE).

4º GE: 4 alumnos.



Total: 48 alumnos. Ningunha renuncia nin perda de avaliación continua.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):

1º Curso G.E. : 20 alumnos. Aprobados: 19. Suspensos: 1 (NP)

2º Curso G.E. : 21 alumnos. Aprobados: 21. Suspensos: 0

4º Curso G:E : 4 Alumnos. Aprobados: 4. Suspensos: 0.

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 24 alumnos (22 aprobados, 1 suspenso, 1 suspenso de PAC que non se presentou). 1 ampliación a 2ºGE.

2ºGE: 15 alumnos, 2 de ampliación de 1ºGE (todos aprobados).

3ºGE: 13 alumnos (12 aprobados, 1 suspenso). 1 ampliación a 4ºGE.

4ºGE: 10 alumnos (7 aprobados, 1 aprobado de PAC, 2 suspensos de PAC que non se presentaron).

Cecilia Martínez Iglesias:

2º GE (D): 14 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os. 14 aprobados.

3º GE (A): 12 alumnas/os dos cales suspende 1, sendo así un 91,66% de aprobadas/os. 11 aprobados, 1 suspenso.

Gloria Rodríguez Gil:

Educación Auditiva e Vocal (Grao Elemental):

13 alumnos/as de 3º: todos/as superaron as materias e con boas notas, salvo unha alumna que deixou de vir a clases xa en decembro e non se presentou ao exame de perda de avaliación continúa.

23 alumnos/as de 4º: todos/as superaron as materias e a meirande parte con moi boas notas.

Diego Rodríguez Vieites:



13 alumnos de Educación Vocal e Auditiva

Aprobados: 13

Suspensos: 0

Anulación de matrícula: 0

RTA:

Rosa M^a Gayoso Vázquez:

9 alumnos de RTA, sendo 5 alumnos de 4^o curso e 4 alumnos de 6^o curso.

Dos nove alumnos de RTA, sete eran de sección bilíngüe.

Materia	Alumnos	Aprobados	Suspensos/NP
RTA	9	7	2

Gloria Rodríguez Gil:

3 alumnas de 4^oGP

3 alumnos/as de 5^oGP

4 alumnos/as de 6^oGP

Todos/as superaron a materia excepto unha alumna que deixou de asistir a clase xa en decembro (5^o Grao Profesional) e non se presentou ao exame de perda de avaliación continúa. Ademais debo sinalar que 1 alumna de 4^o, 2 alumnos/as de 5^o e 2 alumnos/as de 6^o superaron a materia con 10 e foron propostos para matrícula de honra.

CLASES DURANTE O CONFINAMIENTO:

Para RTA o traballo tamen foi vía whatsApp pero con cada alumno (9 en total) durante 1 HORA individual no noso horario oficial na metade dos casos (os mércores de mañá paseinos á tarde por conveniencia mútua, e as clases das 21h



paseinas ás 17h) e procedín do seguinte xeito: 1º en 15´ debían GRABAR e mandar 2 AUDIOS coas tarefas marcadas na clase anterior, así como mandarme unha FOTO co análise que lles tocara realizar; 2º en 15´ debían transportar e grabar en AUDIO unha peza que lles mandaba en foto ou pdf, mentres eu escoitaba os audios das tarefas e lles corruxía mediante un AUDIO EXPLICATIVO; 3º en 15´ mentres eu escoitaba o audio do seu transporte, preparaban unha lectura a vista no caso dos 4º, unha melodía para cantar e acompañar os de 5º ou un fragmento de orquestra os de 6º; 4º en 5´ respondían a PREGUNTAS TEÓRICAS que lles formulaba en base ao realizado nese día; 5º nos 10´ restantes marcaba as tarefas e enviaba AUDIOS EXPLICATIVOS co estudo pormenorizado das “leccións” e me cercioraba de que o entendían.

Ademais cada 15 días enviábanme un pdf co traballo que lles tocara realizar (reducir, compoñer...). A asistencia foi do 100 por 100.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

8 alumnos

Piano Complementario:

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre): o número de aprobados e suspensos non os inclúo, xa que a nota do 1º trimestre ten unicamente valor informativo

3ºGP: 2 alumnos.

4ºGP: 5 alumnos.

5º GP: 3 alumnos.

Total: 10 alumnos. Ningunha renuncia nin perda de avaliación continua.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):

10 alumnos: Todos aprobados.

1 Perda da avaliación continua pero recuperada polas obras mandadas vía



video.

Miriam Martínez Rodríguez: esta alumna, pese a estar a punto de perder este dereito, pois por causas de forza maior non puido vir ó Cmus, ten un 10 na calificación final polo seu progreso e pola súa interpretación e traballo por escrito achegado.

Cecilia Martínez Iglesias:

6 alumnas/os cun 100% de aprobadas/os, dos cales dous son alumnos de 3ºGP de clarinete e tuba, dúas son de 4ºGP de violín e frauta e dous son de 5ºGP de frauta e saxofón.

Itinerario Pedagoxía:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

15 alumnos

Optativa Música Moderna:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

15 alumnos

6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Begoña Coello Mo:

Nos cursos de 3º e 4º, non se fixeron todos os exercicios contidos no libro, pero practicamente podería dicir que si se conseguiron os contidos da programación, a excepción daqueles que implicaban a realización en grupo.

Rosa Mª Gayoso Vázquez:



Neste curso 2019-2020 plantexei de xeito particular os seguintes obxetivos, que na miña opinión foron acadados:

Poñer en comunicación eficaz toda a materia que abordamos en Linguaxe musical co aprendizaxe instrumental. Para elo fixemos aplicacións prácticas de todos os conceptos tanto teóricos coma prácticos (letura, entoación e ditado) a través da creación musical.

Poñer en comunicación estreitísima a linguaxe falada en todas as súas formas, tanto coloquial coma poética coa linguaxe musical, dado que comparten parámetros e dese xeito utilizar conceptos coma ritmo, verso, estrutura, rima, etc dentro dun contexto musical.

Fomos quen de incorporar a análise coma ferramenta fundamental na práctica musical, tanto na letura coma na escritura (ditados ou mesmo composición) e por suposto a entoación.

Traballar en equipo foi un dos logros mais importantes deste curso tamen, chegando incluso a poder plantexarnos un traballo final coordinado dende as nosas casas dada a situación de confinamento.

Afondar na autonomía do alumnado para a preparación de repentizacións tanto de letura coma na entoación así como na organización do traballo de ditado e a aplicación da análise a un texto musical.

Poñer en valor o discurso persoal a través de exercicios de composición nos que se puxeron en práctica os conceptos aprendidos.

Respetarnos e ter unha convivencia inclusiva, incorporándose cada un dos alumnos dende as súas particularidades que foron tratadas con máximo respecto por parte de todos. Neste grupo tiven a Diana por segundo ano consecutivo, alumna con discapacidade visual, que me plantexou pequenas adaptacións tanto dos espazos da aula como a preparación dun pupitre dobre para poder abrir o libro de lectura, dado o tamaño moito maior ca os dos outros nenos, e ter o seu carón



unha mesa coa máquina Perkins para facer dictado e teoría. Tamen fixen axustes nos tempos de preparación de lectura a primeira vista, dándolle a ela o dobre de tempo dadas as dificultades que plantexa a decodificación da linguaxe musical en Braille. Así mesmo o requerimento de fluidez na lectura foi mais laxo que cos outros alumnos, mentres que nos ditados amosou unha rapidez moito maior que o alumnado vidente. No meu punto de vista a adaptación de Diana á clase e da clase a Diana foi total, mesmo foi nomeada delegada, e moi beneficiosa para todas as partes, “xogando a ser Diana” en numerosas ocasións e discutindo cousas como que pechando os ollos escoitamos e memorizamos a música moito mellor e incluso artellando unha audición conxunta co alumnado de RTA titulada “Cores para Diana” na que todos traducimos as cores a músicas nun exercicio de inclusión total e dándolle formato de conto.

En permanente contacto coa asesora da ONCE e o Director do Centro de Recursos da Once de Pontevedra quero agradecer toda a colaboración e axuda que me prestaron en todo momento.

Alumnado bilíngüe plenamente integrado nas clases.

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre):

Linguaxe Musical: Soamente salientar as dificultades atopadas ao inicio de curso cos grupos de 2º de GE para adecuar os contidos a traballar seguindo a bibliografía obligatoria, xa que no presente curso o departamento propuxo un cambio de libro de linguaxe musical que arrancaba cuns contidos de repaso do 1º curso que non se correspondían cos traballados no curso anterior 2018/19. Como a nova bibliografía daba por supostos e coñecidos varios contidos a nivel de lectura, houbo que crear material específico para traballalos, especialmente no referente á lectura de determinadas células rítmicas e á lectura en clave de fa en cuarta liña, creando un retraso no 1º trimestre no relativo ó inicialmente programado.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):



Linguaxe Musical: todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos requeridos e ademais os contidos, pois estive un por un pendente do seu progreso.

Si que é certo e reseñábel que o nivel do alumnado, agás algúns, é moi atrasado e están un pouco afectados por un TDA xeralizado imaxino que pola falta de profesorado ante a ausencia de Isabel, e outras causas alienas á miña vontade, que unida a que non teño cobertura nin Wifi, e habendo dado as clases individuais, saiga este defecto común de tod@s, oque fai que eu gastara máis enerxía coas explicacións, etc etc.

Nota a ter en conta é que os dous suspensos son porque non queren seguir de momento no Cmus, dito por eles, por iso era o seu NP.

E os de 4º curso, ninguén dos catro ten o nivel desexado para facer a Proba de Acceso, ao menos dous: Guillermo Cabo Iglesias (por un problema de gorxa, pese a que vai moi ben) e Candela Silveira Pérez (esta rapaza non progresa adecuadamente, polo que neste caso si que non é recomendábel que faga a Proba).

Piano Complementario: moi bo progreso ata dos que parecían non acadar os obxetivos desta asignatura complementaria. Moi contento en xeral, e incluso debido ao confinamento, desenvolvéronse moi ben nos aspectos teóricos importantes como a Historia do Piano, e outros como a calidade do son, etc etc...

Milagros Gómez Fandiño:

Nos grupos de 2º, 3º e 4ºGE, tanto en LM como en EAV, acadáronse todos os obxetivos do curso, aínda que será recomendable, no inicio do próximo curso, facer un pequeno repaso das últimas unidade didácticas para reforzar os contidos traballados telemáticamente debido ó confinamento.

No caso de Linguaxe Musical de 1ºGE, acadáronse os obxetivos do 1º e 2º trimestre, coincidindo co inicio do confinamento.

En Educación Auditiva e Vocal de 1ºGE conseguimos, practicamente, acadar



os obxectivos da programación, aínda que se deberían repasar no inicio do próximo curso para reforzar a ensinanza telemática, que nunca é tan efectiva como a ensinanza presencial.

Cecilia Martínez Iglesias:

En xeral na asignatura de LM e EAV tanto no Grao Elemental como no Profesional, acadáronse os obxectivos propostos e deronse os contidos previstos a pesares de ter que facer un terceiro trimestre telemático, con bastantes poucas indicacións por parte da Consellería de Educación.

A ensinanza no terceiro trimestre levouse a cabo combinando materiais e indicacións que se lles enviaba a cada grupo por email, con links a vídeos explicativos, exercicios teóricos, exercicios rítmicos, exercicios auditivos e de entoación a través da miña canle de youtube, xunto cunha clase telemática semanal para cada grupo por video-chamada a través da plataforma Cisco-Webex, co obxectivo de resolver dúbidas e traballar os materiais enviados cada semana.

Se ben é verdade, que os contidos do terceiro trimestre quedaron menos interiorizados debido a dita situación xa que:

- Houbo dificultades para traballar a entoación debido á latencia do sistema Webex e a lentitude de corrixir un a un os traballos do alumnado de xeito telemático.
- Algúns días houbo problemas coa conexión, e algúns alumnos/as non tiñan medios suficientes para traballar de xeito telemático e houbo que buscar outras canles (WhatsApp e chamadas telefónicas) para facerlles chegar os materiais e traballar con eles.
- Ao traballar de xeito telemático, cada contido traballouse con menos exercicios que de xeito normal nas aulas, por iso convén repasar a inicios do curso que ven, os contidos do terceiro trimestre dos diferentes niveis.
- Cabe destacar que as notas son máis altas que outros anos, debido a situación



de confinamento, onde ao non poder avaliar os contidos da 3ª avaliación, algún alumnado que tiña aprobadas a primeira e segunda avaliación entregou poucos materiais ou ningún e non se lle puido baixar a nota, polo tanto, sí se lle subiu a nota ao alumnado que traballou.

Gloria Rodríguez Gil:

Todos os recollidos nas diferentes programacións, salvo os mencionados no apartado seguinte.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Linguaxe Musical: os da programación vixente

Itinerario Pedagogía: os da programación vixente

A Música Moderna: os da programación vixente

R.T.A. 4º curso: os da programación vixente

R.T.A. 5º curso: non se acadou ningún obxectivo pois a única alumna que tiña nese curso deixou de vir a partir de mediados de decembro.

R.T.A. 6º curso: os da programación vixente

Diego Rodríguez Vieites:

A maior parte do alumnado acadou os obxectivos marcados na programación didáctica das asignaturas impartidas. En cambio, o alumnado que, por diversas razóns, non continuou traballando na súa casa ou apenas realizou algunha das tarefas marcadas polo profesor a partires da suspensión das clases presenciais no conservatorio, tan só acadou os obxectivos (todos ou parte dependendo do caso) da primeira e segunda avaliacións.

A parte teórica abordouse ó completo rematando os dous libros de texto nos dous cursos impartidos. A parte auditiva tamén se traballou amplamente durante a fase presencial e a non presencial respectivamente acadando tamén os obxectivos marcados na programación didáctica. No tocante á parte rítmica e de



entoación, os avances foron notables nambaldasúas salientando o feito de que este curso a parte rítmica foi entoada, co conseguinte avance indirecto na entoación e na parte auditiva que esto acarreo. Os libros de texto das partes rítmica e de entoación traballáronse en profundidade abarcando grande parte dos contidos establecidos na programación didáctica de cada unha das asignaturas.

-Obxectivos non acadados

Begoña Coello Mo:

Na materia de EAV no se poido facer a entoación a voces.

Rosa M^a Gayoso Vázquez:

Con respecto ós da programación e dadas as especialísimas circunstancias deste curso, os obxectivos seguintes non foron acadados totalmente:

Conseguir a flexibilidade rítmica que permita abordar a música do século XX.

Lograr corrección na escritura a unha e varias voces.

Coñecer a evolución histórica dos elementos da linguaxe musical.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):

Aínda que todos estén vistos, as escalas no curso de 4º está a verse...Tan é así, que estes días, pese a estar acabado o Curso, comprométome a darlles máis clases por tratarse dun curso especial que ten que facer a Proba.

Milagros Gómez Fandiño:

Conseguir que todo o alumnado de 1ºGE adquirise unha rutina de estudio diario, xa que non están habituados. No caso de Linguaxe Musical de 1º GE, sí que quedaron algúns contidos sen dar, e por tanto, non se acadaron todos os obxectivos do curso. Temos que pensar que son o alumnado de menos idade e que a ensinanza telemática pode ser máis difícil para eles. No meu caso non conseguín traballar as últimas unidades didácticas que comprenden o ensino de: síncope



breve, corchea a contratempo, anacrusa, semicorcheas e ritmos derivados (corchea+dúas semicorcheas, dúas semicorcheas+corchea). No seguinte curso haberá que facer un traballo destes contidos antes de comezar coas unidades didácticas do segundo curso, no caso do alumnado que supera a materia.

Cecilia Martínez Iglesias:

En xeral traballáronse bastante ben en todos os niveis os contidos e obxectivos referidos á lectura rítmica e a teoría, quedando en peor lugar os auditivos e os de entoación tanto en LM como en EAV

Índa que se lles enviou ao alumnado tarefas para traballar contidos auditivos e explicacións, ao non poder facelo presencialmente traballouse de xeito menos riguroso. O mesmo ocorreu coa entoación, ao non poder acompañar harmónicamente ao alumnado e ter que entoar soamente a Capella ou con gravacións.

Soamente un alumno de 3º GE non acadou os obxectivos mínimos de LM e EAV, a pesar das facilidades que se deron neste curso para aprobar debido a situación excepcional. Outros alumnos pasan xustos, especialmente por falta de estudo, co cal terán que traballar moito no curso que ven para non quedarse atrás.

Na asignatura de PC houbo dous alumnos que por non ter piano nin teclado na casa non puideron traballar os contidos do terceiro trimestre. Cos demais traballouse de xeito telemático pero quedaron os contidos harmónicos do terceiro trimestre (estruturas harmónicas, improvisación, cifrado americano) sen traballar, centrándonos máis na técnica pianística e na lectura de pezas.

Gloria Rodríguez Gil:

En 3º de linguaxe musical non cantamos na tonalidade de Sol menor, nin aprofundamos no recoñecemento e construción dos acordes tríada.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Linguaxe Musical:

Unha pequena parte do alumnado non acadou algún que outro obxectivo dos



indicados no punto anterior, esto debeuse a varios motivos:

- . por un lado hai un alumno que non asistiu a clase en todo o curso e tampouco mantivo contacto durante o período de clases non presenciais e polo tanto vai suspender a materia con un 1.
- . algúns alumnos non estableceron contacto conmigo en ningún momento do período non presencial (tampouco os seus titores ou titoras no conservatorio) e polo tanto non chegaron a acadar todos os obxectivos do curso pois lles quedou unha parte da materia sen traballar
- . outros decidiron que non tiñan obriga de traballar para a miña materia e así mo comunicaron pois sabían que aínda así ían aprobar e con iso lles chegaba, e igual que os do grupo anterior tampouco acadaron os obxectivos completos
- . pero aínda así, gracias ás directrices marcadas pola política educativa estes dous grupos antes citados aprobarán a materia no caso de ter os dous trimestres anteriores aprobados.

Itinerario Pedagogía:

Unha pequena parte do alumnado non acadou algún que outro obxectivo dos indicados no punto anterior, esto debeuse a varios motivos:

- . algúns alumnos non estableceron contacto conmigo en ningún momento do período non presencial (tampouco os seus titores ou titoras no conservatorio) e polo tanto non chegaron a acadar todos os obxectivos do curso porque lles faltou unha parte da materia por realizar
- . outros decidiron que non tiñan obriga de traballar para a miña materia e así mo comunicaron pois sabían que aínda así ían aprobar e con iso lles chegaba, e igual que os do grupo anterior tampouco acadaron os obxectivos completos polas mesmas razóns
- . pero aínda así, gracias ás directrices marcadas pola política educativa estes



dous grupos antes citados aprobarán a materia pois teñen dous tercios dos contidos realizados, malia que nesta materia o realmente importante é o traballo da última avaliación pois as outras dúas non son mais que iniciación e sobre todo preparación para o traballo decisivo da materia no 3º trimestre.

Música Moderna:

Unha pequena parte do alumnado non acadou algún que outro obxectivo dos indicados no punto anterior, esto debeuse a varios motivos:

. algúns alumnos non estableceron contacto connigo en ningún momento do período non presencial (tampouco os seus titores ou titoras no conservatorio) e polo tanto non chegaron a acadar todos os obxectivos do curso porque lles faltou unha parte da materia por realizar

. outros decidiron que non tiñan obriga de traballar para a miña materia e así mo comunicaron pois sabían que aínda así ían aprobar e con iso lles chegaba, e igual que os do grupo anterior tampouco acadaron os obxectivos completos polas mesmas razóns

. pero aínda así, gracias ás directrices marcadas pola política educativa estes dous grupos antes citados aprobarán a materia pois teñen dous tercios dos contidos realizados.

. Nesta materia concretamente teño un caso dunha alumna que non vai aprobar pois é un caso de PAC e non realizou a proba extraordinaria como me comunicou ela mesma, neste caso tampouco existiu contacto algún co/a seu/súa titor/a

R.T.A.:

Nesta materia non sendo un par de casos que xa non asistiron a clase en todo o curso, o resto do alumnado acadou todos os obxectivos e traballou ata o final de curso segundo as miñas directrices.



Diego Rodríguez Vieites:

Non se puido rematar a parte final dos libros de texto empregados para a parte rítmica e melódica debido á súa extensión e algúns alumnos non acadaron algúns dos obxectivos marcados na programación didáctica das asignaturas impartidas.

6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Begoña Coello Mo:

Boa organización.

Rosa M^a Gayoso Vázquez:

Valoro moi positivamente a autonomía e liberdade que en todo momento teño para poder introducir xeitos de facer distintos na miña aula como por exemplo a utilización de exercicios de creación musical tanto individuais coma colectivos para potenciar o traballo en grupo e facilitar a expresión propia e persoal de cada un ou adicarmos un tempinho ó inicio das sesións para centrarnos en cómo estamos e o que nos preocupa, introducindo un espazo no que poder expresarse e axudarse mutuamente tendo a posibilidade de coñecer as características de cada un deles. Tamen valoro grandemente a flexibilidade do centro ofrecendo a posibilidade de reconverter espazos de alumnado que non asisitía a clases durante todo o ano en clases de reforzo para alumnado con necesidades especiais.

A facilidade de comunicación en todo momento.

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre):

Moi boa organización e planificación por parte do equipo directivo, especialmente na organización xeral do curso que foi xa entregada ao profesorado no primeiro claustro do curso.



Tamén salientar o bó sistema para a realización de fotocopias enviándoas a través de correo electrónico, agradecendo ao personal de conserxería a súa disposición o corección nesta tarefa.

Juan A. Freitag Gerónimo (2º e 3º trimestres):

Estou satisfeito pola preocupación do Equipo Directivo e pola Xefatura de Departamento porque grazas a eles foi posíbel levar ben estes meses de encerro dando clases, e máis eu, que tiña que facelas individuais polo problema exposto anteriormente.

O alumnado está contento comigo pola tarefa realizada neste tempo tan duro, e cando estive enfermo.

Milagros Gómez Fandiño:

Excelente organización e planificación por parte da dirección, con dispoñibilidade para resolver calquera asunto ou dúbida. Ampla oferta de concertos, audicións. Colaboración entre departamentos para organizar actividades conxuntas, pese á dificultade organizativa que pode xurdir.

No período de confinamento, a directiva defendeu a todo o claustro para garantir a súa saúde, e traballou para que a nosa labor, dende a casa, fose o mellor posible, dando liberdade ó profesorado para utilizar as ferramentas que consideramos oportunas para tal tarefa.

Cecilia Martínez Iglesias:

Gustaríame destacar a boa organización do centro por parte do equipo directivo, con especial atención á situación xerada polo Covid-19 e o respectivo confinamento, onde o equipo directivo comunicou ao profesorado con suma rapidez tódolos cambios e normativas chegadas dende a Xunta, facéndose cargo de boa parte da burocracia dos departamentos, facilitando modelos de documentos para facer o noso traballo burocrático máis sinxelo e deixando liberdade de cátedra a



cada docente nesta situación, sempre con actitude de apoio e tratando de resolver as nosas dúbidas o máis rápido posible.

Tamén cabe destacar a mellora no funcionamento do departamento de linguaxe musical nestes dous últimos anos, elaborando con máis consenso todos os documentos, chegando a acordos máis precisos e con liberdade para poder falar e expresarse.

E por último facer mención ao persoal non docente, que neste centro sempre é moi atento axudándonos en todo o que poden, e facendo a nosa actividade moito máis fácil.

Gloria Rodríguez Gil:

Estou moi contenta cos horarios do curso 2019/20 e gustaríame poder mantelos o curso que ven.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

O equipo directivo do centro nos foi informando puntualmente de todas as decisións que foron tomando seguindo as normativas que ían chegando da xunta co que sempre en todo momento estivemos informados e tranquilos de que os pasos que dábamos como traballadores eran correctos con respecto á normativa (polo menos no meu caso o sentín así). Aínda que as normas oficiais que ían chegando non eran de todo claras e moitas veces utilizaban termos interpretábles de distintos xeitos o feito de que a directiva do centro asumira a responsabilidade de interpretar eses textos facilitou a nosa laboura.

Tamén se nos permitiu un alto grao de liberdade á hora de contactar co noso alumnado e levar a cabo as nosas obrigas como profesores (cousa que non sei si sempre é boa idea, pois non todo o mundo é igual de responsable coa súa laboura, aínda que iso non é culpa do equipo directivo)

Diego Rodríguez Vieites:



A organización do centro por parte do equipo directivo paréceme moi coidada, pensada e nalgúns aspectos innovadora, feito que mellora en grande medida o bo facer do claustro á hora de levar a cabo os procesos de avaliación así como as audicións e diferentes actividades que se desenvolven no centro.

O bo ambiente que se respira no centro polo xeral tamén é un aspecto que valoro moi positivamente xa que facilita a convivencia e a docencia que imparte o profesorado.

O papel do equipo directivo dende a suspensión das clases presenciais no centro é digno de loubanza xa que facilitou en todo momento o bo funcionamento da docencia a distancia grazas ó seu incansable traballo e dedicación, á súa axilidade na toma de decisións e no envío da información e a sempre estar dispoñibles cando se lles precisou para calquera xestión.

6.6.4 **Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro**

Rosa M^a Gayoso Vázquez:

Como propostas de mellora no funcionamento do centro remito as seguintes suxestións:

No relativo ó alumnado en xeral, na miña opinión habería que mellorar a comunicación de alumnos-delegados e tamén en xeral porque apenas existe cultura asamblearia dentro do alumnado. Necesitamos ser capaces de organizarnos colectivamente, imposible facelo como músicos se non o facemos como persoas primeiro. Entendo que esta parte é importante levala a cabo nas materias grupais e nos corresponde en gran medida ós profesores o seu fomento.

No relativo ó tratamento do alumnado con NEE, considero que se está a facer moito traballo pero non queda reflectido e polo tanto a experiencia do profesorado pérdese. Para elo entendo que sería útil:

1. Establecer protocolos que permitan saber a ciencia certa datos coma o diagnóstico completo das necesidades especiais mediante a presentación formal de



documentos,(abrir un protocolo de documentos a presentar no momento da matrícula por exemplo que incluan diagnóstico médico, atención que recibe, centro educativo ó que asiste, etc) así como entrevistas profesorado-alumno-familia para poder obter información tanto sobre as súas necesidades coma as particularidades.

2. Afianzar e sistematizar procedementos que xa de feito se dan na aula:

Co alumnado invidente:

Xestión de horarios-aulas-disposición de materiais (organización do mobiliario das clases, planificación das mesmas, medidas de avaliación adaptadas con asesoramento previo en distintos organismos pertinentes, todo elo xestionado polo profesorado, facendo uso da confianza depositada en nos por parte da dirección do centro)

Co alumnado TDHA:

Xestión moi importante a nivel informativo e colaborativo coas familias por parte do profesorado. Adaptación das dinámicas de clase a súas necesidades especiais de manexo dos tempos-descansos, uso de pictogramas para a planificación e comunicación con eles, etc. Titorías e actividades extraescolares máis frecuentes e facilitadas ás súas necesidades horarias específicas (no caso de alumnado que acuda a colexios de educación especial)

Isabel Gómez Alonso (1º trimestre):

No relativo á implantación das TIC's no centro e nas aulas:

O seguemento mensual do alumnado paréceme moi interesante, pero estaría ben poder implimentalo nunha plataforma dixital, de forma que quedasen rexistrados todos os comentarios de seguemento dun alumno nunha única páxina que recopile a información dese alumno en tódalas materias, é dicir, creando un informe de seguemento individualizado ao longo de todo o curso. Tamén este informe debería ser accesible ás familias.



Creación dunha aula virtual con acceso para cada alumno nas súas correspondentes materias.

Implantación de pantallas dixitais en tódalas aulas de materias teórico-prácticas.

Implantación en tódalas aulas de reproductores de audio ou altosfalantes bluetooth que permitan a reprodución de audio dende un dispositivo externo sen necesidade de ter a grabación en soporte físico (CD).

Crear versións dixitalizadas dos libros empregados polo departamento de linguaxe musical para a súa utilización cas pantallas dixitais existentes en dúas aulas (B2 e B4), xa que neste momento as editoriais musicais non crean versións electrónicas das súas publicacións.

Noutros aspectos, tamén compre salientar:

A realización dos horarios dos profesores do departamento de linguaxe musical deberían facerse con máis tempo, xa que isto permitiría repasar ben cada un dos horarios, evitando erros e abrendo a posibilidade de modificacións que melloren o resultado final para todos. A modo de exemplo, evitar que os alumnos de 1º e 2º curso de GE finalicen as súas clases antes das 20.30h, ou evitar o continuo cambio de aula que sofremos algúns profesores. No meu caso, en tres das cinco xornadas, imparto clase en 3 aulas diferentes, acarreado todos os materiais nunha gran mochila e outra bolsa de materiais.

Poderíase empregar as sesións de titorías para atender tamén ao propio alumnado e reforzar contidos.

As aulas de linguaxe musical deberían dispor de pianos acústicos de caixa baixa (non teclados) que permitan ver ao alumnado ao mesmo tempo que se realizan os acompañamentos pianísticos e ditados. A colocación actual dos pianos nas aulas de linguaxe musical obriga ao profesor a adoptar posturas realmente incómodas.



Milagros Gómez Fandiño:

Como xa escribín na memoria do curso pasado, e con respecto ó seguimento do alumnado, considero que debería facelo ó titor, reflectindo nun só documento a evolución do alumno nas diferentes materias e posteriormente trasladando a información ás familias e as medidas a adoptar se fosen necesarias.

Tamén se debería ter un sistema de control e/ou medidas correctoras para o alumnado que non mostra interese pola materia, que non aproveita as clases e entorpece o desenvolvemento das clases. A miña experiencia deste curso corrobora que a expulsión, na maioría dos casos, é percibida polo alumnado como premio xa que non queren asistir ás clases, e polo tanto, non o percibirían como un castigo ou penalización. Deben revisarse á maior brevidade os protocolos ante estas situacións.

Por outra banda, e como xa mencionei na memoria do curso pasado, os espazos físicos para as clases de Linguaxe Musical deberían ser máis espaciosos e sería idóneo ter, polo menos, un aula máis para as clases de Linguaxe Musical. Amais, a posición dos pianos contra a parede non facilita as clases das nosas materias que requiren contacto visual sempre, polo que sería ideal ter pianos de caixa baixa (non pianos eléctricos) e que permitisen ver ó alumnado. No caso da aula B19, que é a máis pequena, debería valorarse a posibilidade de colgar a pizarra na parede ó lado da fiestra, para ter algo máis de espazo, e cambiar a distribución das cadeiras, piano e mesa do profesor.

É fundamental e urxente, na miña opinión, a ampliación do centro por razóns obvias, e máis aínda coa situación que vivimos e viviremos no próximo curso no que deben respetarse as distancias, algo imposible agora mesmo con tanto alumnado e o centro minúsculo que temos.

Cecilia Martínez Iglesias:

Valorar a posibilidade de facer grupos máis reducidos e contar con algunha aula máis, para ter a posibilidade de facer mellores horarios nas clases grupais que



implican ao alumnado de menor idade, e sobre todo pensando nas condicións de saúde do curso que ven, e na existente posibilidade de ter algunhas clases telemáticas, co que, reducir os grupos axuda a facer unha ensinanza de máis calidade, tendo máis tempo para dedicarlle a cada alumno/a.

Tamén a posibilidade de contar con algún ordenador e altavoces nas aulas de linguaxe musical e EAV onde non hai.

Gloria Rodríguez Gil:

O alumnado de RTA escolle por orde de curso e nota académica, isto vai en detrimento do alumnado que desexa proseguir coa súa profesora cando chega o seu turno. Opino que o próximo curso podemos comezar coa escolla horaria nos cursos superiores, que teñen mais materias que encaixar no seu horario, e xa que neses cursos trátase de alumnado maior de 15/16 anos, non é preciso mantelas prioridades horarias como sucede no grao elemental ou no primeiro ciclo de grao profesional.

Coa “nova normalidade” sería interesante propoñer grupos de traballo ou fomentala convocatoria de cursos dende o CFRE, enfocados ao profesorado de ensinanzas artísticas, que versen sobre as medidas de hixiene recomendadas pola OMS, xa que no noso caso teremos maiores dificultades para garantir distancia de seguridade co alumnado.

Tras 2 meses e medio de clases telemáticas, o profesorado adquiriu distintas ferramentas para poder atender ao seu alumnado, sería interesante a creación dunha plataforma onde poder compartilo material e as experiencias do profesorado coas distintas aplicacións empregadas.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Hai unhas cantas cuestións que me gustaría resaltar:

. Unha vez mais, pero neste caso en moita maior medida, se ve o alto nivel humano e de compañeirismo dalgúns titores, no meu caso quero destacar a gran



axuda que me proporcionaron dous compañeiros, Luis Juncal e Antonio Rodríguez Iborra en sangrante contraste con outros que en ningún momento preguntaron ou informaron sobre as anotacións no seguimento, sobre todo nos casos nos que eu, como profesora tamén dese alumnado, debería ter algunha clase de explicación porque as cousas non ían ben.

. aínda que non son quen de comentar o traballo de ningún profesor nin de ningún departamento en especial, quero destacar o inmenso e case inabordable traballo que o profesorado do departameto de linguaxe musical realizou e segue a realizar durante este período de confinamento, pois todos tentamos suplir a ausencia de clases presenciais con multitude de exercicios de diferente índole para poder ter unha visión do traballo do alumnado moito mais completa aínda non sempre contáramos coas posibilidades técnicas ou materiais axeitadas (a min o confinamento me pillou nun cambio de casa, sen piano, sen impresora e sen parte do meu material de traballo habitual).

. por último me gustaría resaltar o comportamento da maioría do alumnado, aínda a pesares da inmensa carga de traballo a que se viron sometidos por parte da maioría do seu profesorado (refírome especialmente á ensinanza ordinaria, ESO, bacharelato, universidade). A gran maioría do alumnado respostou positivamente a todos os traballos que lle fun encomendando. Tamén debo sinalar que en moi poucos casos tiveron problemas de comunicación co alumnado. Tres ou catro alumnos que non se puxeron en contacto connigo en ningún momento e outros tres ou catro que me comunicaron que non podían ou non querían adicar mais tempo ás miña materias que dos dous casos houbo.

Diego Rodríguez Vieites:

Tomar medidas efectivas e serias para que o alumnado disruptivo non impida o bo funcionamento das clases colectivas.



Idear mecanismos de supervisión do proceso de seguemento do alumnado para garantir que sempre exista comunicación entre os titores e os profesores das materias colectivas.

Tentar evitar na medida do posible que o alumnado agarde nos pasillos para entrar nas súas clases. Esta é unha das funcións máis importantes que debe levar a cabo o profesorado que estea de garda no centro.

Colocar un cartel nos baños prohibindo que o alumnado beba auga ou encha as súas botellas de auga nos mesmos.

6.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Rosa M^a Gayoso Vázquez:

Como actividades extraordinarias caben destacar todas as levadas a cabo durante a corentena incluíndo clases por skype, asignación de tarefas sempre opcionais e voluntarias e máis concretamente o artellado dun conto que había de ser unha audición programada para levar a cabo dentro das letras galegas deste ano e que tivo que ser transformada nun conto artellado entre todos a través da rede. Titulado “Cores para Diana” trata de ser unha mostra de cómo podemos facer chegar a impresión das cores a través da música e dos poemas. Todo o material (poemas, músicas e debuxos) foi creado para a ocasión polo meu alumnado de 1ºGP.

Milagros Gómez Fandiño:

Este curso tivemos 19 alumnos no Coro Infantil de diferentes cursos e especialidades de GE, sendo o ensaio ós venres ás 18:00h. Comprobei que este horario facilita moito que o alumnado se anime a participar, xa que a continuación moitos tiñan ensaio da orquestra infantil. Participamos no Concerto de Nadal o 18 de Decembro de 2019, na Igrexa de Sto. Antonio da Florida, xunto cos Coros de Grado Profesional e o Coro Miñoca ma non toppo.



Tiñamos programada a participación, xunto co Coro I de GP e dentro das actividades da semana das Letras Galegas, nun concerto con repertorio íntegramente galego por parte de ambas agrupacións. Non se puido levar a cabo por razóns obvias.

Tampouco puidemos participar na actividade “No Bico Un Cantar” programada para o 5 de xuño de 2020 en Allaríz, xa que foi cancelada debido á pandemia. Somentes fixeramos un ensaio das pezas que se ían cantar. O ensaio destas pezas faise nos meses de marzo, abril e maio. Colaborei xunto coa vicedirección e a compañeira de departamento Dna. Elvira Rodríguez Pontevedra na organización e planificación destes ensaios que finalmente non se puideron levar a cabo.

Gloria Rodríguez Gil:

No primeiro e segundo trimestres o meu alumnado de linguaxe musical e EAV participou na miña proposta de traballo para o meu alumnado de RTA, interpretando arranxos a 2 e 3 voces de temas de música pop, rock e jazz, harmonizados e acompañados polo propio alumnado de RTA.

No segundo trimestre levo a cabo a actividade “entre timbres” co meu alumnado de LM no vestíbulo e hall do centro do 10 ao 21 de Febreiro (total 10 entre timbres) cantando pezas a 2 e 3 voces.

ANULADAS AS ACTIVIDADES DO terceiro trimestre: 9 alumnos/as de 1º, 2º e 3º de RTA participarían na semana das letras galegas, organizada polo departamento de dinamización da lingua galega e en colaboración co departamento de canto, interpretando composicións realizadas por eles/as mesmos/as para piano e voz dende diferentes poemas galegos. Ademais 5 alumnos e alumnas de 5º e 6º de RTA interpretarían o concerto para piano e orquestra K414 de Mozart, reducindo a parte orquestral eles e elas mesmos/as, a actividade sería levada a cabo por Alina Pociute e eu.

Durante todo o curso 11 alumnos/as do centro formaron parte do *club enxeñar*, creado durante o curso 2013/14 e que se reúne unha hora á semana, tamen



participaron 2 pais, a profesora de piano Susana e o profesor de LM Diego Rodríguez baixo a miña dirección. Dado que a pandemia por causa do COVID19 impediunos representar a final de curso, decidimos realizar vídeos e fotos dende casa, para despois eu facer varias montaxes: 1 trailer dun minuto e 3 esceas de 5 minutos cada unha. Este ano a peza teatral-musical enxeñada, versa dunha historia fantasiosa sobre o encontro de diferentes personaxes de óperas de distintas épocas e estilos nunha illa. Foron colgados no canal de youtube do cmus profesional de Vigo.

ADEMAIS DEBO DESTACAR:

A resolución do 13 de Decembro de 2019 para incentivalos clubs de lectura dos centros educativos, concedeume 725 euros que empreguei na merca de libros, partituras e duns focos para a posta en escea das pezas creadas e interpretadas durante futuros cursos polo club enxeñar.

Diego Rodríguez Vieites:

Este curso tiveron o pracer de participar como profesor de apoio no Clube Enxeñar que dirixe tan extraordinariamente Gloria Rodríguez Gil.



6.7 Departamento de Música Tradicional

6.7.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

34 alumnos

-Alumnado por materia

Gaita galega: 20

Acordeón: 14

Conxunto Acordeón: 5

Conxunto Gaita Galega: 15

RTA acordeón: 5

Optativa música tradicional galega.: 5

Optativa iniciación ao jazz: 8

6.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Facer que os estudantes entendan a música coma un aspecto fundamental da formación do individuo.

Fomentar a musicalidade e creatividade.

Practicar a lectura a primeira vista no instrumento

Conseguir que o estudante acade un bo control do instrumento en xeral, cooidando a posición e correspondencia da coordinación na interpretación da música.

Aumentar memorización e imaxinación musical, así como a conexión entre o ouvido e o instrumento.

Empregar puntualmente as diferentes escolas interpretativas, tendo en conta a



evolución en distintos períodos da historia da música que concerne ás especialidades instrumentísticas, e especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación que deberá axustarse, cando proceda, ás obras a interpretar.

Asegurar que o repertorio inclúa a mellor quenda de obras representativas das diversas épocas e estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

Seleccionar o grao de dificultade das obras ou material de traballo a interpretar para tratar de conseguir o mellor resultado do labor de conxunto do alumnado conforme a colectividade desta disciplina no curso.

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Ningún

6.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Boa comunicación co equipo directivo, moi boa organización do centro e xestión da crise sanitaria a nivel académico e organizativo, colaboración entre departamentos e co equipo directivo para a organización de actividades, bo ambiente de traballo.

6.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Ante a caída, nos últimos anos, do número de alumnos, sería bo abrir accesos a cursos intermedios dos estudos profesionais, tanto en gaita como en acordeón, polo menos nos dous cursos seguintes.

O departamento, e en concreto acordeón, pide afinar o acordeón pequeno de botóns Pignini. Asimesmo recomenda vender o acordeón de teclas pequeno, xa que non se lle dá uso. Co diñeiro de ese acordeón poderíase mercar outro tipo máster 58B, 58 notas man dereita, 120 Baixos esquerda, 4 voces, 2 en Cassotto,



15 manuales, 6-8 Mentoneras e 15 registros manuais.

Co obxectivo de acadar unha mellor organización, o departamento solicita unha mellor distribución dos materiais (cadeiras e estantes), para axilizar os comezos nas clases nas aulas C16 e C17, nas franxas horarias de 19 a 22 os mércores e xoves. A aula de acordeón quédase moi pequena para as aulas de conxunto e colectivas, solicítase un espazo máis grande con piano.

6.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Celebración de dúas audicións e unha audición de aula de grao profesional de gaita e dúas audición de aula de grao elemental de gaita. Asimesmo, debido á crise sanitaria organízase unha audición virtual onde cada estudantes de grao profesional envía un video que aloxamos nunha carpeta online para que todos teñan acceso á visualización das gravacións dos compañeiros.

Colaboración co departamento de dinamización da lingüa galega nas distintas actividades organizadas no curso 2018-19, que finalmente non foron levadas a cabo pola suspensión da actividade lectiva, a excepción do concerto do agosto, onde participan estudantes e profesorado do departamento.

Os estudantes de acordeón realizaron dúas audicións ao longo do curso.

Participación na actividade "O CMusProfesional soa desde casa".

O alumno de gaita Roi González Bacelo acadou o Premio de fin dos estudos profesionais.



6.8 Departamento de Percusión

6.8.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

34 alumnos

-Alumnado prof. Vicent Grau i Díaz

Percusión: 17 alumnos

Conxunto: 4 alumnos

Música de Cámara: 6 alumnos

-Alumnado prof. David Rodríguez García

Percusión: 17 alumnos

6.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

No presente curso 2019/2020 acadáronse os seguintes obxectivos do departamento:

Ofertar un ensino de calidade e atractivo que actúe ao mesmo tempo como motivador extrínseco no alumnado.

Fomentar entre o alumnado da materia unha axeitada orde das aulas e o coidado do instrumental de percusión.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses e gustos.

Prestar atención e adaptarnos á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.

Fomentar entre a comunidade educativa do departamento un bo clima de traballo



e convivencia tanto nas clases como fóra delas.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do proceso de ensino –aprendizaxe e do sistema de avaliación.

Realizar un seguimento efectivo do alumnado e da programación didáctica co fin de introducir melloras no proceso de ensino – aprendizaxe en caso de ser necesario.

Manter en todo momento unha canle aberta de comunicación e cooperación entre os membros do departamento.

Colaborar na medida do posible nas actividades que leven a cabo o resto de departamentos do centro, tanto a nivel humano como loxístico.

-Obxectivos non acadados

Por motivos alleos ao propio centro e departamento, e debido á situación excepcional vivida pola declaración do estado de alarma desde o día 14 de marzo, non puideron ser acadados os seguintes obxectivos:

Organizar e levar a cabo a audición do terceiro trimestre.

Levar a cabo as semanas dos Concertos Fugaces do segundo e terceiro trimestre.

6.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión queremos destacar:

Que se estean a respectar as franxas libres de docencia nas aulas de percusión facilitando dese modo o estudo do alumnado, empregándoas soamente para actividade lectiva doutros instrumentos en última instancia.

A organización e planificación do curso académico con claridade e antelación.

A comunicación fluida cos membros do equipo directivo e a súa rápida resposta.

A premura na resposta organizativa e informativa ao claustro do equipo directivo



tras cada unha das instrucións por parte da Consellería que nos competían para afrontar a crise do COVID19.

O ambiente de traballo en xeral durante os dous primeiros trimestres.

Apertura do centro en fin de semana posibilitando e facilitando a realización de actividades complementarias ou extraescolares en caso de querer programalas ou de xurdir a necesidade, ademáis de engadir tempo extra de estudo ao alumnado.

A organización e capacidade de adaptación aos cambios.

6.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión propónse:

Dispoñer da posibilidade de realizar o reparto de percusionistas para as agrupacións colectivas en colaboración cos encargados destas na medida do posible, xa que o profesorado de percusión é o que mellor coñece a este alumnado tanto musicalmente como personalmente, repercutindo desta maneira repercutiría nunha distribución máis beneficiosa tanto para eles como para a propia agrupación (se se levan a cabo para o vindeiro curso 2020/2021).

Poder seguir contando co maior tempo posible das aulas de percusión para o estudo do alumnado.

Compra de material do que se beneficiarían non soamente o departamento de percusión, senón tamén o de conxunto (bandas, orquestras e e-jazz band) xa que este se comparte nas diversas materias. Faise necesario o seguinte instrumental:

Un timbal de 23" de cobre para completar o xogo da aula A2 e poder substituír o timbal de fibra que está agora mesmo nela e non pertence ao mesmo.

Instrumentos de efecto que se inclúen cada vez máis no repertorio bandístico como o flexatone, a cabassa e o vibraslap, posto que se está a utilizar material



que o propio alumnado de xeito responsable trae prestado das súas bandas de música.

Dous soportes de dobre altura Drumworks de caixa, por ser os máis versátiles: Fanse necesarios para a montaxe de obras de multipercusión, xa que ao dispoñer de poucos soportes o alumnado vese na obriga de usar os dous altos que temos, creando unha descompensación nas alturas difícilmente solucionable.

Dispoñer de batedores na aula: baquetas de bombo, martillos de campá e variñas de triángulo.

Un par de congas ou junior congas, non soamente para a materia de percusión e cámara, senón tamén para que puidera dispoñer delas a materia de Jazz e que no mesmo horario a materia de banda puidese dispoñer doutras.

Un prato chino de 18" e un splash de 8" xa que o centro non conta con ese tipo de pratos suspendidos moi empregados no repertorio de multipercusión e ensemble de percusión.

Un xogo de 4 toms con soporte para os sets de multipercusión.

Almohadillas e plásticos para os soportes de prato que os perderon.

6.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Un ano máis e a pesar de contar presencialmente soamente co primeiro e segundo trimestres, o departamento de Percusión segue a ser un dos máis activos do CMUS Profesional de Vigo. Ademais de participar nos dous períodos de audicións correspondentes do centro, o alumnado de percusión levou a cabo as seguintes actividades:

Participación no concerto de Sta. Icíá do alumno David Collazo Cobelo.

Participación no Tuba Nadal do alumno Raúl Cameselle.

Participación no concerto de Nadal da alumna Ángela Bastos Rodríguez.

Colaboración de alumnado de percusión coa orquestra Senior dirixida por Edita



Shulmann.

Realización dos II Concertos Fugaces de percusión no primeiro trimestre e organización da terceira edición para o segundo trimestre a pesar de non poder levarse a cabo.

Participación de alumnado de percusión no Clube Enxeñar (Hugo Viceiro e Xián Pena).

Participación do alumnado de Percusión na actividade na rede “O CMUS Profesional de Vigo soa desde a casa”: Nerea Rodríguez interpretando a Marcha Turca de Mozart, o alumnado de grao elemental do profesor David Rodríguez interpretando I want to break free de Queen, e o propio profesor David Rodríguez xunto con tres compañeiros do claustro interpretando It’s not unusual de Tom Jones.



6.9 Departamento de Piano Acompañante

6.9.1 Constitución do departamento, horas de adicación, datos do alumnado e ratios

Segundo o reparto docente o departamento de piano acompañante quedou constituído por un total de 12 profesores: Dna. Cecilia Blanco Formoso con 5 horas de adicación, D. Saúl Chapela Díaz con 4 horas de adicación, Dna. Berta Fresco Bello con 13 horas de adicación, D. Gonzalo García García con 6 horas de adicación, Dna. Mar Gómez Vieites con 18 horas de adicación, D. Arabel Moráquez Garcell con 20 horas de adicación, Dna. Sara Peral Hernández con 9 horas de adicación, Dna. Alina Pociute con 14 horas de adicación, D. David Vázquez Pueyo con 20 horas de adicación, Dna. Blanca Vázquez Hermida con 13 horas de adicación, Dna. Rasa Biveiniene Jakutyte con 11 horas de adicación e Dna. Ana Belén López Villar que fará a media xornada de Dna. Alina Pociute que tivo 14 horas de adicación.

O total de horas dispoñibles do departamento foi de 133 horas para o servizo de piano acompañante.

A asignación do total de 424 alumnos con que conta o departamento por especialidades foi a seguinte:

Departamento de corda: Violín 81 alumnos. Viola 18 alumnos. Violoncello 29 alumnos. Contrabaixo 12 alumnos.

Departamento de vento metal: Trompeta 24 alumnos. Trompa 19 alumnos. Trombón 16 alumnos. Tuba 17 alumnos.

Departamento de vento madeira: Clarinete 50 alumnos. Frauta traveseira 27 alumnos. Óboe 18 alumnos. Fagot 12 alumnos. Saxofón 33 alumnos.

Departamento de música tradicional: 20 alumnos.

Departamento de percusión: 34 alumnos.

Departamento de canto: 14 alumnos.



A ratio tempo/alumno aprobada para os diferentes cursos foi a seguinte:

1º e 2º de grao elemental: 10 minutos por alumno.

3º de grao elemental: 15 minutos por alumno.

4º de grao elemental: 20 minutos por alumno.

1º, 2º e 3º de grao profesional: 20 minutos por alumno.

4º, 5º e 6º de grao profesional: 30 minutos por alumno.

6.9.2 Obxectivos e consecución dos mesmos durante o curso 2019/20. Propostas de mellora

Procédese neste punto a enumerar todos os obxectivos relacionando estes cos aspectos de mellora en todos aqueles casos en que non se puideron concluír durante este curso académico 2019/2020 dada a suspensión da actividade presencial o 16 de marzo de 2020.

Ao final inclúense outros aspectos e propostas de mellora non relacionados directamente cos obxectivos establecidos.

-Obxectivos

Mellora neste curso 2019-2020 das horas dispoñibles para o departamento que conta con 133 horas para piano acompañante. Habendo un sobrante con respecto ao curso anterior, permite un aumento da ratio para este novo curso académico. Tras as diferentes opcións de reasignación de tempos para o presente curso e os criterios de reparto aprobados por consenso no departamento para someter a valoración, óptase por aumentar a ratio nos cursos que teñen menos tempo de dedicación no grao elemental.

Inclusión dos alumnos de piano acompañante asignados aos seus profesores correspondentes en centros-net, para que poidan ser avisados en caso de ausencia, aínda que sexa en bloque ao conxunto de alumnos, ao non ter estes unha hora fixa de clase.



Revisión de normas do departamento. Ao haber diferentes propostas de revisión das normas, decídese que sexan remitidas a todos para poder valorar ítem por ítem e sometelas a votación ao rematar a súa revisión durante as reunións de departamento deste curso académico 2019/2020, procedendo a lectura, punto por punto, das actuais normas de departamento e das recentemente achegadas, perfilando as propostas de mellora e valorando aquelas que sexan novas, dedicando o tempo necesario nas reunións de departamento ata chegar a unha proposta final para ser sometida a votación polo departamento. Durante o presente curso revisáronse a totalidade das normas do departamento e os catro primeiros puntos da primeira das catro propostas chegando as seguintes conclusións xerais polo momento:

Agrupar as normas en apartados que clarifiquen ben as principais cuestións que afectan ao departamento e non sexa un texto confuso e misturado, onde se agrupen as normas para a realización de ensaios, a entrega de material, audicións, recitais, premios e probas de acceso.

Maior uso da corcheira do departamento para dar maior visibilidade as normas de funcionamento e diferentes cuestións que afectan a organización do noso departamento, así como a maior difusión das mesmas entre todos os profesores e alumnos.

-Propostas de mellora

En canto a organización do departamento, o xefe de departamento informa que coa súa recente incorporación a este centro ven notando unha certa desinformación ou descoñecemento por parte da comunidade educativa, incluídos os profesores que xa levan anos no centro, do funcionamento e normas do departamento que aparecen incluídas no PEC, pero que non teñen maior visibilidade. Así mesmo comenta diferentes situación xurdidas ao longo deste inicio de curso en canto as peticións de ensaios ou conceptos erróneos do que é a realidade do servizo de piano acompañante no grao profesional, a xestión de ensaios por



parte do pianista e o axuste das ratios. Por tanto xorden as propostas da revisión das normas do departamento, a de darlle maior visibilidade, a de utilizar a corcheira do departamento que está dispoñible no centro así como mellorar a información ao profesorado e alumnado para unha xestión mellor e mais razoable do servizo, mellorando as informacións do departamento e comunicacións puntuais na corcheira destinada a tal fin.

Todas estas, son aínda medidas inconclusas, que quedan pendentes para o vindeiro curso se fose posible, debido a suspensión da actividade presencial e a imposibilidade de continuar coa posta en común que se estaba a facer de todos estes aspectos a modificar.

Reparto de docencia e calendario de inicio de curso. Dentro da rolda de intervencións para a valoración do inicio de curso na CCP correspondente, transmitín diferentes cuestións e dificultades sobre o reparto de docencia e o calendario de inicio de curso en canto ao reparto de piano acompañante, intentando ver a forma de non alongar e mellorar o proceso de cara ao vindeiro curso. A resposta da CCP sobre a problemática no axuste de horas é que hai un compromiso de que se revise a forma de reparto e que se intentará mellorar, pero sen que en ningún caso supoña un atraso nos prazos que marca o calendario de inicio de curso.

Mellora e regulación do piano do auditorio. Necesidade dunha partida especial para unha regulación adecuada e posta a punto do piano do auditorio. Non se trata da súa afinación unicamente, senón dunha avaliación das razóns polas que chegou ao estado actual e tomar as accións necesarias a levar a cabo por un técnico especialista para a súa correcta conservación e mantemento.

Melloría na afinación dos pianos. Descoñécense as causas pero hai unha escasa durabilidade da afinación despois de levarse a cabo. Constátase que en moitas aulas os pianos de parede estiveron sempre nunha posición fixa, pero naquelas en que hai pianos de cola ou dous pianos hai un constante movemento e cambio de posición dos mesmos. Penso que debería haber unha planificación coherente



do espazo en canto á súa localización nas aulas que evite movelos constantemente, limitando o seu movemento a causas xustificadas baixo petición e permiso, xa que é probable que sexa tamén unha das causas da debilidade na duración da afinación en moitos casos.

Mellorar o estado das banquetas ou, ante a súa imposibilidade de arranxo, a substitución das mesmas. Banquetas que non se regulan, atrancadas ou dobradas cara a un lado que despois de varias horas sentado acaban por provocar molestias tanto aos alumnos nunha hora de clase como aos pianistas acompañantes ao longo dunha xornada laboral.

Creación e substitución paulatina do arquivo de partituras por un arquivo dixital.

Dixitalización e adquisición de equipos e novas tecnoloxías para un desenvolvemento da nosa labor acorde aos tempos actuais, ademais de contar con ferramentas que faciliten o traballo telemático neste caso sobrevido polas circunstancias de actualidade.

En canto ao material do departamento e as súas necesidades non está de mais recordar o que parece unha utopía pero que son a mellora de recursos comotables, pedais pasa páxinas, programas e aplicacións de traballo telemático así como a dixitalización do arquivo de partituras de cara a actualizar os nosos recursos aos tempos que corren.

No caso de profesores que comparten docencia nos departamentos de tecla e piano acompañante, mais medidas que axuden a compaxinar ambas, especialmente na semana de audicións, tendo en conta o actual sistema organizativo das mesmas.

A profesora Rasa Biveiniene transmite a súa preocupación pola organización do calendario de audicións cando estas coinciden con horas lectivas de piano ou outras materias e a imposibilidade de recuperar esas clases en semanas de suma importancia, previas as propias audicións de piano e a sesión de avaliación. Ábrese un debate ao respecto no que se plantexan diferentes puntos de



vista e os proles e os contras que conleva esta forma de organizar as audicións. Habendo voces a favor e voces en contra decídese que sexa un tema a valorar ao longo do curso ou de cara a próximos cursos, podendo saír propostas do noso departamento.

En canto as necesidades formativas do departamento, e dado que o departamento non fixo constar ningunha actividade no documento solicitado a tal efecto, o xefe de departamento suxire a posibilidade de propor grupos de traballo para aqueles profesores interesados en realizar actividades de formación que revertan na mellora do departamento, como por exemplo, a dixitalización dos arquivos e a inclusión das novas tecnoloxías no acompañamento pianístico.

1.1.3 Análise da incorporación das novas tecnoloxías na práctica docente e as dificultades do servizo de piano acompañante no traballo telemático sobrevido.

Debido a actividade esencialmente práctica, enfocada aos ensaios e acompañamento escénico, a actividade do departamento e o servizo de piano acompañante viuse especialmente truncado e afectado pola situación de estado de alarma decretada o pasado 16 de marzo e a suspensión da actividade lectiva presencial.

A pesar de que houbo unha actividade mínima de gravacións que se puxeron a disposición de profesores e alumnos que así o solicitaron, a necesidade de acompañamento musical, e especialmente para os cursos mais avanzados, dificulta enormemente levar a cabo esta actividade cos medios dixitais ao noso alcance por todas as cuestións e dificultades técnicas por todos coñecidas.

Se ven a constancia en gravación dos resultados das revisións de clases telemáticas de instrumento, permite ao alumno voltar a escoitarse desde fora, ter maior compromiso no proceso de estudo sabendo que ten que gravar o seu progreso ou interpretación permitíndolle a comparación con tutoriais enviados polo profesor ou gravacións de youtube que fomentan un desenvolvemento auditivo



que moi poucas veces levan a cabo na actividade habitual aínda que se lle pro-
poña, a necesidade de acompañamento pianístico resulta complicado poñela a
súa disposición para tal fin.

Inconvenientes:

A aula e o conservatorio outorga unha serie de igualdades, espazos, medios
dixitais e materiais dos que non dispoñen todos os alumnos por igual nas súas
casas fomentando a desigualdade educativa.

As desigualdades socioeconómicas xogan un papel importante neste aspecto
que dificulta aos alumnos con menos recursos a hora de levar a cabo este tipo
de actividades por falta de instrumentos musicais en condicións, espazos, equi-
pos dixitais...

A pesar das instrucións de cara a manter unha orde no horario habitual, o feito
de facer a actividade lectiva desde a casa implica que en moitas ocasións se
tomen liberdades que implican un falso sentimento de obriga de estar a disposi-
ción calquera día a calquera hora aumentando considerablemente a carga de
traballo do profesor e a invasión da súa privacidade e tempo de lecer.

Se ven, favorece a organización das actividades lectivas con maior flexibilidade
desde a casa na maioría das ocasións o tempo de dedicación duplícase e en
moitos casos ata se triplica a hora de planificar e desenvolver o mesmo traballo
presencialmente.

Moitas veces o traballo na casa tamén fomenta malas posicións que derivan en
dores de costas, dores de pescozo e de cabeza incentivados pola ausencia de
esparexemento fora da casa na situación de confinamento. Neste senso, tamén
nas últimas semanas notouse unha diminución do rendemento dos alumnos polo
cansazo acumulado.

As diferentes experiencias e metodoloxías utilizadas por diferentes profesores,
dan fe de que as videochamadas utilizáronse so de forma puntual en casos ne-
cesarios, pero non poden ser substituto dunha clase presencial de ensaio con



piano acompañante polas diferentes dificultades atopadas que afectan especialmente as relacionadas coa música (latencia de son, desigualdade de medios por parte do alumnado, dificultades de ubicación entre o piano, a tablet, móbil ou ordenador e o propio cansazo mental e visual que provocan as mesmas tanto para o profesor como para os alumnos tendo en conta a franxa tan ampla de idades coas que traballamos.

Como experiencia semellante, pódese considerar as materias de cámara ou conxunto, no caso de conxunto, a maior parte do tempo o traballo foi individual. A tentativa de unión das partes de forma dixital impide por desgraza o traballo mais fino e importante que se desenvolve de xeito presencial e obxectivo principal da materia ao igual que co piano acompañante.

A gravación das partes, para posterior empaste das mesmas, so permite facer un traballo a grosso modo sen poder considerarse minimamente comparable ao traballo presencial polas cuestións tan sutís que se deben traballar a nivel musical. Por outra banda, as aplicacións de gravación como Acapella requiren unha contía de subscrición pero tamén a calidade de son depende dos medios con que se grave. O resultado da posta en común das partes pode orientar ao alumno a grosso modo pero nunca traballar os aspectos que se traballan presencialmente nesta materia, e dependendo da dificultade da obra e lonxitude da mesma, non poden substituír o proceso de ensaio presencial.

6.9.3 Valoracións e aportacións persoais de diferentes membros do departamento

A profesora Dna. Berta Fresco Bello considera que con respecto á organización do Departamento: O resultado foi positivo. A ratio empregada foi suficiente no seu caso, se acaso e como é habitual, di que nas épocas de audicións concéntrase moito máis o traballo, e pódese chegar a minguar o tempo de ensaio, pero que no seu caso, funcionou ben. Agradece a idea de que aínda que existen regras básicas de organización do departamento en canto á Normativa básica,



cada pianista acompañante ten a liberdade de organizar os ensaios. No seu caso fai unha reserva de ensaios ao comezo de cada trimestre: cada alumno reserva o seu tempo de ensaio que vai ser fixo para todo o trimestre. Emprega este método hai algúns anos e ve que ten moitas máis vantaxes que inconvenientes; os alumnos están feitos a ter un horario fixo, os titores están informados do horario e máis eu sei ao comezo da semana os alumnos que van vir.

-Audicións: Valoración positiva. O sistema das semanas de Audicións parécelle operativo, aínda que non hai un sistema perfecto no que todo o profesorado estea dacordo. Fun informada en tempo e forma, e as audicións feitas fóra da semana de audicións, foron consensuadas comigo, así que nese sentido o resultado foi satisfactorio.

-Suxestións para mellorar o funcionamento do Departamento: Dende a súa opinión, todos os membros do Departamento deberíamos ter a Normativa creada por nós moi clara para poder actuar con coñecemento de causa en calquera problemática que poida xurdir, e aplicala con convencemento. Por outra banda, e xunto coa idea anterior, o diálogo cos titores debe ser moi fluído e constante durante todo o curso. Cre que moitos problemas que xorden no departamento se solucionarían se aplicáramos máis estas dúas ideas.

-Material do Departamento: Na biblioteca do Centro atópanse os arquivos de partituras de PA. Este ano, xunto coa coordinadora de biblioteca estiveron organizando un pouco todo o material. A verdade é que non é doado organizar un material que está constantemente ampliándose, e require de certa orde por parte de todos. Pediría que todas as partituras que se saquen dos arquivos, sexan recolocadas no seu lugar. Tamén engadir o material novo. Neste punto, e falado con algún compañeiro, unha solución idílica sería un arquivo dixital de partituras do departamento, coa finalidade de facilitar o seu uso e a súa organización.

A profesora Blanca Vázquez Hermida considera que na súa experiencia foi moi positivo o resultado obtido co aumento de tempo de ensaio nos últimos cursos do GE e GP. Pensa que, na medida do posible, debería manterse de cara ao



futuro.

6.9.4 Actividades desenvolvidas no departamento, audicións, anexos (programas de audicións, concertos...etc)

A función principal deste departamento está enfocada ao acompañamento de todos os alumnos do centro nas diferentes actividades escénicas nas audicións trimestrais ou todas aquelas levadas a cabo polos diferentes profesores titores das distintas especialidades, así como calquera outra actividade escénica, concertos, concursos...previamente pactados cos respectivos pianistas acompañantes.

A continuación detállase a groso modo o calendario de audicións do primeiro e segundo trimestres que foron as únicas que se puideron levar a cabo debido a suspensión da actividade presencial polo estado de alarma que afectou moi especialmente a actividade que desenvolve este departamento.

A profesora Dna. Berta Fresco Bello fai constar as audicións do 2º trimestre das especialidades de violín e clarinete:

13 febreiro de 16 a 18, Audición de violín.

3 marzo: de 16 a 17: Audición de violín.

5 marzo: 8.30 a 9.30: audición de clarinete.

A profesora Dna. Blanca Vázquez Hermida fai constar as audicións deste curso 2019-2020 das especialidades de canto, violín e viola:

1º Trimestre:

Canto, 29 de novembro e 3 de decembro.

Violín, 12 de decembro.

Viola, 19 de decembro.

2º Trimestre:

Canto, 2 e 6 de marzo.



Violín, 11 de marzo.

Viola, programadas para o 12 e 16 de marzo, non se puideron facer.

Tamén consta a súa participación con alumnos de violín no Concerto de Entroido do 20 de febreiro.

O profesor D. Gonzalo García García fai constar as audicións de frauta traveseira do 5 de decembro de 2019 e o 4 de marzo 2020.

As audicións de trompa do 28 de novembro de 2019 e o 10 de marzo de 2020.

A audición de trompeta do 13 de decembro de 2019, a segunda audición marcada para o 13 de marzo de 2020 non se pudo levar a cabo debido a suspensión da actividade presencial o día anterior.

A participación no concurso Intercentros Melómano o 16 de novembro de 2019.



6.10 Departamento de Tecla

6.10.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

266 alumnos

-Alumnado por materia

Piano: 110 alumnos

GE: 48 alumnos

GP: 62 alumnos

Piano Complementario: 156 alumnos

6.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso.

-Obxectivos acadados

a).Cumprir con todos os requisitos da programación, especialmente no referido ó repertorio e número mínimo de obras que han de traballar os alumnos, así como coa participación de todos os alumnos do departamento nalgunhas das audicións trimestrais organizadas polo centro, así como en audicións de aula.

b).Falar dos alumnos con baixo rendemento segundo as programacións en cada reunión de departamento. Elaborábase unha lista que era enviada a CCP mensualmente; a partires do segundo trimestre a lista incluía a todos os alumnos, con baixo, medio e alto rendemento, seguindo as directrices dos asesores de Calidade.

c).Participación dos alumnos en actividades complementarias ou extraordinarias.

e).Consecución dos obxectivos específicos da Programación pero sempre adaptándoos ás circunstancias específicas de cada alumno.

f).Revisión das programacións de piano e piano complementario e modificación



de ambas:

1. Piano complementario:

Apróbanse para o curso que vén cambios nos mínimos esixibles e nos recursos didácticos e restructuración dos mesmos. (*Acta nro. 10*)

2. Piano:

Apróbanse para o curso que vén cambios no repertorio orientativo e reestructuración do mesmo en 1.º de Grao elemental. (*Acta nro. 12*)

Apróbanse para o curso que vén cambios nos criterios de cualificación e as súas porcentaxes e que o alumnado deberá participar como mínimo en tres audicións públicas. (*Acta nro. 13*)

-Obxectivos non acadados

a).Curso de piano a cargo dalgún profesor externo.

b).Falar sobre a proposta de Dna. Alina Pociute de facer unha audición semanal como no Conservatorio de Tui, coa posibilidade de que se vaia facendo habitual e asista público dos arredores. (*Acta nro. 8*)

b).Incluír no repertorio orientativo de Grao elemental o ciclo de pezas “*Wir bauen eine stadt*” (Construímos unha cidade) de Paul Hindemith. (*Acta nro. 8*)

c).Recital dos alumnos de Dna. Sara Peral Hernández o seis de marzo de 19:30h a 20:30h no auditorio. (*Acta nro. 12*)

Polo SARS-CoV-2:

1. Participación dos alumnos de 2º, 4º e 6º de Grao Profesional de piano nas audicións específicas para avaliar a calidade do traballo realizado e as súas aptitudes para afrontar o curso seguinte.

2. Participación dos alumnos de Grao profesional na audición do venres 13 de marzo ás 20 h.



3. Participación dos alumnos de Grao elemental nas audicións do venres 13 de marzo ás 17 e ás 18 horas.

4. Cambios no repertorio orientativo e reestruturación do mesmo en 2.º, 3.º e 4.º de Grao elemental. "O Xefe do departamento comenta que na programación hai algúns elementos mal maquetados no repertorio de Grao elemental e está todo un pouco confuso, hai pezas que aparecen como compositores. Propón dividir o repertorio de Grao elemental, un punto exclusivo para pezas, estudos, etcétera e outro para os métodos" (*Acta nro. 11*)

6.10.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro.

Creo que é un sentir xeral a boísima disposición do Equipo Directivo cara ao departamento e facernos a vida tan fácil no noso traballo diario.

Dna. M.^a José Arestín Rivas destaca:

A continua dedicación e traballo do Equipo Directivo pola organización do Conservatorio.

A xestión con eficacia e transparencia dos recursos do Centro, que se reflicte na constante mellora das condicións do mesmo.

A mellora da cantidade e calidade de servizos que ofrece o Centro, como por exemplo a Biblioteca.

O labor do Equipo de Actividades, que continúa cada curso potenciando todo tipo de actividades, concertos, xornadas de "Coñece o teu Conservatorio",...

A mellora da imaxe que proxecta o Centro cara ó exterior organizando actividades e concertos fóra do Centro, así como as xornadas de "Coñece o teu Conservatorio".

Dna. Carmen Carreiras Pita:

Considera que hai unha moi boa organización e previsión.

D. Saúl Chapela Díaz:



Organización do calendario e achega dunha axenda do profesorado.

Funcionamento da conserxería con persoal experimentado.

D. Jesús E. Pardal Sicilia opina que:

A organización e a xestión xeral do centro foron moi boas.

Houbo unha gran planificación das audicións trimestrais.

O seguimento da programación a nivel departamento foi boa.

Loas ao Equipo Directivo pola súa gran dedicación, o seu saber facer, a súa integridade como persoas, a súa honestidade e a súa amabilidade con todo o mundo.

Dna. Sara Peral Hernández:

Valórase moi positivamente a organización do centro a tódolos niveis: planificación do calendario escolar, reunións, datas das avaliacións, organización das audicións e actividades...

Destacar tamén positivamente a forma en que o equipo directivo mantén informado en todo momento ó profesorado de todas as cuestións relacionadas co centro e a actividade lectiva. É unha constante e unha característica do equipo directivo que merece mención.

Doutra banda, cabe sinalar o ambiente positivo que se respira, en xeral, no centro entre os membros do departamento, do claustro e a comunidade educativa.

Dna. Susana Pérez Otero:

Dende o equipo directivo do centro a comunicación, dende a miña experiencia, non puido ser mellor. Sempre animando e resolvendo as dúbidas ao momento.

Dna. Blanca Vázquez Hermida:

Destaco a dispoñibilidade do Equipo Directivo para atender e apoiar ao profesorado en todo momento.



6.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro.

Sobre as audicións programadas polo centro:

“Coméntase sobre as audicións que programa o Centro. D. Gonzalo García García di que podería ser interesante que en cada hora xuntásense os alumnos de dous docentes, Dna. Carmen Carreiras Pita prefire escoitar aos alumnos de todos e non sempre aos mesmos. (Acta nro. 8)

Ábrese un pequeno debate sobre o sistema de audicións. D. Gonzalo García García di que sería interesante que houbera unha semana enteira de audicións www.ndmusicedition.wordpress.com sen exames incluíndo Grao elemental. D. Jesús E. Pardal Sicilia comenta que lle resultan moi amenas as audicións con alumnos dos dous graos. Tamén di que é contradictorio que un/ha alumno/a participe nunha audición de Grao profesional e logo teña un exame ou ao revés, iso supón unha maior tensión para os/as alumnos/as.” (Acta nro. 10)

Dna. Carmen Carreiras Pita:

Coido que podería haber aínda máis implicación do profesorado na organización de concertos e eventos dentro e fóra do centro, especialmente no Departamento de Tecla.

Penso que o profesorado do noso departamento tamén debería implicarse máis para unha aínda mellor organización das audicións trimestrais.

D. Gonzalo García García:

Necesidade dunha partida especial para unha regulación adecuada e posta a punto do piano do auditorio. Non se trata da súa afinación unicamente, senón dunha avaliación das razóns polas que chegou ao estado actual e tomar as accións necesarias a levar a cabo por un técnico especialista para a súa correcta conservación e mantemento.

Melloría na afinación dos pianos. Descoñezo as causas pero notei unha escasa durabilidade da afinación despois de levarse a cabo. En todas as aulas nas que



traballei, un total de 7 ao longo da semana, excepto en dúas onde os seus pianos de parede estiveron sempre nunha posición fixa, constatei un constante movemento e cambio de posición dos pianos, especialmente naquelas aulas nas que hai pianos de cola ou dous pianos. Penso que debería haber unha planificación coherente do espazo en canto á súa localización nas aulas que evite movelos constantemente, limitando o seu movemento a causas xustificadas baixo petición e permiso, xa que é probable que sexa tamén una das causas da debilidade na duración da afinación en moitos casos.

Mellorar o estado das banquetas ou, ante a súa imposibilidade de arranxo, a substitución das mesmas. Banquetas que non se regulan, atrancadas ou dobradas cara a un lado que despois de varias horas sentado acaban por provocar molestias tanto aos alumnos nunha hora de clase como aos pianistas acompañantes ao longo dunha xornada laboral.

Dna. M.^a del Mar Gómez Vieites:

O sistema de audicións pode replantexarse e ser mellorado para evitar que as franxas horarias establecidas dende vicedirección, se solapen coas clases individuais ou cos ensaios cos pianistas acompañantes. Este sistema supón unha perda de actividade lectiva que, en moitas ocasións, non é posible cambiar ou recuperar debido á falta de espazo ou á incompatibilidade de horarios dos alumnos. Deste tema falouse en repetidas ocasións no departamento de piano e nunca se acadou unha solución ou proposta concreta.

D. Jesús E. Pardal Sicilia:

Propón tentar que os alumnos cando toquen nas audicións programadas polo centro, non teñan antes ou despois un exame dalgunha materia, se tocar en público pode supoñer tensión, maior será polos exames, e se teñen medo escénico pode ser terrible. Un dos obxectivos específicos das ensinanzas de música é actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa. Por outra banda, ¿sería posible unha semana de audicións incluíndo ao



Grao elemental?

Dna. Sara Peral Hernández:

O confinamento puxo sobre a mesa diferentes formas de traballar e de impartir docencia, así como tamén fixo xurdir outros tipos de actividades. Podería ser interesante, nunha futura volta á normalidade, a instauración de algunhas TICs empregadas durante este confinamento na realidade docente diaria, mediante o uso de ferramentas e recursos dixitais ou manter algunhas das actividades que resultaron positivas. Por exemplo, a realización de gravacións de interpretacións por parte de alumnado e profesorado para compartir a música noutros canles distintos dos concertos presenciais e en vivo, como a actividade “O CMUS soa dende casa”, que resultou altamente estimulante para o alumnado e acerca o conservatorio ás familias e á sociedade da súa contorna.

Dna. Susana Pérez Otero:

As melloras en moitos casos deben vir da Administración educativa, tanto na mellora das conexións e equipos, como nas comunicacións e entendemento de que a música ten as súas especificidades. Engadir que algúns discentes ao saber que a súa nota non podía baixar non se viron na obriga de realizar tarefas. A pesar de que nalgúns casos eran discentes con moi bo traballo e resultados ao longo do curso.

6.10.5 Xestión do Departamento.

Dna. Rasa Biveiniene Jakutyte:

Gustárame subliñar a utilidade da información por parte do Xefe de Departamento sobre información constante sobre o novo repertorio o que amosa a súa creatividade e implicación ao seu cargo. O repertorio proposto inspíranos profesores do Departamento de Piano a seguir evolucionando.

Grazas ao seu equilibrio emocional e tranquilidade créanse amizades profesionais entre os profesores.



Dna. Berta Fresco Bello comenta que: a xestión do Departamento foi moi boa. As reunións foron concisas e evitáronse divagacións nos temas a tratar. En canto á tramitación de documentos de programas de audicións, seguimento, o Xefe de Departamento faino moi sinxelo para todos, deixando tempo suficiente para entregar os documentos. Tamén, neste tempo de confinamento, estivera moi pendente enviando repertorio de obras de diferentes niveis, aportando ideas e contactando con todos nós, que eu agradezo sinceramente.

Dna. M^a del Mar Gómez Vieites comenta sobre a amabilidade, cordialidade e boa disposición do Xefe de Departamento de Piano.

Dna. Sara Peral Hernández:

En relación ó Departamento de Tecla, o Xefe de Departamento informa adecuadamente das diversas cuestións, préstase a axudar ós membros do mesmo (no meu caso, que traballei por primeira vez no CMUS de Vigo, foi moi atento á hora de explicar o funcionamento do centro, das audicións...) e facilita e comparte moito material didáctico innovador e innovador.

Dna. Susana Pérez Otero: gracias ao Xefe de departamento de piano, dispoñemos dunha cantidade de material en PDF para traballar cos discentes impresionante e variada. Non só enriquece os nosos coñecementos se non que gracias a iso puiden achegar material aos discentes para levar con máis efectividade a miña labor docente.

6.10.6 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento.

CONCERTO DE STA. ICIA, 21 de novembro de 2019 ás 20 h.
--

Xiao Blas Ferreiro 1.º GE

Iago Reigosa Ferreiro 1.º GE



Xiao Blas Ferreiro / Iago Reigosa Ferreiro piano a catro mans

Jimena Cabrera Álvarez 4.º GP

Laura Sampedro Hamilton 4.º GP

Alba Raña Barreiro 5.º GP

CONCERTO DE NADAL, 17 de decembro ás 20 h.

Anxo Martiño Paz Puime 2.º GE

Carla Taboada García 3.º GP

Adrián Martínez Bar 6.º GP

Jimena Cabrera Álvarez / Laura Sampedro Hamilton piano a catro mans

CONCERTO DE ENTROIDO, 20 de febreiro ás 20 h.

Pablo Fernández Recamán / Roi Lago Costas dous pianos 4.º GP

Eva Baranda Radchenko 2.º GE

Martina Bouzas Enrique de Salamanca 2.º GE

Helena Fernández Gil 2.º GP

III Festival de Música Persoas con Necesidades Educativas Especiais.
Auditorio do Cmus de Ourense, sábado 29 de febreiro do 2020.

Xabela Martín Freiría 2.º GE, Diana Costas Suárez 1.º GP



OUTROS

Recital dos alumnos de D. Gonzalo García García o 22 de xaneiro a partir das 18 h. Animou ao resto do profesorado do departamento a participar

Concerto no auditorio o 30 de xaneiro de 2020 co alumnado das profesoras Cecilia Blanco, Eva Palacios e Carmen Carreiras.

6.10.7 Periodo de confinamento polo SAR-CoV-2.

O problema principal é que non eliximos o período de illamento, e leste afectou á inspiración, á motivación, etcétera. En circunstancias normais temos autonomía sobre o noso propio tempo e canto eliximos ocupar. Facer fronte ao gran cambio que nos rodea poden ser moi difícil e facer que nos sintamos atafegados. A falta de contacto humano e non estar cara a cara cos estudantes é moi complicado. O importante é que os alumnos vexan aos seus profesores serenos dende calquera plataforma dixital e así se poida crear un clima de confianza e seguridade nesta aprendizaxe tan especial.

“O que coñece aos demais é intelixente. O que se coñece a si mesmo é iluminado. (...) O que se esforza sen cesar é voluntarioso. O que permanece no seu posto, vive longamente.” (...) do Tao Te Ching de Lao Tse.

D. Emilio Álvarez Cid:

As clases en liña, sinxelamente, presentan as inconveniencias obvias: ás veces non vai ben a conexión, ben pola miña parte ou a do alumno, pero saímos do paso. Especialmente é incómoda a latencia, cando ocorre: en videochamada por Whatsapp, ás veces non van sincronizados imaxe e son... o cal é, loxicamente, incómodo. Sei que este defecto dáse igualmente dende outras plataformas como Skype ou calquera outra... Eu prefiro empregar Whatsapp pola facilidade para



mover a cámara e sinalar detalles en exemplos ao piano co teléfono móbil.

Dna. M.^a José Arestín Rivas:

Sobre a materia de conxunto, realízanse as sesións de clase semanalmente vía Skype e FaceTime, segundo horario acordado co alumnado. Nas clases fanse as correccións e puntualizacións que corresponde a nivel individual en aspectos técnicos e músicas e, por outra parte, os alumnos de Conxunto intercámbianse audios respectivamente para estudar a súa parte da obra co audio do compañeiro. Antes de intercambiar os audios co compañeiro, algúns envíanme antes os audios para corrixir.

Cecilia Blanco Formoso:

Gustaríame destacar dous aspectos moi positivos: a implicación do Xefe de Departamento, Jesús Pardal, e a forma de traballar do equipo directivo do centro tan organizado e resolutivo. A combinación destes dous aspectos coa implicación dunha grande parte dos compañeiros e compañeiras creo que xera unha dinámica de traballo positiva e activa que redundna na calidade da ensinanza. Coido que como departamento aínda podemos mellorar se houberse aínda unha mellor comunicación e entendemento entre todos/as, e se todos /as enfocáramos todo o noso esforzo unicamente á mellora do alumnado.

Xa dende principio descartei as clases por vídeo conferencia porque era moi difícil escoitar ben ao alumnado, e non consideraba que estivese a conseguir un bo resultado pola miña parte. Así que optei por solicitar vídeos (ou audios no seu defecto) de diferentes fragmentos que estabamos a traballar. Despois enviaba por escrito tanto as correccións aos vídeos, como o “listado” de fragmentos que me tiñan que mandar á semana seguinte (mantivemos o día de entrega coincidente co día de clase de cada alumno/a). Ademais gravaba vídeos para devolverlle con exemplos se o consideraba necesario. Tamén organicille recitais aos 3 alumnos de 6.º GP, e aos 3 de 2.º GP (probos de nivel) que “escoitei” por videochamada e que solicitei que gravasen para poder despois escoitar ben.



Todo isto supuxo unha mellora na calidade do meu traballo e da do alumnado pero tivo unha importante consecuencia: o tempo empregado para cada alumno/a superaba con creces a hora semanal. Adiquei moitísimas horas de traballo semanal só ao alumnado de piano que puiden compensar coas horas de PA, pero se o curso que ven houberse confinamento penso tentar cambiar de sistema, xa que espero que teñamos traballo tamén de PA, e polo tanto non me chegarían as horas da semana. En xeral o traballo no confinamento me supuxo moitísimo cansazo (como supoño que lle pasaría tamén aos meus compañeiros) por iso creo que é importante que, no verán, me reformule posibles solucións para o próximo curso.

D. Francisco Javier Bouza Rodríguez:

Método de traballo e seguimento do alumnado: No meu caso, como xa manifestara no seguimento do alumnado do mes de Abril, o método escollido para manter o contacto co meu alumnado durante o confinamento foi a petición de envíos de gravacións de audio ou vídeo, a través de correo electrónico ou WhatsApp, do material que xa tiñan no seu poder e que xa fora traballado ou polo menos explicado nos dous primeiros trimestres. Este material sería debidamente respondido, ou ben con comentarios no mesmo correo electrónico/WhatsApp, ou coa partitura das pezas comentadas dun xeito visual e o máis atractivo posible (marcas, cores, etc.). Esperaba así poder valorar a súa continuidade e axudarlles a resolver as distintas problemáticas técnicas e musicais tendo en conta que a avaliación durante o terceiro trimestre estaría centrada no reforzo de contidos, pero sin cerrar a porta á posibilidade de progreso ou mellora.

Aspectos Negativos: En primeiro lugar destacaría a certa desconexión que percibín entre o alumnado e que eu relaciono principalmente con dúas cuestións:

1. O máis evidente: a propia condición do confinamento en canto a encerro forzoso, o cambio de rutinas, a perda de contacto físico co propio centro como lugar de referencia, así como co profesorado e os compañeiros. Sen esquecer o feito de que unha parte importante do alumnado non tiña acceso a un instrumento



para practicar.

2. O alto nivel de esixencia que os centros de ensinanzas ordinarias (no meu caso secundaria, bacharelato e universidade) impuxeron para compensar a falta de actividades lectivas presenciais, dificultando en gran medida a conciliación de estudos (xa de por si complicada) ao limitar o tempo dispoñible para outras actividades en principio menos prioritarias.

3. Datos: das miñas 5 alumnas de piano soamente 3 mantiveron un contacto máis ou menos semanal durante todo o estado de alarma. As outras dúas, estudantes de 2.º de Bacharelato e 1.º de carreira, respectivamente, intentaron con esforzo manter o contacto durante os primeiros días pero pronto cederon ante a presión e a falta de tempo. Afortunadamente o seu traballo durante os primeiros trimestres garantían a avaliación positiva do curso. Respecto ao alumnado de piano complementario, das 30 alumnas e alumnos, unha terceira parte (11, para ser exactos) non contaban con acceso a un instrumento para practicar no seu lugar de confinamento. Entre os restantes 19 soamente 8 enviaron “algo” de material, e deles, só a metade mantiveron un contacto que se pode considerar “regular”.

Falta de observación directa do alumnado. A observación dos progresos do alumnado nun vídeo ou gravación de audio (na práctica totalidade de casos empregando un teléfono móbil), por moi boa que puidera ser a calidade (non foi o caso) non poden permitir unha percepción axeitada de aspectos básicos importantes como a calidade do son, a dicitación, o uso do pedal, etc.. e moito menos se pretendemos entrar en sutilezas. Ademais está a falta de resposta “a tempo real” fronte á resposta en diferido que presentaba o método escollido. Esta cuestión concreta tería solución cun sistema de clases por vídeo-conferencia, pero a perspectiva da falta de calidade de imaxe, de son, ou da propia conexión a internet fixeron que me decantara po lo sistema en “diferido”, vendo que este aportaba outras vantaxes. Entendendo que ningún destes sistemas poderán substi-



tuír nunca (soamente complementar) aos resultados que se dan na relación natural, directa e espontánea que se establece no contexto dunha clase tradicional.

Aspectos positivos: O método empregado, lonxe de ser perfecto, permitiu algúns aspectos que me pareceron interesantes inclusive para ser tidos en conta máis aló da necesidade imposta durante o confinamento.

1. O traballo a través do envío de gravacións permitiu ao alumnado un maior control sobre a xestión do seu tempo.
2. A gravación contribúe a fomentar no alumnado un traballo de auto-escoita e de busca da súa mellor versión (dentro de un marco de san perfeccionamento).
3. Para o profesor, as gravacións permiten ser escoitadas repetidas veces para atopar detalles que nunha interpretación en directo poden pasar desapercibidos.
4. Que o alumnado puidese conservar unha serie de copias das partituras traballadas (respectivas ás distintas gravacións enviadas da mesma peza) que reflecían distintos graos de evolución das pezas a través dos comentarios do profesor, que ían insistindo en certos aspectos ou cambiando a outros, e mesmo reducíndose a medida que a peza en cuestión melloraba.. dando ao alumnado a posibilidade dunha perspectiva visual do seu progreso en dito material.

Outro aspecto que me parece importante salienta desta situación excepcional, e xa con independencia do método empregado, é a imposición dun grao de autonomía inédito á que nos vimos sometidos todos os membros da comunidade educativa, poñendo a proba os recursos organizativos de familias, estudantes e docentes, e que no meu caso me levou en varias ocasións a cuestionar os meus métodos didácticos, e mesmo a “imprescindibilidade” da miña función, tendo en conta a cantidade de recursos a nivel global que as (non tan) novas tecnoloxías poñen a disposición daqueles que queren entrar en contacto e mesmo afondar en calquera disciplina. Nunca nos fora revelada con tanta claridade esta nova realidade na que vivimos e que de non ser aceptada e asimilada pode levar ás



actividades como a nosa, na que prevalecen os métodos tradicionais, a un estancamento e mesmo un colapso inevitable. Si ben tamén queda da nosa parte non caer nunha dependencia excesiva das tecnoloxías que podería despertar outro tipo de problemáticas a longo prazo. Mais ben empregalas como ferramenta inestimable para enriquecer a experiencia didáctica e facela máis diversa e global. Recoñezo que este punto, xunto coa baixa resposta do alumnado polas razóns que comentaba máis arriba me produciron momentos de gran desmotivación.

Perspectiva cara ao futuro: Entendendo que, nun futuro inmediato, esta situación poida volver a producirse, forzando novos períodos de confinamento, temos que estar preparados e adaptar a nosa metodoloxía para unha nova realidade de ensinanzas mixtas (presencial/a distancia) que conserven os elementos tradicionais que funcionan, mesturados cos novos recursos que as tecnoloxías nos proporcionen.

Dna. Carmen Carreiras Pita:

Este curso 2019-20 creo que o recordaremos, alumnado e profesorado, durante moito tempo. O 14 de marzo declarouse o estado de alarma, comezou o confinamento da poboación, e dende entón e ata aínda hoxe, 3 de xuño de 2020, as clases pasaron de ser presenciais a ser en liña. Isto supuxo un cambio enorme para todos e todas tanto a nivel persoal como académico. Ter a posibilidade de continuar coas clases a través de internet é unha opción estupenda para continuar coa formación na casa e tamén para ofrecer unha rutina positiva e unha motivación nunha situación tan difícil. A parte negativa disto son as baixas condicións que ofrece para a música no relativo á calidade do son, que difire moito do que serían as clases presenciais.

Quedaríame coa parte positiva. Puiden contactar con todo o meu alumnado. O 95% respondeu excepcionalmente: continuaron practicando co instrumento ao mesmo nivel que o facían, nalgúns casos aínda máis, e o resumo ao final deste curso é que foron capaces de continuar estudiando e tocando e adquirindo máis



autonomía.

As miñas clases consistiron en que me enviaban audios ou vídeos das pezas que interpretaban. Eu os escoitaba e posteriormente facía videochamada na que daba explicacións e facía correccións. Esta forma de traballar resultounos frutífera e práctica a todos, aínda que coincidíamos en que botábamnos moito de menos as clases presenciais.

Subliñar que este método me resultou moi efectivo porque o meu alumnado está entre 3.º e 6.º de Grao profesional, as súas idades entre os 16 e os 20 anos e xa eran alumnado con moito interese e implicación dende hai anos.

Por último, comentar que co alumno de 6.º de Grao profesional, co seu consentimento, fixen unha audición fin de grao online que escoitamos tres profesores do centro, e con tres alumnas de 4.º de Grao profesional unha especie de proba de nivel entre cada unha delas e eu (previamente falado coas familias explicando que non era obrigatoria, senón simplemente como motivación e mostra final do traballo realizado).

D. Saúl Chapela Díaz:

Gran parte do alumnado non dispón nin dos medios técnicos nin dos coñecementos necesarios para establecer unha conexión por videochamada adecuada, coa calidade de imaxe e son necesarias para unha clase instrumental satisfactoria.

O alumnado de grao elemental amosa dificultades para manter o interese e a concentración durante as clases telemáticas. Hai que ter en conta que nesta etapa, ó ser menores de 12 anos, o pensamento abstracto aínda non está desenvolvido e que os seus estímulos sensoriais se están reducindo a unha pequena pantalla.

As materias de conxunto e música de cámara fundaméntanse na práctica presencial con outros músicos. A pesar de ser posible dar indicacións de forma telemática para axudar na aprendizaxe e mellora de cada parte individual, a labor



presencial é insubstituíble para poder acadar os obxectivos destas materias.

Dna. Berta Fresco Bello:

Miña experiencia persoal está sendo positiva, aínda que é unha circunstancia excepcional para todos, e psicoloxicamente é un reto para os alumnos, a resposta de eles nas clases virtuais foi sorprendentemente positiva. Traballaron moitísimo e mantiveron a concentración no traballo diario, aínda que pasaron por rachas de apatía e desmotivación, propios da situación anómala que estamos a vivir. Recoñezo a miña sorpresa polo grado de implicación das familias por manter a normalidade da situación e a rutina de estudo, e a experiencia foi positiva. Se ben é certo que en ocasións, por mor da conectividade, a calidade da comunicación non era boa, e afectaba moito a calidade do son, polo xeral, mantivemos clases moi produtivas. Tamén, como non tiñan clases no colexio,, podíase manter clases máis continuas e/ou máis breves, e eles estaban dispoñibles a calquera hora. Puidemos facer outras actividades que nas clases regulares no conservatorio non hai tempo. Aínda que está claro que as clases individuais son insubstituíbles e que o este sistema virtual ten moitas limitacións, a experiencia foi positiva, e recoñezo que puntualmente, en algúns casos, e de cando en vez, as clases virtuais son posibles.

D. Gonzalo García García:

No meu caso a experiencia foi moi positiva e o desenvolvemento do alumnado, salvo excepcións moi puntuais, incluso mellor que na actividade presencial, se ben é certo, que a pesar desta circunstancia, hai vantaxes pero tamén unha serie de inconvenientes que non son solucionables polo momento sen unha actividade presencial.

A miña metodoloxía nas materias de piano e conxunto baseouse nunhas instrucións claras no procedemento de envío dunha gravación semanal do material proposto para a clase no seu horario habitual, remitíndolles posteriormente unha revisión escrita, partituras dixitais con anotacións, tutoriais gravados polo profesor



e gravacións en liña do repertorio traballado ou proposto como audición.

Cumprindo co calendario habitual de clases, os alumnos interesados e titores legais envían as gravacións do traballo proposto semanalmente por diferentes medios (Dropmail, Google Drive, Whatsapp, correo electrónico...) en formato vídeo con visibilidade das mans como mínimo.

Envíase revisión por escrito da clase, engadindo un tutorial en vídeo do profesor e materiais necesarios, como partituras dixitais con anotacións, links de YouTube....etcétera, levando a cabo un rexistro por días en carpetas dixitais dos envíos e revisións.

En casos necesarios utilizouse a videochamada para resolver dúbidas e diferentes cuestións.

As videochamadas utilizáronse so de forma puntual en casos necesarios, pero nunca como substituto dunha clase presencial polas diferentes dificultades que atopei neste tipo de clases (latencia de son, desigualdade de medios por parte do alumnado, dificultades de ubicación entre o piano, a tableta, móvil ou ordenador e o propio cansazo mental e visual que provocan as mesmas tanto para o profesor como para os alumnos e tendo en conta a franxa tan ampla de idades coas que traballamos.

Así mesmo, no caso de conxunto, a maior parte do tempo o traballo foi individual. A tentativa de unión das partes de forma dixital impide por desgraza o traballo mais fino e importante que se desenvolve de xeito presencial e obxectivo principal da materia.

A gravación das partes, no caso de conxunto, para posterior empaste das mesmas, so permitiu facer un traballo a grosso modo sen poder considerarse minimamente comparable ao traballo presencial polas cuestións tan sutís que se deben traballar a nivel musical. Por outra banda, as aplicacións de gravación como Acapella requiren una contía de subscrición pero tamén a calidade de son depende dos medios con que se grave. O resultado da posta en común das partes



pode orientar ao alumno a grosso modo pero nunca traballar os aspectos que se traballan presencialmente nesta materia.

Vantaxes: Constancia en gravación dos resultados das revisións que permite ao alumno voltar a escoitarse desde fora, ter maior compromiso no proceso de estudo sabendo que ten que gravar o seu progreso ou interpretación permitíndolle a comparación con titoriais enviados polo profesor ou gravacións de YouTube que fomentan un desenvolvemento auditivo que moi poucas veces levan a cabo na actividade habitual aínda que se lle propoña.

Tamén en relación co anterior, a gravación e a revisión escrita das clases outorga maior potestade ao profesor a hora de reclamar a atención do alumno ante a ausencia de progreso.

Tamén se detecta unha maior implicación e compromiso das familias que supervisan o traballo e as revisións escritas do profesor axudando no caso dos máis pequenos ao desenvolvemento e comprensión das mesmas.

Inconvenientes: A aula e o conservatorio outorga unha serie de igualdades, espazos, medios dixitais e materiais dos que non dispoñen todos os alumnos por igual nas súas casas fomentando a desigualdade educativa.

As desigualdades socioeconómicas xogan un papel importante neste aspecto que dificulta aos alumnos con menos recursos a hora de levar a cabo este tipo de actividades por falta de instrumentos musicais en condicións, espazos, equipos dixitais...

A pesar das instrucións de cara a manter unha orde no horario habitual, o feito de facer a actividade lectiva desde a casa implica que en moitas ocasións se tomen liberdades que implican un falso sentimento de obriga de estar a disposición calquera día a calquera hora aumentando considerablemente a carga de traballo do profesor e a invasión da súa privacidade e tempo de lecer.

Se ven, favorece a organización das actividades lectivas con maior flexibilidade desde a casa na maioría das ocasións o tempo de dedicación duplícase e en



moitos casos ata se triplica a hora de planificar e desenvolver o mesmo traballo presencialmente.

Moitas veces o traballo na casa tamén fomenta malas posicións que derivan en dores de costas, dores de pescozo e de cabeza incentivados pola ausencia de espaxamento fora da casa na situación de confinamento. Neste senso, tamén nás últimas semanas notouse unha diminución do rendemento dos alumnos por cansazo acumulado.

D. Sergio Lorenzo Area:

Tras os primeiros días de desconcerto púxenme en contacto cos alumnos por medio do correo oficial, obtiven un entre 20/25% de respostas e contactei cos que non me contestaron ao correo a través dunha chamada telefónica.

Valorei as opcións telemáticas para impartir as clases e xa que a miña materia é só piano complementario, decanteime polo envío de vídeos pola aplicación WhatsApp.

Descartei realizalas por Skype debido aos problemas co retardo entre o son e o vídeo e demais problemas dependendo da velocidade de conexión ou a saturación da rede, descartei o envío de vídeos por correo xa que algúns vídeos que son longos ocupan moitos megas e non permite o envío por correo tendo que recorrer a WeTransfer, o que demanda moito máis tempo ao ter que cargalos e descargalos, cando a Xunta facilitou Cisco Webex Meetings xa estaba adaptado e os alumnos tamén ao sistema do WhatsApp e xa non a probei.

O sistema que realicei consistía nunha previa chamada para poñer traballo e eles enviábanme a obra/s e/ou exercicios da materia gravada/s por medio dun vídeo/s, deixáballes certa liberdade para a peoricidade dos envíos debido a que na situación pola que pasamos, coa tensión e incerteza xerados, algúns alumnos sobrecargados de traballo pola carga de materia do instituto ou facultade... a calidade da clase telemática é baixa e estar contratado a media xornada (co dobre de alumnos non podería deixar esa liberdade horaria) non crin conveniente



presionar ao alumnado, pero hei de dicir que con algúns alumnos tiven contacto tres ou máis veces á semana (tamén recibín mensaxes as fins de semana ou festivos, pero contestábaos ao seguinte día laboral e facíao de luns a venres, non só os martes e xoves que eran os días que impartía de forma presencial). Unha vez recibía os vídeos revisábaos, anotaba os erros e chamáballes telefonicamente para explicar as correccións ou aclaracións, co meu piano diante para que escoitasen os exemplos. Se non entendían algunha explicación porque necesitaban velo, facíalles unha videochamada pola mesma aplicación. Ao ser alumnos de Piano complementario, todos tiñan teclado, os máis "afortunados" de 88 teclas contrapesadas e algúns cun teclado de 5 oitavas.... Corriximos postura, xa que algúns sentábanse en cadeiras e quedábanlles ou baixas ou altas e a distancia do corpo ao teclado.

Este sistema de traballo, permíteche realizar unha primeira capa da interpretación. Podes facer un traballo de lectura, digitación, pedalización, posición....pero debido á baixa calidade do son non podes profundar en aspectos de matices, sonoridades, balances.... ademais de que nalgúns teclados non se podían facer matices, co que nada ten que ver co traballo para realizar de forma presencial e nun piano. O único positivo é que se consegue mellor relaxación xa que o peso das teclas é pouco e non lles custa baixalas como lles custa baixar as do piano, que adoitan tender a tensar máis. Outro punto negativo é o ter que facilitar o meu número persoal ao os alumnos e asumir eu o custo das chamadas e internet (no meu caso persoal, moito mellor que realizar 370 kms para ir e vir de traballar).

Para a miña forma de impartir as clases e entendo que nunha materia instrumental, a forma telemática aínda non é moi produtiva, coa implantación da tecnoloxía 5 G e outras modernas aplicacións que se desenvolvan con esa tecnoloxía é posible que sexa máis efectiva.

Dna. Cecilia Martínez Iglesias:

En xeral na materia de Piano Complementario acadáronse os obxectivos propostos e déronse os contidos previstos a pesares de ter que facer un terceiro



trimestre telemático, con bastantes poucas indicacións por parte da Consellería de Educación.

A ensinanza no terceiro trimestre levouse a cabo combinando materiais e indicacións que se lles enviaba a cada alumno/a por WhatsApp, con links a vídeos explicativos, co obxectivo de resolver dúbidas e traballar os materiais enviados cada semana, respectando os tempos de interiorización e traballo do alumnado. Ao principio o alumnado enviaba vídeos cada semana, despois diminuíu a frecuencia.

Se ben é verdade, que os contidos do terceiro trimestre quedaron menos interiorizados debido a dita situación de confinamento, pois tanto os aspectos técnicos como as explicacións sobre harmonía, forma, improvisación... non se poden facer igual de xeito telemático que no aula, e debido a imposibilidade de tocar xunto co alumnado para axudarlles a corrixir problemas de tempo, poder facer improvisacións a dúo, etc.

Ao facer as clases de xeito telemático, cada contido traballouse con menos exercicios que de xeito normal nas aulas, por iso convén repasar a inicios do curso que ven, os contidos do terceiro trimestre dos diferentes niveis.

Cabe destacar que as notas son máis altas que outros anos, debido á situación de confinamento, onde ao non poder avaliar os contidos da 3ª avaliación, algún alumnado que tiña aprobadas a primeira e segunda avaliación entregou poucos materiais ou ningún e non se lle puido baixar a nota, polo tanto, sí se lle subiu a nota ao alumnado que traballou.

Dentro dos obxectivos non acadados, houbo dous alumnos que por non ter piano nin teclado na casa non puideron traballar os contidos do terceiro trimestre, pero ao ter aprobadas a 1ª e 2ª avaliación aproban o curso. Cos demais traballouse de xeito telemático pero quedaron os contidos harmónicos do terceiro trimestre (estruturas harmónicas, improvisación, cifrado americano) moito menos traballados, centrándonos máis na técnica pianística e na lectura de pezas.



Dna. Mainer Ordozgoiti Egaña:

Resulta difícil e canso poder compaxinar a vida laboral e familiar cando se teñen nenos pequenos a cargo en casa. Ademais, non hai horarios, os alumnos envían vídeos e mensaxes a calquera hora do día e da noite, os sete días da semana, sen importar que sexa festivo ou fin de semana, polo que a sensación de non desconectar do traballo agudízase.

Impartir clases en liña non permiten traballar aspectos como a calidade sonora (debido a que moitos alumnos non teñen un piano en casa, senón teclados, e ás veces de moi deficiente calidade), dixitacións,... Ademais, o feito de non poder axudarlles co contacto físico real a xestualidade necesaria segundo os deseños musicais e o son desexado, fai que sexa tamén complicado traballar e corrixi-lo este aspecto.

A calidade da conexión a internet, a dos domicilios tanto nosos como os dos alumnos, é limitada, e non está preparada para estas clases en liña, repercutindo na percepción da imaxe e son en tempo real (o audio soa antes de verse a imaxe, ás veces córtase a conexión, outras se conxela a imaxe...). Con todo, faise o que se pode.

Clases como a materia de Conxunto non son posibles de impartir, xa que os alumnos que forman o dúo non poden traballar xuntos, nin pola súa conta nin en clase.

O feito de que os alumnos estivesen confinados en casa, xunto cos seus pais, ao seu coidado, e sen acudir ás infinitas actividades extraescolares ás que asisten en situacións normais, permitiulles unha maior dedicación ao estudo do instrumento, e, nalgúns casos, unha melloría inesperada.

Houbo alumnos que tiveron problemas tanto co computador como co teléfono móbil, pola recepción dos traballos que se lles propoñían eran recibidos cun pouco de demora.

É imposible traballar o pedal dereito cos alumnos.



Dna. Eva Palacios Toledo:

A experiencia desta etapa en liña foi moi satisfactoria. En xeral, salvo algunha excepción os alumnos responderon moi ben. Adoptei un sistema adaptado e flexible a cada alumno dadas as circunstancias excepcionais, con envío de gravacións e posteriores comentarios meus. No caso dalgúns alumnos de grao elemental usei vídeo titoriais, xa que teñen dificultades coa autonomía en canto á lectura, e a asiduidade do contacto era moito maior que cos alumnos de grao profesional que son moito máis independentes.

Dna. Sara Peral Hernández:

Malia as circunstancias adversas acaecidas durante o terceiro trimestre, coa crise sanitaria do Sars-Cov-2 e o seu consecuente confinamento que fixo necesario adaptar a docencia á nova situación para impartir as clases a distancia, foron acadados todos os obxectivos. Subliñar a implicación e resposta do alumnado e as súas familias neste confinamento. En xeral, todos reaccionaron de forma mais que satisfactoria, adaptándose ás novas metodoloxías e procedementos das clases telemáticas. Cada un deles continuou co seu traballo, apreciándose mesmo mais dedicación (o alumnado dispoñía de mais tempo para estudar ó non ter que asistir se xeito presencial ás clases, non ter apenas actividades extraescolares...), de tal xeito que o seu progreso non se veu afectado pola situación.

Sinalar, ademais, a especial atención ós aspectos reflectidos nos Temas Transversais da Programación Didáctica de Piano, especialmente, no relativo ó tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación como consecuencia das clases telemáticas durante o terceiro trimestre. Nestas clases foi recorrente o uso de ferramentas dixitais e recursos como o correo electrónico, as ferramentas de videochamada (Cisco Webex Meetings, Hangoust, Skype), as plataformas de envío de arquivos de peso (WeTransfer) ou para almacenar e compartir arquivos (nubes como OneDrive o Google Drive), o uso de diversos sistemas de gravacións de audio e vídeo, o uso de canles como YouTube, entre outros.



Audicións:

No terceiro trimestre, coa situación de excepción e o confinamento, as audicións convencionais non puideron ter lugar, polo que fixemos unha audición de aula dixital mediante a elaboración dun vídeo coas gravacións de todo o meu alumnado (piano e conxunto). Considerei importante que os alumnos puideran compartir o seu traballo malia as circunstancias. A participación foi dun 100% e a actividade foi moi ben acollida.

Ademais, case a totalidade dos meus alumnos participaron na actividade do centro “O CMUS Profesional soa dende casa”, unha actividade que valoro moi positivamente, pois resultou moi motivadora e estimulante para eles. Eu tamén participei nesa actividade cunha interpretación de piano a catro mans xunto a outra profesora de piano

Dna. Susana Pérez Otero:

O principal para impartir clases online é que tanto discentes como docentes teñan unha moi boa conexión e bos equipos, e isto debe ser corrixido dende a Administración naqueles casos nos que nin uns nin outros poidan permitírllo.

No meu caso, teño moi boa conexión. Pero moitos discentes con conexións normais ou equipos con cámaras ou micrófonos malos empeoraban a posibilidade de escoita do instrumento.

Ao entrar na casa dos alumnos vemos tamén o instrumento co que contan. Moitos discentes de PC posúen teclados malos, sen pedais, sen posibilidade de matices... Algúns nin teñen teclado. Isto é difícil de mellorar debido a que é o segundo instrumento. Pero dificulta a labor docente. Claro que sempre se poden traballar aspectos máis dirixidos á harmonía, lectura, transporte,...

Imprescindible é a posibilidade de achegar libros ou partituras por correo electrónico para utilizar nas clases. E que sexan os mesmos para profesor e alumno pois xa me atopei con diferencias en partituras que dificultan a labor docente. Contar con dous equipos un para a clase online e outro para ler as partituras ao



mesmo tempo é necesario se non poden imprimir as partituras. Moitos alumnos utilizan o móbil para ler partituras, é preferible unha tableta. Outra vez os requisitos técnicos dificultan a labor docente.

Aínda que a conexión sexa boa, Skype ou Zoom (na miña experiencia Skype ten un pouco de mellor calidade) teñen limitacións na calidade do son que captan do instrumento. Se os alumnos tocan moi rápido non se distingue moi ben. Tam pouco captan moi ben as distintas intensidades de son ou pedal. Por iso a combinación de clases por Skype e envío de gravacións por parte dos discentes é fundamental. Nunha gravación que podemos ver tantas veces como queiramos apréciase moito mellor a calidade do son.

En clases non presenciais é máis difícil transmitirlle aos discentes os movementos, xestos, relaxación, son...que deben utilizar. A calidade de son é bidireccional. É de supoñer que eles tampouco aprecian ben o son que emitimos dende as nosas casas. Por iso é necesario dispor dun horario máis flexible. As clases dunha hora ou de media no caso de PC non son posibles. As veces falla a conexión, hai que esperar a que o discente atope as distintas partituras que lle solicitamos ou comprenda o que lle estamos a explicar (moito máis lento por Skype).

Ata aquí as dificultades e contras das clases non presenciais.

A maior vantaxe foi poder manter o contacto cos discentes e coas súas familias e continuar co estudo do instrumento. En moitos casos, as familias estiveron máis implicadas neste confinamento coa educación musical dos seus fillos. E agradecidas porque xa dende a primeira semana os seus fillos tiveran contacto con docentes. O contacto con moitos discentes foi máis estreito. Necesitaban o consello e o contacto cos docentes é non só en cuestións musicais. Un rato da clase ao principio ou o fin necesitaban contar as súas inquietudes. Dinme conta de como moitos valoran e precisan da figura do docente.

A posibilidade de observar como é o estudo na súa casa, o instrumento do que



dispoñen, como se colocan ante o instrumento,... serve para corrixir certos defectos que antes non apreciaba.

A existencia dun obxectivo, dunha meta é necesario. De aí que a actividade proposta dende o centro Vigo soa dende a casa foi moi positiva para moitos discentes aínda que as gravacións lles costasen moito. Unánime foi a opinión de todos acerca de que prefiren as audicións en directo.

Tamén importante para manter a seu traballo foi a ánimo constante e as valoracións positivas ao traballo realizado.

Non funcionou moi ben o grupo de Whatsapp de alumnos. A miña intención foi enviarlles propostas de traballo, improvisacións, lecturas a vista que chamasen a súa atención, que colgasen as súas gravacións, que se animasen uns a outros... pero o nivel de participación foi moi baixo. Quizás si se realizase a nivel de departamento sería máis efectivo.

D. Jesús Ernesto Pardal Sicilia:

Dada a situación excepcional que vivimos e que xamais os alumnos sentisen presión por enviar as súas tarefas, propúxenlles que poderían enviar vídeos a través da plataforma WhatsApp e preguntas por correo electrónico calquera día da semana sen importar a hora. Foi unha experiencia moi nova e interesante. As clases en liña tomeinas como clases complementarias, non se poden expor da mesma maneira que as clases presenciais, é necesario o contacto persoal. O que se fala nos vídeos ten que ser moi claro e conciso e evitar a sobrecarga de información; eu gravei vídeos con un bo micrófono por pasaxes, pasaxes que se han de tocar moito máis lento para que o alumno enténdaos mellor; formulei preguntas aos alumnos sobre as pezas que estudan a través do correo electrónico para que vaian adquirindo autonomía. Por último, comentar que o son non se pode valorar en demasía, é bastante irreal.

a).Piano. Sendo os meus alumnos de Grao profesional maiores, independentes e bastante autónomos, deixeiilles que enviasen as pezas cando quixesen para



logo corríxilas e tamén lles puxen improvisacións con videotutoriais. O resultado foi moi bo excepto por dous alumnos que pasaron absolutamente de todo. Entón, centreime moitísimo máis cos alumnos de Grao elemental. Comentar respecto diso, que as familias se entregaron totalmente.

Para os alumnos de Grao elemental, pareceume magnífico o uso do “Apple Pencil” para a tableta e facer todo tipo de anotacións con moitas cores nas partituras en formato PDF e os videotutoriais, nalgúns deles explicaban como tiñan que estudar as mesmas ou como tiñan que facer determinados movementos coas mans e os brazos.

Cos alumnos de Grao elemental ademais do estudo das súas pezas, o que tentei principalmente foi propoñerlles retos para fomentar a curiosidade, por exemplo: tocar unha escala en patrón de cinco dedos e que logo a transportasen a outro ton ou tocar un pequeno estudo en determinado ton e que o transportasen a outro, etcétera, funcionou á perfección.

Utilicei para os dos alumnos de 1.º de Grao elemental acompañamentos en MP3 para as pezas de lectura a vista, así foi para eles moito máis divertido ler.

Traballo de que pequenas improvisacións con indicacións moi claras na partitura do que tiñan que facer.

Traballo de pezas por imitación ou “by rote”. Os alumnos escoitan moitas veces as pezas (sempre pezas variadas e con diferentes patróns rítmicos) en formato MP3, logo ven un videotutorial en inglés (así van mellorando o idioma) explicando lentamente como tocar as pezas e imitan o que fan, e cando a toquen é cando ven e analizan a partitura. En realidade é un reto que motiva e fomenta a autonomía do alumno.

Ao alumno de 3.º de Grao elemental vino máis desmotivado, por circunstancias persoais el necesita moitísimo ter ao profesor preto e que lle axude a xestionar o tempo. Doutra banda, o exceso de tarefas do colexio deixábanlle totalmente esgotado. Entón propúxenlle o reto de transportar escalas e estudos específicos



para tal fin, ademais de que el elixise as pezas que eu lle ensinaba a través de YouTube e darlle as gravacións en formato MP3. Dicur, que o instrumento no que estuda é un piano dixital básico e el dáse conta ao non poder conseguir determinados sons, etcétera. A través das gravacións descubrín que se sentaba diante do piano á altura do peito, e aí deime conta dalgúns dos seus problemas á hora de tocar; comenteille aos pais que lle puxesen unha cadeira alta. De todos os xeitos, traballou moito e a motivación foi en aumento e segue.

Por último, o curioso do alumno de 4.º de Grao elemental é que traballou mellor en liña e con mais ilusión que en clase presencial. Observei que ao ter que gravarse en vídeo, o mesmo obrigouse a tocalo todo dunha vez tentando cometer menos fallos. Foi máis autónomo á hora de solucionar problemas e pouco a pouco foi aprendendo o que é a autocorrección, pero aínda quedalle moito traballo. Ten un piano dixital cuns 10 anos, oíase máis o mecanismo das teclas que o propio son do instrumento, foi imposible corrixir dinámicas, etcétera.

A resposta de todos foi boísima.

b).Na materia de Conxunto de piano, neste caso piano a catro mans e dous pianos, non ten cabida o ensino en liña. Require de dúas persoas tocando xuntas en perfecta sincronía quasi simbiótica. Cuestións propias da interpretación en grupo como a comunicación xestual, sinxelamente non son posibles a través de pantallas.

“Varias son las dificultades que aparecen en la interpretación de este tipo de dúos. Una es la igualdad de los ataques: un pianista puede atacar unas décimas de segundo detrás de un violín, pongo por caso, sin que se cree ninguna mala sensación; pero este defecto repetido varias veces en el piano a cuatro manos produce un efecto realmente insoportable, ya que denota una enorme sensación de falta de compenetración y conjunto; otra, más de aspecto físico si se quiere, es el continuo estorbo que se interfiere entre las dos personas integrantes: el cuerpo, las manos, los cruces de éstas, el levantar a tiempo los dedos de las teclas cuando la coincidencia de ambos en ellas es muy próxima, el terminar las



frases al mismo tiempo, etc., tanto que algunos opinan que es mucho más incómoda la ejecución ante un solo piano que a dos pianos, aunque aquí el problema del ajuste en el ataque sea un poco mayor.” Miguel Zanetti.

Aínda que xa tiñan o mínimo de obras propúxenlles se querían preparar unha nova, comprometéronse pero só un estudó a obra, un auténtico fracaso

¿Que faremos no futuro próximo coa distancia de dous metros no caso de que o virus persista? A lóxica é que haxa dous pianos por clase. Terei que pensar neste futuro próximo unha solución en liña máis ou menos parecida á realidade.

c).Piano complementario. Aínda que os alumnos xa tiñan antes de confinamento material dabondo para estudar, decidín enviar por correo electrónico unha serie de actividades sinxellas por se querían facelas. Fíxeno así por dúas cuestións principais:

1. A maioría dos meus alumnos están a cursar 2.^o de Bacharelato en contáronme que estaban saturados de tarefas.

2. Pensei en cómo poderían afrontar esta situación tan tremenda na súa etapa de adolescencia tardía, onde o choque coa realidade pode ser moi duro.

Por lo tanto, preferín enviarlles actividades lúdicas, que fomentasen a creatividade, a autonomía, a autocorrección, etcétera e sendo o profesor case suplementario.

Tipo de actividades: Improvisacións sinxelas con videotutoriais en YouTube; musicogramas sinxelos da páxina Música encriptada, pódense crear melodías en logo harmonizalas; pezas de imitación ou “by rote”, o alumno escoita moitas veces una peza en formato MP3, logo ve un vídeo tutorial en inglés explicando lentamente como tocar a peza e imita o que fan, e cando a toque ve a partitura; estudo dun blues con apoio de partitura e MP3, etcétera.

Un alumno gaiteiro pediume melodías do folclore galego para ler e harmonizar, na páxina do Consello da Cultura Galega atopei de acceso libre O Arco da Vella



de Antonio Cerviño Loira, un método de piano baseado na música folclórica de Galicia, o alumno sentiu máis motivación que nunca.

Os resultados foron óptimos.

Alina Pociute Pociute:

Despois de probar diferentes opcións, decanteime por gravacións. Os alumnos enviábanme as súas gravacións semanalmente, vía Google Drive ou mensaxería (Whatsapp) e eu enviáballes os comentarios vía mensaxería (Whatsapp) foi para min a ferramenta máis útil porque permite combinar rapidamente texto, audio, vídeo, fotos con subliñados, etcétera).

Con algúns alumnos probei as videoconferencias (Webex, Skype, Zoom...), pero finalmente só servíron para cousas moi puntuais, xa que para dar as clases integramente vía videoconferencia, a calidade de son deixaba moitísimo que desexar. Tentei poñer en marcha tamén o Source Connect, pero non fun capaz.

En xeral, con alumnos de cursos de Grao profesional máis baixos (1.º, 2.º e 3.º) a experiencia foi satisfactoria. Cos alumnos de cursos de Grao profesional altos (5.º), non tanto; pola natureza do traballo para desenvolver e pola extensión do repertorio en si (sobre todo de alumnos destacados como é o caso de Alba Raña Barreiro), fíxoseme difícil traballar mediante gravacións, e as videoconferencias non ofrecían a calidade de son suficiente, ademais de fallos de conexión, desfacementos de imaxe, son, etcétera.

Dña. Blanca Vázquez Hermida:

A miña experiencia coa docencia online foi en xeral boa, pola excelente disposición do alumnado e as súas familias, pero nin moito menos semellante ás clases presenciais.

O contacto persoal nunha clase de instrumento é primordial. Cos alumnos pequenos é máis difícil manter a súa atención e corrixirles a posición do pulso ou a dixitación se non estás con eles, e nos cursos máis avanzados o son obtido



nunha gravación ou na clase online non reflicte a realidade.

A conexión de internet variaba moito e ás veces tiñamos que parar e volver a intentalo outro día.

Con respecto ao instrumento, tres dos meus alumnos estudan nun teclado, polo tanto é moi complicado traballar aspectos da técnica, dos planos sonoros ou do pedal. Ao non poder ir ao conservatorio perden o contacto semanal que tiñan co piano.

Non sei se haberá disciplinas máis técnicas nas que sexa doado facer clases online, pero ao meu parecer a música non é una delas.

Aínda así penso que foi unha solución moi válida aplicada a unha situación excepcional que ninguén agardaba, e teño que dicir que me sorprende gratamente o traballo dos meus alumnos.



6.11 Departamento de Vento Madeira

6.11.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

138 alumnos

-Alumnado por materia

Clarinete: 49

Frauta: 26

Saxofón: 33

Óboe: 18

Fagot: 12

6.11.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Todos os alumnos (excepto a alumna Celia Mencía Denham Matías que deixou de asistir a clase dende Nadal) superaron os mínimos esixibles e prepararon por completo o programa do curso (incluído o do 3º trimestre) (Andrea Álvarez). Case todos (Felipe González, Iago Lariño e David Arroyos). Todos (Javier Abalde*, Iago Lariño, Oscar Abel Sánchez, Carolina Martínez e Olalla Álvarez). Os mínimos reflectidos na programación xeral do curso (Alejandro Alonso).

-Obxectivos non acadados

Audición e proba de aula do 3º trimestre (Andrea Álvarez). Adquirir unha técnica de estudo rendible. A maior parte do alumnado non se organiza o estudo (Felipe González). *Ao respecto dos obxectivos que inciden tanto no grao elemental como profesional referidos a interpretación/actuación pública como elemento de comunicación artística, e que reflecten nos mínimos esixibles coa obrigaón de



interpretar tres pezas ou obras ao longo do curso, sinalar que no terceiro trimestre estas substituíronse polo envío por parte do alumnado dunha gravación con acompañamento das obras traballadas. O mesmo tempo e xa que temos pautado probas trimestrais de contidos máis relacionados coa adquisicións de aspectos técnicos”, estes tamén foron suplidos co envío de gravacións de estudos representativos do curso (Javier Abalde). Ninguno (Alejandro Alonso, Oscar Abel Sánchez, Carolina Martínez e Olalla Álvarez). Non se puideron realizar as audicións previstas para o segundo e terceiro trimestre (Iago Lariño e David Arroyos).

6.11.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Organización do centro, avisos e instrucións claras e con suficiente antelación (Andrea Álvarez).

Cordialidade entre os compañeiros. Cabe destacar a labor da directiva e especialmente do director, impecable (Felipe González).

Ningún (Javier Abalde e Carolina Martínez).

Eficiencia moi alta e sintonía entre o equipo directivo e o xefe de departamento que facilita o traballo do profesorado (Alejandro Alonso).

O documento do seguemento do alumnado e o uso do correo electrónico para a comunicación tanto co centro coma cos profesores. Por extensión, a organización xeral do centro (Iago Lariño).

Gran capacidade de traballo e diálogo entre compañeiros, equipo directivo e persoal do conservatorio. Excelente atención e axuda para calquera necesidade (Oscar Abel Sánchez).

Como aspecto positivo a destacar no funcionamento xeral do centro diría que é a organización de todo o calendario escolar con: avaliacións, audicións, claus-tros, que xa se nos presenta ao inicio de curso (Olalla Álvarez).

O compromiso de todos os membros do departamento no referente ao cumprimento dos prazos establecidos na achega da documentación e o ambiente de



cooperación e a cordialidade coa que transcurriu todas as reunións e actividades durante o curso. Por outra banda a axuda permanente do equipo directivo no desenvolvemento das miñas tarefas como xefe de departamento (David Arroyos).

6.11.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Ningunha (Andrea Álvarez, Felipe González, Oscar Abel Sánchez e Carolina Martínez).

Departamento: Detallar os indicadores aos que se refiren os aspectos recollidos na ficha de calibración, como elemento de unificación no departamento no proceso de cualificación e por tanto avaliación do alumnado e profesorado. Retomar as audicións públicas do alumnado que finaliza grao.

Centro: Investir en material informático para o aula, para o rexistro da documentación da actividade docente. Realización de actividades de formación relacionadas con ferramentas dixitais para soporte documental e audiovisual. Realización de actividades de formación ou grupos de traballo relacionados coa mellora da proposta de traballo que propoñen as programacións didácticas en relación o seu desenrolo práctico. Dispoñer de máis tempo para a realización das audicións públicas. Dispoñer da dotación bibliográfica para o aula ou biblioteca incluída nas programacións.

Relacionados co desempeño da actividade docente por tele traballo: Contar coas ferramentas (dispositivos, aplicacións optimizadas, rede) necesarias por parte de docentes e alumnado para poder prestar un servizo cunha mínima calidade, se fora preciso. Incluír nas programacións aqueles aspectos relacionados co tele-traballo que modifican a metodoloxía de traballo e avaliación do alumnado e a práctica docente, e que propicien unha resposta educativa unificada e de igualdade por parte das especialidades e departamentos didácticos, similar a que se pode ofrecer en condicións normais (Javier Abalde). Maior esforzo dalgúns compañeiros en tratar de deixar na casa as súas guerras personais para axudar a



fomentar a cordialidade profesional mínima necesaria nun centro educativo polo ben de toda a comunidade educativa (Alejandro Alonso). Realizar a asignación das clases colectivas previamente á elección de horarios para evitar que estas queden situadas en horarios de comezo ou final da xornada. Reparar o frautín do centro así como revisar a parede da aula contra a que golpea a fiestra ao abrir xa que ocasionou un pequeno desperfecto polo uso (Iago Lariño). Sería moi interesante unha clase colectiva para os alumnos de óboe de grao elemental, xa que neste grao os alumnos non teñen ningunha clase en grupo é isto motiva moito cando se comenza a estudar un instrumento. Outra mellora que suxiro é a de seguir mercando partituras da especialidade de óboe para ampliar as que xa temos na biblioteca. Tamén sería de gran utilidade dispoñer dun óboe profesional na nosa aula. A nosa especialidade require de traballar na confección de cañas para o óboe, polo que sería moi interesante que os alumnos de grao profesional tiveran ademáis da súa clase individual de instrumento unha clase colectiva para poder iniciarse ou perfeccionarse cas súas propias cañas. Así como moi necesario mercar unha máquina de raspado para as cañas xa que ata o momento teño que estar empregando para os alumnos a miña máquina personal (Olalla Álvarez). O fagot Schreiber, destinado ao prestamo para o alumnado, precisa dun servizo de mantemento completo urxente (David Arroyos).

6.11.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Realización de probas de aula no 1º e 2º trimestre (Andrea Álvarez). No período do confinamento fixen unha actividade de achega ao repertorio e técnica klezmer (Felipe González). Ningunha (Javier Abalde, Alejandro Alonso, Iago Lariño, Oscar Abel Sánchez, Carolina Martínez e Olalla Álvarez). Taller de improvisación: La improvisación como elemento compositivo o 18 de decembro de 2019 (David Arroyos).



6.12 Departamento de Vento Metal

6.12.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

76 alumnos de especialidades instrumentais.

18 alumnos de materias optativas.

-Alumnado por materia

Trompa: 19

Trompa (M^a del Pilar Simeó): 12

(1^oGE) 1, (2^oGE) 2, (3^oGE) 1, (4^oGE) 1. Total: 5

(1^oGP) 2, (2^oGP) 1, (3^oGP) 3, (5^oGP) -1. Total: 7

Trompa (Sergio Noche): 3

(2^oGE) 1, (3^oGE) 1. Total: 2

(3^oGP) 1. Total: 1

Trompa (Óscar Davila): 4

(3^oGE) 1. Total: 1

(2^oGP) 1, (5^oGP) 2. Total: 3

Trompeta: 24

Trompeta (Luís González): 19

(2^oGE) 2, (3^oGE) 1. Total: 3

(1^oGP) 2, (2^oGP) 1, (3^oGP) 5, (4^oGP) 3, (5^oGP) 1, (6^oGP) 4. Total: 16

Trompeta (Javier González): 5

(1^oGE) 1, (3^oGE) 1, (4^oGE) 1. Total: 3



(6ºGP) 2. Total: 2

Trombón: 16

(1ºGE) 2, (2ºGE) 1, (3ºGE) 3, (4ºGE) 1. Total: 7

(1ºGP) 1, (2ºGP) 3, (4ºGP) 2, (5ºGP) 1, (6ºGP) 2. Total: 9

Tuba/Bombardino: 17

(1ºGE) 2, (2ºGE) 2, (3ºGE) 1, (4ºGE) 4. Total: 9

(1ºGP) 2, (2ºGP) 1, (3ºGP) 2, (4ºGP) 1, (5ºGP) 2. Total: 8

Optativa: Conciencia Corporal E Equilibrio Tónico - 12 (6ºGP)

Optativa: Improvisación - 7 (6ºGP)

6.12.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Avaliación diagnóstica do alumnado

Realización dun plan anual de formación do profesorado

Reservar a principio de curso o auditorio para o recital de fin de curso do alumnado de 6ºGP.

Revisar cos pianistas acompañantes a preparación das obras de cara as audicións.

Comunicar aos pianistas acompañantes os horarios das audicións e ter en conta as súas horas de clase de piano.

Conciliar os horarios do alumnado coas materias teóricas e cos centros de ensino xeral para escoller horarios de audición e pianista acompañante.



Entregar as partituras e os listados do repertorio aos pianistas acompañantes.

Crear unha carpeta do Departamento compartida en Dropbox para facilitar a elaboración de documentos como o seguimento do alumnado.

Continuidade das Materias optativas : CONCIENCIA CORPORAL E EQUILIBRIO TÓNICO, impartida por Luís Juncal, e materia de Improvisación impartida por Antonio Rodríguez.

Impartir unha clase colectiva de trombón.

Participar no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Realizar o Inventario das aulas.

Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta en trombón e bombardino.

Participación no concerto “TubaNadal”

Manter os instrumentos do centro en condicións axeitadas para o correcto uso.

-Obxectivos non acadados

Utilización de partituras orixinais por parte do alumnado.

Creación da materia optativa “A orientación profesional”.

Concertos de divulgación “Música por un tubo” dos instrumentos de vento metal nos centros de educación primaria do entorno do conservatorio.

Participar en actividades complementarias e extraescolares como o concerto anual no auditorio do Concello de Vigo.

6.12.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

As audicións trimestrais durante tres semanas.

Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos



instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo no periodo de confinamento pola enfermidade da Covid-19.

Proxecto “soa dende a casa”, desenvolto no terceiro trimestre que permite ao alumnado e ao profesorado facer unha homenaxe as persoas que traballan contra a pandemia e ás que a sufriron.

Desenvolvemento das clases no 3º trimestre, onde a pesar das dificultades pola pandemia da covid-19, se levaron a cabo co esforzo do alumnado e o profesorado.

6.12.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

C14. Modificar o mercar un gancho para pechar as ventanas que sexa cerrado, xa que o que temos e aberto e é moi complicado pechar e abrir as ventanas.

Aula C14 e B9. Mellorar a acústica e falta de insonorización para mellorar as condicións de saude auditiva do profesorado e o alumnado.

Aulas C15 e C14. Piano de parede para as aulas para mellorar a entoación e a comprensión do repertorio traballado.

Aula B9. Un equipo de audio ou uns altosfalantes de maior calidade.

Para conseguir que o alumnado de tuba comence os seus primeiros cursos coa tuba e non co bombardino, necesítanse instrumentos adaptados para alumnado de 8 anos de idade. Recoméndase ter unha Tuba de pequenas dimensións no aula do Centro para estes casos. Tubas recomendadas:

BBb Travel Tuba (Tornister Tuba)"Mighty Gnome" TC160 (<https://eu.wessex-tubas.com/products/bbb-travel-tuba-tornister-tuba-mighty-midget-tb160>)

CC Travel Tuba (Tornister Tuba) "Mighty Gnome" TC161 (<https://eu.wessex-tubas.com/products/cc-travel-tuba-tornister-tuba-mighty-gnome-tc161>)



Instrumental: para fomentar o alumnado de trompa necesítase unha trompa de pequeno tamaño para o alumnado de 1ºGE, un trombón baixo e para explicar os instrumentos afíns unha trompa natural.

Equipamento: sordinas e aparatos de respiración. Controlador de presión da boquilla.

Impartir unha ou varias clases colectivas de tuba/Bombardino.

Nas audicións trimestrais ter as horas do departamento de vento metal do auditorio unidas. Deste xeito, intentarase reservar o auditorio o resto das horas de ese mesmo día para poder facilitar ao departamento a súa organización e así promover o día dos instrumentos de vento metal unha vez por trimestre.

Reservar o auditorio para as audicións do recital de fin de grado profesional do departamento de vento metal no mes de setembro para facer os recitais na primeira semana de maio, evitando así as ter ocupado o auditorio nesas datas de moita actividade.

Realizar concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de primaria próximos e nas escolas de música de Vigo (bandas). Necesidade dun tríptico con información do Centro (matrículas e probas) para repartir ao alumnado asistente.

Estratexias para motivar o estudo: Clase colectiva de instrumento. Ensaio con piano de varios alumnos-as conxuntamente. Facer audicións de todo o alumnado do mesmo curso (1ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa), (2ºG.E tuba, trompeta, trombón, trompa).

Investigar e idear novas estratexias que poidan paliar ou evitar as enormes dificultades para desenvolver o noso traballo, xurdidas a raíz do confinamento pola Covid-19. Dadas as características das nosas ensinanzas e as tecnoloxías dispoñibles tanto para o profesorado como para o alumnado, resulta absolutamente imposible desenvolver cun mínimo de garantías unha valoración axeitada, rea-



lista e coherente do traballo realizado polo alumnado a través dos medios tecnolóxicos aos que temos acceso, a todas luces insuficientemente, desenvolvidos e preparados para a realización do noso traballo.

6.12.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións trimestrais de grao elemental ca participación conxunta do alumnado de tuba, bombardino e trombón.

Asistencia a concertos dentro das instalacións do Conservatorio.

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio.

Participación no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Participación no proxecto “soa dende a casa”

TubaNadal 2019



7. Comisión de coordinación pedagóxica

7.1 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 1

1. Elección de novos coordinadores/as para o presente curso académico.
2. Informe da xefatura de estudos sobre a planificación e procedementos de xestión para o presente curso académico.

7.2 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Elección da secretaría do órgano de coordinación didáctica.
3. Seguimento do alumnado do mes de outubro.
4. Propostas para o Plan Anual de Formación do profesorado.
5. Rogos e preguntas.

7.3 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de novembro.
3. Informe de matriculación excepcional en máis dun curso.
4. Rogos e preguntas.

7.4 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 4

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de xaneiro.



3. Entrega, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos para proceder á revisión anual.
4. Informe preliminar sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

7.5 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 5

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de febreiro.
3. Recollida, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos.
4. Informe sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.



8. Equipo de dinamización da lingua galega

8.1 Obxectivos para o trimestre

Os obxectivos neste terceiro trimestre, como cada ano, estaban centrados nas actividades arredor da Semana das Letras Galegas. A situación de pandemia polo Covid-19 nesta recta final de curso, fixo que estes obxectivos plantexados nun principio, trocasen por outros, buscando alternativas para as actividades programadas. Podemos resumilos nos seguintes:

Darlle publicidade ás actividades do EDLG explorando novas posibilidades.

Divulgar a figura de Carvalho Calero, homenaxeado este ano das Letras Galegas.

Informar da celebración de cursos Celga 4 e outros relacionados coa lingua galega.

Seleccionar actividades que impliquen o uso da lingua galega, tentando implicar ao maior número de persoas da comunidade educativa.

Conseguir que a totalidade das comunicacións internas se realicen en lingua galega.

Elaborar unha listaxe coas actividades programadas coa información do estado de cada unha delas a efectos de realización, aprazamento ou cancelación das mesmas.

8.1.1 Obxectivos acadados

Incluíuse no espazo da web do centro, unha páxina con información sobre actividades realizadas e anuncios de outras por realizar. Dentro deste espazo web introducíronse links á portais con información sobre a vida e obra de Carvalho Calero, así como lugares de interese relacionados coa lingua: dicionarios, tradutores, convocatorias oficiais de celebración de cursos e exames para a obtención de certificacións lingüísticas oficiais, etc.



As comunicacións internas realízanse de modo xeral en galego.

Elaborouse unha listaxe coas actividades programadas, e na descrición das actividades detallamos en que estado se atopa cada unha.

8.1.2 Obxectivos non acadados

Moitas das actividades propostas para este trimestre tiveron que ser canceladas ou aprazadas pola imposibilidade de celebración de actos públicos no auditorio. Na descrición das actividades figura a información detallada ao respecto.

8.2 Aspectos positivos a destacar

A participación de alumnado e profesorado na elaboración de materiais alternativos durante estes meses.

8.3 Propostas de mellora

Implementar para o curso que vén máis actividades para celebrar online e en streaming, podendo contar con persoas que se atopen lonxe fisicamente tanto para a realización como para a recepción das mesmas.

Ampliar o número de persoas implicadas no equipo, principalmente dos diferentes departamentos do centro, para poder ter acceso ás necesidades de cada un e programar actividades que impliquen á totalidade do alumnado.

8.4 Actividades

Neste apartado referenciamos as actividades programadas, principalmente arredor da Semana das Letras Galegas, indicando cales foron realizadas cambiando aspectos para facelas viables, cales foron aprazadas con datas aproximadas e cales foron canceladas:

Espazo EDLG dentro da páxina web do centro - Realizada

Difusión das actividades realizadas a través das redes sociais - Realizada



Punblicación online da Revista CUTTIME 2019/2020 aprazada - prevista publicación en setembro-outubro.

Impresión en papel da Revista CUTTIME 2018/2019 – Realizada (sairá á imprenta durante o presente mes de xuño)

Coñece o noso conservatorio, coñece o teu conservatorio – Realizada (2º trimestre)

Representación do VII Club de lectura e escritura con enxeño, CLUB ENXEÑAR – Realizada (con gravacións das interpretacións nas casas dos participantes durante o confinamento).

Charla – concerto “A Musette” a cargo de Nadia Vázquez: Aprazada (curso que vén, sen data).

Música galega para piano. “Os precursores” a cargo de Alejo Amoedo: Aprazada (maio 2021, sen data).

Concerto de Canto e RTA: Cancelada

Concerto Coro e Conxunto de metais: Cancelada

VI Día da Música Galega. Memoria e difusión bautizando as aulas do centro cos seus nomes: Aprazada (Clase de linguaxe, curso que vén sen data)

E-TRAD - Concertos e actividades cos centros da contorna: Cancelada

VI Memorial Henrique Otero - Concertos e actividades cos centros da contorna: Realizada (mediante a preparación do repertorio previsto co alumnado de gaita, incluíndo o mesmo no programa do terceiro trimestre)

Música e sinestesia – performance: Cancelada



9. Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

9.1 Obxectivos para o curso

- a) Organizar as actividades a realizar con tempo suficiente:
- b) Establecer mecanismos de mellora para facer difusión de todas as actividades que se realizan no Conservatorio.
- c) Realizar as tarefas asignadas de forma eficaz.
- d) Idear novas actividades para este curso académico.

O 14 de marzo de 2020 decretouse os estado de alarma no noso país polo COVID-19 e a actividade lectiva, así como todas as actividades programadas, quedaron suspendidas.

Durante o confinamento, en reunión do equipo directivo, a coordinadora de grao elemental propuxo realizar a actividade da publicación dos vídeos do alumnado e profesorado, a cal foi apoiada pola vicedirección do Centro. Posteriormente, nunha reunión on line do equipo de actividades celebrada o 14 de maio puxemos en marcha devandita actividade co título “O CmusprofesionalVigo soa dende a casa”.

9.1.1 Obxectivos acadados

Todos os do primeiro e segundo trimestre e, a maiores, poñer en marcha a actividade “O CmusprofesionalVigo soa dende a casa” e motivar ao alumnado e profesorado a tocar dende a casa e poder dedicar as súas interpretacións a quen ou quenes considerasen.

9.1.2 Obxectivos non acadados

Tivéronse que suspender os actos de graduación.

9.2 Aspectos positivos a destacar



Implicación por parte de todos/as os compoñentes do equipo de actividades nas actividades e tarefas a realizar.

Organización das actividades tendo en conta a toda a comunidade educativa.

Participación masiva na actividade “O CmusprofesionalVigo soa dende a casa”.

Publicitación dos actos en redes sociais e en prensa.

Participación masiva na actividade “O CmusprofesionalVigo soa dende a casa”.

9.3 Propostas de mellora

Máis participación e interrelación cos diferentes departamentos.

Publicitar os actos en redes sociais e en prensa.

9.4 Actividades realizadas (confinamento)

-“O CmusprofesionalVigo soa dende a casa”.

Comezamos publicando un vídeo diario en Youtube, Facebook e Twitter, e agora pasamos a dous pola gran cantidade deles que temos: un total de **85 vídeos de diferentes especialidades instrumentais ou materias**. Estas publicacións continuarán durante todo o mes de xuño. Todo o alumnado (a través dos seus titores/as como máximos responsables) ou profesorado participante fixo entrega das pertinentes autorizacións de uso de imaxe.

-Almacenamento das gravacións realizadas das actividades organizadas polo Equipo de Actividades.

9.5 Tarefas realizadas polos membros do EA

9.5.1 Cecilia Blanco Formoso.

Publicacións nas redes sociais (Twitter)..

Títulos dos vídeos da actividade “O CmusprofesionalVigo soa dende a casa”.



Propostas para un bo funcionamento dos concertos e para mellorar a asistencia de público.

Asistencia ás reunións presenciais e on line.

Redacción e correccións dos textos dos diferentes eventos realizados durante o curso.

Redacción e correccións de cartelería durante o curso.

Preparación e apoio durante os concertos.

Propostas para a mellora da asistencia de público aos concertos.

Preparación de todos os aspectos relacionados cos actos de graduación.

9.5.2 David Arroyos Juan.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Clasificación de prensa.

Propostas para a mellora da asistencia de público aos concertos.

Xestión orzamento da cámara fotográfica.

Memoria fotográfica.

Memoria das notas de prensa do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Asistencia ás reunións presenciais e on line.

9.5.3 Antonio Rodríguez Iborra.

Descarga dos arquivos e edición de vídeo, sincronización audio/vídeo, ecualización e masterización do audio, renderización...

You Tube: subida e edicións de vídeo, engadir comentario, engadir tags, ordenar por concertos.



Sound Cloud: subida de audios ordenados por PlayList, engadir comentario, engadir tags e engadir imaxe de miniatura.

Publicar en redes sociais (Facebook, Google+ e Twiter).

Ordenar (Audio, Vídeo e Fotos) no disco duro do Estudo de Gravación e posterior copia de seguridade.

Asistencia ás reunións presenciais e on line.



10. Coordinación do grao elemental

10.1 Obxectivos para o curso

1. Atender ás necesidades que poidan xurdir nos Departamentos con respecto ao alumnado do grao elemental.
2. Apoiar e acompañar ao Xefe de Estudos para recibir ás familias que presenten algún tipo de dúbida, petición, queixa, etc.
3. Supervisar semanalmente as titorías solicitadas ao profesorado.
4. Xestionar o préstamo instrumental.
5. Revisar e actualizar o libro de afinacións dos pianos.
6. Organizar e presentar a charla de acollida ao alumnado do 1º curso do grao elemental.
7. Establecer e organizar os reforzos de linguaxe musical.
8. Preparar a actividade “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio”.
9. Realizar o acollemento ao profesorado que se incorpora ao centro.
10. Planificar as sesións de Avaliación xunto ao Xefe de Estudos.
11. Organizar e presentar a sesión informativa para os aspirantes da proba de acceso a 1º curso de Grao Elemental e a 1º curso de Grao Profesional.
12. Contestar as dúbidas das familias en canto a probas de acceso, actividade “Coñece”, diferentes aspectos do alumnado de 1º GE, etc que chegan por email a través da sección da páxina web destinada a tal fin.

10.1.1 Obxectivos acadados

Os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 12.



10.1.2 Obxectivos non acadados

O número 11 non se puido levar a cabo na súa totalidade. As charlas foron planificadas e mesmo ampliadas respecto a anos anteriores mais non se puideron realizar as sesións (que ían ter lugar en abril) por mor da fin da actividade presencial motivada polo Estado de Alarma. Do mesmo xeito o obxectivo número 8 tampouco puido finalizarse xa que tan só se puideron levar a cabo sete das dezas seis quendas da actividade.

10.2 Aspectos positivos a destacar

Comunicación constante, axuda e apoio do Equipo Directivo. Considero fundamental a dinámica de traballo que se xerou neste Equipo xa que permite que os obxectivos se cumpran dunha maneira doada, positiva e moi efectiva, que redunde nunha alta calidade de moitos aspectos no conservatorio. En especial destaco a axuda brindada polo Xefe de Estudos Javier González e do director Sergio Noche que me apoian e reforzan constantemente.

O bo ambiente de traballo. Exceptuando moi poucos compañeiros a maior parte do claustro (diría que o 95%) crea un ambiente de traballo moi positivo, activo, enerxético e colaborador o que fai que a miña labor como coordinadora sexa moito mais doada e agradecida.

A implicación da profesora Cecilia Martínez na actividade “Coñece o noso conservatorio, coñece o teu conservatorio” tanto na preparación do material a utilizar, como na consecución da actividade realizando as dúas sesións semanais. Tamén quero destacar a implicación de todos os Titores e Titoras dos diversos instrumentos participantes, que dedicaron unha parte das súas clases, semanalmente, a atender aos participantes.

10.3 Propostas de mellora

Mellorar a acción titorial do profesorado, aumentando a comunicación interdepartamental.



Mellorar a implicación por parte do alumnado de grao elemental nas actividades que se organizan no centro.

Mellorar a implicación das familias nos hábitos de estudo musical dos seus fillos/as.

10.4 Actividades realizadas

Revisión e supervisión do rexistro de avisos de **titorías** ao profesorado. Rexistráronse un total de 34 titorías no 1º trimestre e 32 titorías no 2º trimestre, das cales 3 non se uideron chegar a realizar.

Xestión do **préstamo instrumental**, tanto externo como interno. Tramitáronse seis préstamos externos, tres de Contrabaixo e tres de Fagot, e unha devolución dun dos Contrabaixos no mes de marzo.

Revisión dos libros de **afinacións** dos últimos cursos e realización dun novo libro de rexistro de afinacións. Realizáronse entre setembro e xuño 28 afinacións a pianos verticais, 20 afinacións a pianos de cola, 8 afinacións ao piano do auditorio, así como sete arranxos de cordas, martelos e apagadores.

Organización dos **reforzos de linguaxe musical**, actividade dirixida a aquel alumnado de todos os cursos de LM que non evolucionan da forma desexable. ofertando horas para tal fin repartidas para os distintos cursos de LM.

Posta en funcionamento da xornada de portas abertas “**Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio**”. Actividade dirixida ao futuro alumnado do centro que ten intención de facer as probas de acceso ao 1º curso do grao elemental. Houbo unha participación de 56 nenos e nenas, distribuídos en 16 quendas de dúas sesións cada unha (as sesións tiveron duración dunha hora).

Elaboración conxunta co xefe de estudos do seguimento das **avaliacións** dos cursos de grao elemental e grao profesional. Revisáronse os casos de alumnado con moitas ou todas as materias suspensas, casos de mal comportamento e



pérdidas de avaliación continua.

Revisión da **guía do alumnado**. Implementouse un párrafo relativo ao protocolo de actuación en caso de enfermidade. Revisión da páxina web na sección dos documentos relativos ao acollemento de alumnado e profesorado.

Realización da **charla de acollemento ao alumnado e familias de 1º de grao elemental**. Realizouse unha charla cos contidos que consideramos necesarios para este alumnado e as súas familias tales como instalacións, horarios, avaliacións, sistema de audicións, ensaios con pianistas acompañantes, orientacións sobre estudo, etc seguido dunha rolda de preguntas e a presentación da representante da ANPA.

Realización da sesións de **acollemento ao profesorado** de nova incorporación nas que se tratan os seguintes aspectos: documentación, instalacións, sistema de entrega de chaves de aulas, horario, gardas, axenda, calendario, convocatorias e reunións, función titorial, actividades, funcionamento do parking e entrega da enquisa de acollemento.

Organización da **xornada informativa aos aspirantes ás probas de acceso a 1ºGE e 1ºGP** na que se tratan os seguintes aspectos. Documentación necesaria para as probas, contidos, prazos de inscrición, resolución de dúbidas.

Realización dun documento de **preguntas frecuentes** relativas ás probas de acceso, tanto a 1ºGE como a 1º GP. Nel reflectíronse cuestións como proceso de matrícula, desenvolvemento das probas, condicións de reparto de prazas, etc.

Apoio constante ao xefe de estudos na **resolución de problemas** do profesorado, alumnado e familias. Realicei unha media dunha reunión semanal.



11. Coordinación das tecnoloxías da información e comunicación

11.1 Obxectivos para o curso

Realizar un mantemento dos equipos da biblioteca, da sala de profesores, e os ubicados nas aulas colectivas así como na red Wifi do Centro e o Drop Box.

11.1.1 Obxectivos acadados

Houbo varias incidencias, como as modificacións feitas pola empresa Drop Box limitando o número de Megas e de equipos. Así pois limitouse a 25 mg de espazo por docente. Revisando aqueles que sobrepasen dita cantidade e dando aviso do seu exceso.

A maiores, houbo referencia dunha incidencia na aula B6 por canto o proxector e o computador da aula. Fixen unha actuación sobre o proxector mellorando o enfoque manualmente e despois na configuración.

Por canto o computador, encontreime con una configuración con clave (descoñecida para min) para actuar co navegador Fire Fox. Haberá que actualizar os datos das configuracións de dito computador e ter as claves de acceso para poder reparar o configurar os erros que xurdan.

A UAC, comunicou un acceso de tráfico malicioso á rede do Centro con identificación de IP e dirección fixa. Procedín á pescuda do software malicioso coas app recomendadas pola UAC, e comuniquéi de ser moi difícil por canto temos servidor DHCP no centro. O propio operador da UAC cerrou o expediente ao comprobar a dificultade da localización.

Ao finalizar o segundo trimestre vímonos insertos no confinamento decretado polo goberno pola alerta sanitaria, e non fixen máis horas presenciales no Centro.

Non obstante, mantuve comunicación co equipo directivo pola posible axuda que



poidera brindar de cara ás plataformas dixitais e os recursos para que os docentes poidan verter as súas clases no formato on line.

A dirección ampliou o Equipo de Dinamización TIC, de cara ao funcionamento do curso que ven, e preparar así o acceso dos docentes menos capacitados dixitalmente a dita conversión.

11.1.2 Obxectivos non acadados

Quedan varias actuacións que me fixei como obxectivos, que gustaríanme facendo poda, para os cales necesito estar fisicamente no Centro, e como non son prioritarias actualmente non se desenvolveron.

Unha de elas é a ampliación do wifi na sala de profesorado que aínda ás veces está moi difícil de conectar.

A outra é deseñar unha taboa coas direccións IP fixas para ter localizados todos os dispositivos en caso de outro ataque malicioso por software descoñecido.

11.2 Aspectos positivos a destacar

Os dispositivos en xeral ten bo funcionamento, o que demostra que un traballo ben feito no primeiro momento é seguridade para despois.

O maior foco de disfuncionalidad está no servizo de Internet, e a wifi, que en ocasións é a propia empresa “R” quen erra no servizo, sen posibilidades nosa de solucionar.

11.3 Propostas de mellora

Coa ampliación do Equipo de Dinamización TIC, pretendo facer un equipo preparado para axudar aos compañeiros docentes e o equipo directivo na utilización de plataformas dixitais e recursos en rede que faciliten o volcado da docencia na rede, facilitando ao profesorado menos avezado a súa incorporación á docencia on line.



11.4 Actividades realizadas

Neste apartado, non vou describir as actividades realizadas, que polo confinamento non se pudo realizar ningunha.

11.5 Proposta de Actividades

Engado este derradeiro apartado pola necesidade de realizar varias actividades de cara ao curso que ven.

Unha enquisa que enviaréi a dirección, para o profesorado, para poder valorar as dificultades e necesidades da súa docencia, intentado valorar asé mesmo a capacitación dixital do claustro.

Unha exposición para o claustro e docentes interesados, en Setembro das plataformas dixitais de mellor uso, gratuitas e de fácil asimilación, así como os recursos para ás redes que mellor poden adaptarse ao noso tipo de docencia. Esta exposición correrá a cargo dos componentes do EDTIC.



12. Coordinación da biblioteca

12.1 Obxectivos para o curso

Colocar e ordear os libros nos andeis da nova sala de lectura.

Catalogar o material conseguido o ano pasado a través do PLANBE e o Club Enxeñar.

Catalogar o material doado polo CSM de Vigo.

Catalogar o material obtido a través dunha doazón anónima e listado do mesmo.

Organizar o arquivo de pianistas acompañantes.

Colocar uns carteis coas signaturas dos libros de consulta para mellorar a visualización dos mesmos e facelos máis accesibles.

Facer uns carteis coas letras do alfabeto para delimitar os libros de lectura.

Ordear e revisar semanalmente as partituras de préstamo.

Recuperar e devolver ao Meiga os libros entregados fora de prazo no curso anterior.

Comprobar que as partituras catalogadas como métodos aparezan como tal no apartado de materias.

Trasladar os discos de vinilo á sala de lectura para facer espazo para dicionarios e enciclopedias.

Reciclaxe dos DOG antigos en papel.

Clasificar os libros de lectura en diferentes categorías. Infantil, adultos, galego, castelán, poesía, teatro e xogos musicais.

Recatalogar libros e partituras que ao revisar os andeis non tiñan as signaturas correctas.

Cambiar a ubicación dos métodos que están nas aulas de percusión.



Facer o pedido dos libros do Club Enxeñar.

-Obxectivos acadados

Durante os primeiros meses do curso se ordearon os libros de consulta da sala de lectura.

Os discos de vinilo foron trasladados e os DOG reciclados.

Procedeuse á catalogación de case todo o material novo, o proceso viuse interrompido polo cese das clases o 13 marzo. Os libros restantes se rematarán sen problema no primeiro mes do curso.

Fíxose a recatalogación dos libros e partituras e a reubicación dos métodos de percusión.

O arquivo dos pianistas acompañantes está terminado e trasladado de ubicación.

Os profesores Berta Fresco e Sergio Lorenzo estiveron revisando e ordeando as partituras nas súas horas de garda. Dende aquí quero agradecer o seu traballo.

Recuperación de todo o material devolto fora de prazo excepto unha partitura para cuarteto de acordeóns.

Os carteis coas sinaturas dos libros de consulta colgáronse na parede.

O pedido do material necesario para o Club Enxeñar fíxose en marzo e foi xestionado durante a penúltima semana de maio. Ópera Prima está pendente de recibilo.

-Obxectivos non acadados

Por falta de tempo non se puideron facer nin a revisión dos métodos, nin os carteis coas letras do alfabeto para os libros de lectura nin a clasificación dos mesmos.

Os carteis específicos coa signatura dos libros de consulta, ideados para colocar



nas vitrinas, non foron pegados, xa que o aumento do material supuxo ter que cambialos de andel varias veces. Ata que teñan o seu lugar definitivo non se colocarán.

A placa co nome da persoa que fixo a doazón dos discos de vinilo quedou pendente de moverse para a nova vitrina. Intentamos intercambiar as portas de cristal pero non eran compatibles.

12.2 Aspectos positivos a destacar

Sendo o meu primeiro ano como coordinadora da biblioteca quero trasladar o meu máis sincero agradecemento ao equipo directivo pola dispoñibilidade total para calquera consulta ou axuda, especialmente a do secretario, co que tiven máis contacto, por ter sido coordinador con anterioridade e ser o encargado do material do centro.

Tamén aos profesores que aprenderon a catalogar e prestar e se preocuparon polo bo funcionamento da biblioteca. Especialmente a Fran Bouza, Gonzalo García e Berta Fresco que estiveron comigo os venres pola mañá movendo e ordeando o material, e a Baldomero Barciela e Gloria Rodríguez (encargada do Club Enxeñar) pola súa dispoñibilidade e implicación en todo momento.

12.3 Propostas de mellora

A biblioteca dun centro escolar é un ben común, e aínda que somos conscientes, tódolos anos desaparece material. Este curso foron dúas partituras de clarinete pertencentes ao pedido de partituras do curso 2018-2019 que non estaban nin catalogadas. Fago un chamamento á responsabilidade de cada un de nós para coidar o que é de todos.

Comentar nos departamentos cómo sería máis doado atopar as partituras nos andeis. Por exemplo, hai instrumentos nos que os estudos están catalogados como métodos e outros nos que non. A homoxeneidade é fundamental para facer o proceso de búsqueda máis sinxelo.



13. Club de Lectura: Club ensinar

13.1 Finalidade

Creación de micropezas teatrais-musicais a través dun taller-club de lectura, emprego do enxeño, escritura, creación e interpretación. A xustificación de que non se centre soamente na lectura é, que o alumnado deste centro de ensinanza non obrigatoria, xa conta con clubs de lectura nos seus colexios ou institutos, polo que engadimos outras destrezas anexas á lectura, e propias dun centro artístico como é o conservatorio de música.

13.2 Datos do centro

Conservatorio Profesional de Música de Vigo, código 36024471

Nome do Club de Lectura: Club Enxeñar

Participantes: 1 único grupo de 11 alumnos/as de xeito permanente, 2 pais e 1 profesora colaboradores como pianistas acompañantes, e 1 profesor integrante do club tamen de xeito permanente (novidade este curso).

13.3 Calendario de reunión

Tódolos venres de 17 a 18 horas na biblioteca e aula C16 dende o 4 de Outubro ata o 12 de Xuño, para a investigación, lectura, debate, creación, escritura e interpretación sobre a evolución das personaxes de ópera ao longo da historia.

Actividades desenvolvidas durante esas reunións:

1º trimestre: Investigación a través dos libros cos que conta o centro e o club (axudas da Dirección de Centro e Recursos Humanos 2015/16, 2016/17, 2017/18 e 2018/19), ou a través de internet, sobre distintas óperas de diferentes épocas históricas, traballo individual realizado por cada membro do club e relacionado cos seus intereses musicais. Elección dunha personaxe a representar por cada alumno/a.



2º trimestre: Elaboración dun argumento teatral por parellas, tríos ou individuais segundo o interese do alumnado, e que deberá conter partes musicais para que cada integrante do club cante un fragmento dunha aria de ópera; posteriormente se fai unha exposición das ideas e unha votación para levar a cabo o guión máis interesante. Ensaio teatral por grupos, e musicais de xeito individual para compondor unha letra en galego adaptada á aria escollida.

3º trimestre: Confinamento pola pandemia do COVID19, que nos leva a mantelas reunións semanais vía WhatsApp, e a adaptala representación á nova realidade: Elaboración do vestuario individualmente co que temos na casa, interpretación teatral a través de vídeos por cada membro do club, grabación en MP3 dos acompañamentos pianísticos de 9 arias a cargo da profesora Susa Pérez, e outras 2 arias a cargo do profesor David Váscenez e do pai Peter Jensen. Para rematar, montaxe ao meu cargo, dun tráiler dun minuto e 3 vídeos de 5 minutos cada un, correspondendo ás 3 esceas ideadas en Febreiro, e adaptadas agora para filme. O tráiler foi colgado no canal de youtube do conservatorio o día 27 de Maio dentro da actividade “soadendeacasa”, así como no Facebook. A primeira escea o 29 de Maio, e as restantes serán compartidas durante a primeira quincena de Xuño de xeito excepcional (a actividade lectiva remata no cmus o 29 de Maio), xa que precisamos máis tempo para poder adaptarnos a este tipo de representación, sobretudo respecto á montaxe das esceas mediante a aplicación imovie).

13.4 Títulos lidos

Non so foron lidos libros enteiros (toda a colección de ópera para nenos, coa que conta a nosa biblioteca), senon tamen fragmentos de enciclopedias sobre a historia da ópera. O idioma dos textos era o castelán, o idioma empregado entre os integrantes do club para as conversas o galego. Tamen foron consultadas diferentes webs, moitas delas en inglés.



13.5 Materiais elaborados

Un argumento distribuido en 3 esceas e coa configuración das personaxes por parte de cada membro do club (traballo individual e de conxunto). 1 guión teatral con partes musicais elaborados polo club (traballo conxunto). Composición de 11 letras en galego para 11 fragmentos de arias de ópera. Grabación de 6 vídeos, 2 fotos e 1 audio por parte de cada alumno e alumna integrante do club, e 2 vídeos, 1 foto e 1 audio por parte do profesor integrante do club. Grabación de numerosos vídeos de illas, oleaxes e paisaxes en xeral por parte da coordinadora. Montaxe do tráiler e de 3 esceas co material anteriormente citado, por parte da coordinadora e directora do proxecto.



14. Memoria da sección bilingüe

14.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

Configurado por un total de once alumnos

-Alumnado por materia

Catro alumnos de conxunto de guitarra dos cursos de 2º e 3º de Grao profesional.

Sete alumnos de RTA distribuídos en catro de cuarto e tres de sexto.

14.2 Obxectivos do profesorado para o curso:

Dado que éste é o ano de peche do ciclo 2018-2020, compre recoller os datos e facer unha análise en profundidade do traballo desenvolvido. Así os obxectivos xerais do proxecto bianual eran:

O desenvolvemento das competencias básicas, conectando aprendizaxes previas coas aprendizaxes en curso, dado que se establecen no alumnado hipóteses de todo tipo (lingüísticas e cognitivas), que de xeito continuado se someten a verificación (“aprender a aprender”).

Unha mellora na adquisición da lingua dado que se utiliza para aprender en contextos comunicativos e con carácter significativo.

O fomento dunha apertura cultural. O coñecemento e uso doutras linguas permite poñer en relación outros xeitos de percibir e describir a realidade, despertando o interese por outras culturas e xeitos de pensar, achegándonos a actitudes tolerantes, creando sentimento de unidade e relación.

Preservar e fomentar a creatividade innata en todos o alumnado, o que supón **aprender facendo e aprender a aprender**, fomentando a súa autonomía.



Traballar o autocoñecemento e a autoestima.

Mellorar a interdisciplinariedade, promovendo a continuidade das materias implicadas coa harmonía e instrumento de xeito bidireccional.

Investigar o proceso educativo en todos os seus aspectos:

Adequar as ensinanzas ao perfil de aprendizaxe de cada alumno/a, previa análise e ^Lelaboración do mesmo.

Coido que podemos considerar acadados todos estes obxectivos xerais, facendo unha análise positiva dos mesmos.

Dun xeito mais particular, e para éste curso en concreto, a intención era poder dar o salto a que a comunicación fora permanentemente en inglés, feito conseguido coa meirande parte do alumnado.

Os obxectivos relativos ó idioma eran:

Empregar o *Inglés* como idioma vehicular na aula.

Coñecer e utilizar o vocabulario relacionado coa materia no *idioma*.

Coñecer e utilizar o o vocabulario relacionado coa interpretación musical no *idioma*.

Coñecer e empregar terminoloxía musical do repertorio no *idioma*.

Coñecer e utilizar o cifrado americano como ferramenta básica.

Confeccionar todo tipo de materiais no *idioma*.

Os **contidos** eran os xerais recollidos na programación da materia.

No caso da materia de Conxunto engadiranse á programación os contidos que seguen:

Análise e interpretación de obras do repertorio escollido con indicacións en inglés.

Traballo audiovisual do material empregado en inglés.



14.2.1-Obxectivos acadados

Todos, destacando o uso da lingua inglesa na práctica totalidade das clases (salvo momentos puntuais) e con moi boa resposta por parte dos alumnos.

14.2.2-Obxectivos non acadados

Ningún

14.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A receptividade do equipo directivo fronte á organización da sección bilingüe en todo momento.

14.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Sería moi interesante poder traballar en ampliar a sección bilingüe a outros departamentos e poder traballar no programa Erasmus +

15. Calendario de fin de curso 2019-2020

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Xuño 2020	1 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas)	2 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas) -Publicación cualificacións 6º GP e envío ao alumnado (por parte dos titores/as) do "informe individualizado" e de todos/as docentes do "informe de materia non superada".	3 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas) - Recollida de Diplomas de Premio e certificados Fin de GP (na porta de entrada ao Centro)	4 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas)	5 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas) -Entrega das PD definitivas para o curso académico 2020-2021 - Límite para entrega do informe das coordinacións ao director -Data límite entrega de memorias dos Departamentos e Seccións Bilingües -Límite carga de cualificacións (21:00 h.)
	8 -Corrección cualificacións -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas)	9 -Corrección cualificacións -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas)	10 -RECOLLIDA DE IMPRESOS E INSCRICIÓN (na porta de entrada ao Centro) PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GE E 1º GP (9:00 a 13:00 horas)	11 -Avaliación ordinaria non presencial (10:00 h.)	12 -Publicación cualificacións ordinarias curso académico 2019-2020 e envío ao alumnado (por parte dos titores/as) do "informe individualizado" e de todos/as docentes do "informe de materia non superada".
	15 -Matrícula 2ºGE (9:00-13:30 h.) -Reclamación de cualificacións do presente curso académico	16 -Matrícula 3ºGE (9:00-13:30 h.) -Reclamación de cualificacións do presente curso académico	17 -Matrícula 4ºGE (9:00-13:30 h.) -Reclamación de cualificacións do presente curso académico	18 -Matrícula 2ºGP (9:00-13:30 h.) -Reclamación de cualificacións do presente curso académico	19 -Matrícula 3ºGP (9:00-13:30 h.) -Reclamación de cualificacións do presente curso académico
	22 -Matrícula 4ºGP (9:00-13:30 h.) -Reunión de departamentos citados para reclamacións (10:00 h.) -PUBLICACIÓN DE TRIBUNAIS, INSTRUCCIÓN E HORARIOS CONCRETOS PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º GP	23 -Matrícula 5ºGP (9:00-13:30 h.) -Reunión da xefatura de estudos con presidentes de tribunais de acceso a 1º GP (11:00 h.)	24	25 -Matrícula 6ºGP (9:00-13:30 h.) -Probas de acceso a 1º GP (Mañá e/ou tarde)	26 -Matrícula extraordinaria (9:00-13:30 h.) -Probas de acceso a 1º GP (Mañá e/ou tarde)
	29 -Publicación das cualificacións probas de acceso a 1º GP (15:00 h.)	30 -Claustro fin de curso (09:30 h.) -Reclamación de cualificacións probas de acceso 1º GP	1 -Matrícula 1º GP (9:00-13:00 h.) -Reclamación de cualificacións probas de acceso 1º GP	2 -Matrícula 1º GP (9:00-13:00 h.) -Reclamación de cualificacións probas de acceso 1º GP	3 -Reclamación de cualificacións probas de acceso 1º GP
	6 -Reclamación de cualificacións probas de acceso 1º GP	7 -Reunión dos tribunais citados para reclamacións de GP (10:00 h.)	8	9	10